

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 24

SESION ORDINARIA DO 23 DE DECEMBRO DE 2005

ASISTENTES

Excma. Sra. Alcaldesa
Alonso Vázquez, Xulio
Arias Moreira, José Carlos
Barros Puente, Miguel
Bermúdez Pérez, Silvia
Caballero Miguez, Gonzalo
Calviño Rodríguez, Xullo
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Cotobad Tombo, Elías Carlos
Couto Pérez, José Manuel
Fernández Fernández, Amador
Figueroa Vila, José Manuel
Graña Barcia, María Luisa

Guerra Fernández, Javier Jorge
Iglesias Carrera, José Manuel
López-Chaves Castro, Ignacio Javier
Martíns Vilanova, Margarida Rosa
Méndez Piñeiro, María Xosé
Molares Pérez, Lucía Emilia
Polo Lima, María Soledad
Porteiro García, María Josefa
Ruiz Cenicerros, Mauricio
Sío Lourido, Belén
Soto Ferreiro, Manoel
Toba Girón, Xabier
Vieitez Alonso, Henrique

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e doce minutos do día vintetrés de decembro do ano dous mil cinco, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D^a M^a Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Puente, Bermúdez Pérez, Caballero Míguez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Cotobad Tombo, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón e Vieitez Alonso, actuando como Secretario Xeral Accidental do Pleno que asina D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a tódolos Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral, don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-los asuntos da orde do día.

Antes de comezar a sesión, a Corporación Municipal, máis todos os asistentes no Salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio polas mulleres vítimas da violencia doméstica.

1.- (287).-ACTAS ANTERIORES. (SESIÓNS ORD. 26.09, EXTR. 21.10 E ORD. 04.11)

(No momento da votación está ausente a Sra. Molares Pérez)

Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase aprobar as actas do Pleno correspondentes ás sesións orodinaría do 26 de setembro e extraordinaria e ordinaria do 4 de novembro de 2005.

2.- (288).-DAR CONTA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO 02.11.05 RELATIVA Ó NOMEAMENTO DO PRESIDENTE DO TRIBUNAL ECONÓMICO ADMINISTRATIVO MUNICIPAL.

ANTECEDENTES.- Con data 2 de novembro de 2005, a Alcaldía-Presidencia dictou a seguinte resolución:

“O Pleno do Concello na súa sesión de data 27.09.04 procedeu ó nomeamento dos membros que integran o Tribunal Económico Administrativo Municipal cuxo Regulamento Orgánico aprobouse en sesión de data 14.06.2004 e publicouse no BOP de data 15.06.2004.

Con data de 02.11.2005 o funcionario municipal Técnico de Administración Xeral e Presidente do Tribunal Económico, D. Alfonso Ramos Covelo, previa autorización outorgada polo Pleno do Concello na súa sesión de data 27.06.2005, tomou posesión como Xerente do ente local Consorcio Casco Vello de Vigo en réxime de comisión de servizo, producíndose con isto a vacante da Presidencia do órgano colexiado mencionado.

O art. 3.6 do Regulamento do Tribunal advirte que nos casos de ausencia, e, en xeral cando concorra algunha causa xustificada, ó Presidente substituirao o Secretario, así mesmo o mesmo precepto sinala que, cando algún dos membros do Tribunal non poida exercer as súas funcións durante un período prolongado de tempo será suplido, mediante nomeamento accidental acordado pola Alcaldía, por un funcionario que reúna os requisitos sinalados no artigo 3.2 do Regulamento.

De conformidade co exposto esta Alcaldía resolve:

S.Ordinaria 23.12.05

Primeiro.- Nomear Presidente do Tribunal Económico Administrativo Municipal en substitución de D. Alfonso Ramos Covelo e ata a conclusión da Comisión de Servizos conferida a este funcionario para o desempeño do cargo do Xerente no Consorcio Casco Vello de Vigo a D. Miguel Miranda Pan, Secretario do dito Tribunal.

Segundo.- Nomear a D. Luis Cadarso de la Peña, funcionario municipal da Escala de Administración Xeral e da Subescala Técnica de Administración Xeral, Secretario accidental do Tribunal Económico Administrativo Municipal, funcións que deberá compatibilizar coas que actualmente desempeña no seu posto de Xefe de Servizo de Patrimonio.

Terceiro.- En virtude do especial rendemento requirido e dado o carácter obxectivo das retribucións que se citan, os funcionarios nomeados percibirán, durante o período que desempeñen as funcións mencionadas e en concepto de produtividade, a diferenza retributiva que poida existir entre os Complementos de Destino e Específico dos postos que son titulares e os postos para os que se lles nomea provisional e accidentalmente.

Cuarto.- O tempo no desempeño accidental das funcións ás que se refiren os nomeamentos en ningún caso computará a efectos de consolidación do grao persoal dos afectados.

Quinto.- Notificar a presente resolución ós funcionarios interesados e ós departamentos municipais de Persoal, Tesourería e Intervención Xeral.

Sexto.- Da presente resolución darase conta ó Pleno na vindeira sesión que realice este órgano."

A Presidencia da conta do anterior ó Pleno da Corporación quedando enterado.

3.- (289).-DAR CONTA DO CUMPRIMENTO DE DECRETO DA ALCALDÍA DO 7 DE XULLO DE 2005, RELATIVO ÓS GASTOS REALIZADOS PARA O MANTEMENTO DA EDAR DO LAGARES.

ANTECEDENTES.- Con data 7 de xullo de 2005, a Alcaldía-Presidencia resolveu iniciar con carácter de emerxencia a contratación dos servizos necesarios para:

1.- Procedementos encamiñados ó realoxamento dos veciños afectados nos momentos en que se produzan situacións de maior risco.

2.- Realizar actuacións a curto prazo que permitan a redución dos cheiros xerados así como mellorar a xestión e explotación da mesma.

3.- Realizar o diagnósticos, control e seguimento de situación ata que se teña un dictame das causas.

Con data 16 de decembro de 2005, o técnico supervisor de Medioambiente, coa conformidade do concelleiro delegado, formula o seguinte informe-proposta:

"En cumprimento do decreto da Alcaldía de data 7 de xullo do 2005, e ante a situación de emerxencia producida polo mal funcionamento da Edar do Lagares, esta Concellería de Medioambiente realizou gastos por importe de 299.234,71 Euros, que se relacionan de seguido:

1.- HOTEL COLA	5.347,86 Euros
2.- HOTEL COLA.	1.446,64 Euros
3.- HOTEL HESPERIA	2.496,74 Euros
4.- HOTEL HESPERIA	3.817,76 Euros
5.- HOTEL HESPERIA	697,11 Euros
6.- HOTEL HESPERIA	656,98 Euros
7.- HOTEL HESPERIA	656,98 Euros
8.- GRAN HOTEL SAMIL	11.954,85 Euros
9.- HOTEL MÉXICO	2.061,56 Euros
10.- VIAJES DURÁN	2.354,06 Euros
11.- LOS GALEONES	3.386,55 Euros
12.- HOTEL HESPERIA	2.903,45 Euros
13.- HOTEL HESPERIA	120,38 Euros
14.- IBB ENSENADA	2.600,10 Euros
15.- LOS GALEONES	8,343,86 Euros
16.- HOTEL HESPERIA	16.050,00 Euros
17.- LOS GALEONES	.865,01 Euros
18.- ADANTIA	16.000,00 Euros
19.- INGENIERA DE VERTIDOS	56.074,40 Euros
20.- FUNDACIÓN ENERXIA DE VIGO	11.600,00 Euros
21.- GALAICONTROL	3.756,08 Euros
22.- NOVOTEC	6.960,00 Euros
23.- GALICONTROL	10.474,80 Euros
24.- WORKS GESTION DE MANTENIMIENTO	6.782,08 Euros
25.- ACT SISTEMAS S.L.	83.666,80 Euros
26.- LIBRAMENTO A XUSTIFICAR	609,06 Euros
27.- JOAN CURTO BONET	4.176,00 Euros
28.- NOVOTEC	4.338,40 Euros
29.- INGENIERIA DE VERTIDOS	28.037,20 Euros

As actuacións levadas a cabo foron supervisadas pola comisión técnica de seguimento ambiental das depuradoras do Lagares e de Teis, constituída o 11 de agosto de 2005 e como resultado das mesmas elaborará un informe sobre o funcionamento e propostas de mellora na Edar do Lagares."

Polo anteriormente exposto o técnico de Medioambiente propón dar conta ó Pleno deste Concello da anterior relación de gastos producidos polo mal funcionamento da depuradora.

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do 19 de decembro dictamina favorablemente.

DEBATE.- SR. TOBA GIRÓN: A nosa intervención será breve, non en canto ó fondo do expediente do que vostedes dan conta, pois en boa medida é un expediente que deriva mesmo da adopción de acordos plenarios postos en marcha por iniciativa da oposición, coido lembrar que particularmente do Partido Socialista, e polo tanto estamos totalmente de acordo.

Si queremos expresar dalgún xeito a nosa inquedanza na medida en que, como o entendimos por información do Sr. Figueroa, boa parte dos problemas que tivemos ó longo dos últimos dous anos co funcionamento da estación depuradora poderían vir derivados da mala xestión realizada da propia EDAR por parte da empresa concesionaria. Iste é un tema do que nalgunha ocasión o Sr. Figueroa nos expresou, vouno definir coma esta "sombra de sospeita", pero que en todo caso trouxo consigo, se así fora e o Sr. Figueroa informaranos cando coide conveniente se houbo esa mala xestión hai que definir dous núcleos de responsabilidade da empresa concesionaria. En primeiro lugar as molestias que soportaron os veciños e veciñas que non foron pequenas, pero en segundo lugar é que paliar esas molestias custou algo ó erario público, foi máis ou menos pero custou algo, ese algo que se define polo menos parcialmente no expediente do que hoxe nos dan conta e estou falando particularmente dos realoxamentos.

Queremos dicir con iso que o noso Grupo, independentemente de que non imos premer neste tema porque así o temos acordado entre os catro Grupos, si que queremos demandar do responsable político, Sr. Figueroa, de vostede mesma, Sra. Presidenta, que persegua esa posible responsabilidade e que, caso de existir, a empresa concesionaria repare ó erario público os gastos que agora aceptamos e que vostedes realizaron e nós aceptamos que realizaran.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Pediríamoslle ó Sr. Voceiro do BNG logo da súa intervención que compartimos plenamente, que isto non quede só nunha exposición, nun debate no que non hai votación senón que coma moción de urxencia o tratemos neste mesmo Pleno tomando o acordo no mesmo sentido que el ven de expoñer.

SR. SOTO FERREIRO: Para me manifestar exactamente na mesma dirección dos dous compañeiros que me precederon no uso da palabra.

SR. FIGUEROA VILA: Por suposto que o Goberno tamén se vai manifestar no mesmo sentido dos tres Grupos anteriores, o único dar unha explicación: os informes elaborados polos técnicos municipais do Concello están totalmente

rematados, só nos falla o informe do asesor dos veciños, unha persoa que víu de Barcelona e que nos dixo que nuns días o teriamos aquí e cando o teñamos reuniremos á Xunta de Voceiros.

En calquera caso se vostedes presentan esta moción nós si a imos apoiar pero pensamos, e niso quedamos, que nesa Xunta de Voceiros debateremos todas as conclusións e mesmo coido que con todas as propostas sería bo facer un dictame para traer ó Pleno. Por suposto que imos incidir nas conclusións e no dictame que saia desa Xunta de Voceiros cando teñamos o informe do técnico que nos falla.

Do anterior a Alcaldía Presidencia da conta ó Pleno da Corporación quedando enterado.

4.- (290).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PG RELATIVA A NOVA AUTOVIA ENTRE AROUSA, PONTEVEDRA, MORRAZO, VIGO, MOS E PORRIÑO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 2 de decembro de 2005, o voceiro do Grupo municipal do PG formula a seguinte moción:

"Os habitantes da cidade de Pontevedra non teñen bos enlaces por autovía pra estaren ben unidos coa meseta e máis con Portugal. Ó mesmo tempo, os 90.000 cidadáns que viven na península do Morrazo están absolutamente afogados por unhas comunicacións decimonónicas (os fins de semana as ringleiras de tráfico parecen as das procesionarias). A todos os efectos, compre asumir o feito de que no Morrazo viven máis habitantes ca na mesma cidade de Pontevedra.

E a ese número tan importante de cidadáns e tan mal comunicados, cumpriría sumarlle a crecente poboación flotante do verán e, mailo incremento de poboación que comportará a inmediata construción do novo Parque Industrial de 1.000.000 m² previsto nesa zona pra atoparnos, case de xeito inmediato, diante dun panorama de tráfico caótico.

Pensar que tan graves problemas de comunicación poden seren solucionados coa construción dunha vía rápida está fóra da realidade. Porque, polo dito, esa comunicación debería ser construída como autovía. E xa. E aínda así sería unha solución absolutamente insuficiente.

Témo-la obriga de darlle solucións eficaces ó mal enlace de Pontevedra coa meseta e máis con Portugal e dende logo ós gravísimos problemas de comunicación da segunda área de poboación da provincia de Pontevedra, ó Morrazo, xa que ten unhas comunicacións deficientes coa capital da provincia e tamén coa primeira área de poboación e de asentamentos

industriais de Galicia, con Vigo. Está claro que é, máis ca conveniente, necesario. E perfectamente posíbel como de seguido demostraremos.

En efecto, a proposta dunha nova autovía polo interior feita no seu día polo anterior Goberno do PP (consistente nunha alternativa á A-9 polo interior), non solucionaría os principais problemas que temos nas comunicacións viarias da zona e mesmo aínda os agravaría.

Segundo os plans anunciados, esa nova autovía sería de peaxe pra liberalizar a ponte de Rande cando menos, ou mesmo a autovía Pontevedra-Vigo como teñen dito representantes da Xunta. Xa que logo, todos os tráxicos que actualmente van pola N-550 pasarían á actual A-9 ó quedar libre de peaxe, dadas as diferencias abismais das características entre as dúas comunicacións. É dicir, que sucedería exactamente o mesmo que está a ocorrer co novo tramo de autovía A-9 entre Vigo, Porriño e Tui. E ademais... ¿cómpre lembrar que hoxe en día xa temos a ponte de Rande cunha carga de tráfico problemática?

Soamente coa construción simultánea dunha nova ponte sobre a Ría se podería solucionar a monumental concentración de tráfico que se produciría con esa proposta. E nese caso, ó custo da proposta feita pola Xunta no seu día cumpriría sumarlle o da construción da nova ponte, como máis adiante indicamos.

Por outra banda, inda que entre Pontevedra e o Confurco a nosa proposta ten 9 km. máis ca feita pola anterior Xunta de Galiza, polo dito, os pontevedreses aforrarían moito tempo e moitos cartos con ela.

A única razón válida que se ten dado pra xustificar a alternativa da Xunta é que así se beneficiaría unha zona máis deprimida. Iso parécenos ben, pero non a costa de deixar con pésimas comunicacións a quen o precisan xa, porque na zona do Morrazo temos un tráfico que está a abafar a cidadáns, industria, comercio e turismo. Agora ben, se aceptasen sumar a súa proposta coa nosa...

En fin que, como cómpre administrar co maior rigor posíbel os cartos de todos, pra comezarmos a facer o máis necesario e urxente, temos que poñer a mirada sobre a área da provincia de Pontevedra na que está inserido o Morrazo, de xeito que a visión sexa así máis panorámica pra podermos dar solucións o máis integradoras posíbeis. Con esa perspectiva de análise facémo-las nosas propostas:

1.- TRAMO DE AUTOVÍA PONTEVEDRA-MORRAZO-VIGO-MOS-O PORRIÑO

Que se constrúa unha nova autovía, de uso gratuíto, pra comunicar a zona de Pontevedra coas áreas de Vigo, Mos e O Porriño cara a Madrid, Portugal e Baiona e viceversa. Esta traza decorrería pola actual autovía entre Pontevedra e Marín (que cumpriría mellorar), dende onde atravesaría a península do Morrazo, tería a oportuna intercomunicación coa Vía Rápida en construción (que debería ser transformada en autovía xa) e logo atravesaría a Ría de Vigo por unha nova ponte de 2 km. sobre a lámina de auga, fronte ó comezo do tramo da autopista A-9 entre Rande e Puxeiros, que como é sabido está libre de peaxe porque, amáis de cumprir coas súas características de autovía, está a servir de circunvalación de Vigo.

Esta nova traza, que propoñemos vaia pola costa cunhas pendentes máximas do 5% e un radio de curvas mínimos de 500 metros, cumpriría cos obxectivos do proxecto anunciado pola anterior Xunta de Galiza, que como se dixo iría polo interior, pero ademais é moitísimo máis plurifuncional, xa que responde a un concepto moito máis integrador pra unha importantísima parte da provincia de Pontevedra. É dicir, que ten moi amplas vantaxes sobre o proxecto do interior como son:

1.1.- Entre Pontevedra e Vigo, os habitantes servidos pola autovía do interior serían uns 20.000 habitantes de Redondela (este Concello ten 10.000 habitantes máis que por seren de Chapela non se verían afectados por esa alternativa), máis uns 5.000 habitantes de Soutomaior-Arcade. En total uns 25.000 habitantes, contra os actuais 90.000 do Morrazo ós que beneficiaría o noso proxecto (máis á poboación complementaria do verán e máis ó incremento que produza o novo Parque Industrial). E ademais están as poboacións de Mos (14.000 habitantes) e O Porriño (17.000 habitantes).

1.2.- En lugar dos aproximadamente 47 km. construíríanse 19, o que suporía un importante aforro nos diñeiros do investimento, xa que en troco de 600.000.000 € precisaríanse 440.000.000 € entre Pontevedra e Vigo.

1.3.- Pra que esta autovía sexa perfectamente operativa cumprirá que o tramo da actual autovía entre Vigo e Porriño pase a ter curvas cun radio mínimo de 480 m. e unhas pendentes máximas do 6%, pra que se poida circular por ela a 120 Km./h. Pra iso teríanse que construír dous túneles de 500 metros cada un. O custo destas reformas ascendería a 33.000.000 euros.

1.4.- Coa construción da nova autovía que propoñemos, a actual estrada N-550 que vai polo fondo da Ría, quedaría moi descargada de tráfico, beneficiando así notablemente ás comunicacións dos habitantes das zonas de Soutomaior-Arcade e Redondela co resto da súa contorna.

2.- TRAMO DE AUTOVÍA PONTEVEDRA-SANXENXO-O GROVE-VILAGARCÍA

Pra dar solucións máis integrais e moito máis integradoras da zona, propoñemos tamén construír outra nova ponte entre o Morrazo (na zona de Pontevedra) e Sanxenxo, que tería 2'4 km. sobre a lámina de auga, seguida das unións correspondentes por autovía coas cidades de Sanxenxo, Vilagarcía e O Grove. Este trazado deberá ter unhas pendentes máximas do 5% e radios de curvas mínimo de 500 metros.

2.1.- Esta ponte sobre a Ría de Pontevedra e a súa unión con Sanxenxo custaría uns 220.000.000 €, e a unión con Vilagarcía, coa transformación da vía rápida prevista entre Vilagarcía e Sanxenxo en autovía, custaría uns 40.000.000 euros máis. (Quedan por definir polo miúdo os enlaces desta autovía con ambas cidades, que acaso se puidera facer mediante as oportunas circunvalacións).

Asemade, cumpriría transformar a actual Vía Rápida en autovía dende a zona de Sanxenxo ata O Grove, o que custaría uns 22.000.000 euros.

Deste xeito a área de Arousa quedaría ben comunicada coa área de Pontevedra, coa de Vigo e máis cara a Madrid, Portugal e Baiona.

Como exemplos podemos citar que habería unha unión moitísimo mellor entre Pontevedra e a área de Vilagarcía e tamén coa de Sanxenxo-O Grove-A Toxa.

Ou que se aforrarían uns 22 km. entre Sanxenxo e Vigo (pasarían de 57 km. a 35), ou que a viaxe entre Vilagarcía e Vigo levaría 30 minutos en troco da hora que adoita levar hoxe en día.

2.2.- No eido dos investimentos, compre subliñar que a alternativa que nós propoñemos, a prolonga da actual autovía das Rías Baixas (por certo que hoxe en día non é moi rigoroso chamarlle así xa que só chega a Vigo), daría un servizo infinitamente mellor pra todas as comunicacións (habitantes, industria, portos, aeroporto zonal e turismo) e ademais sería máis barata ca proposta pola Xunta de Galiza no seu día.

De feito, contra o investimento duns 600.000.000 euros que propuxeron cunha traza que, como xa xustificamos con argumentos claros, non só non resolvería os problemas de tráfico máis fundamentais, senón que aínda os agravaría máis, a nosa proposta custaría uns 473.000.000 euros e daría solucións moitísimo mellores á práctica totalidade dos problemas contemplados.

Teñamos presente que ó custo da autovía do interior cumpriría sumarlle o custo da imprescindible nova ponte sobre a Ría de Vigo, cousa que, independentemente da súa necesidade actual, polo dito anteriormente pasaría a ser extremadamente urxente.

Esa ponte custaría, cos seus correspondentes accesos, uns 180.000.000 euros, polo que a suma da autovía do interior e a da ponte suporía un investimento de 780.000.000 euros, contra os 473.000.000 euros da nosa alternativa inicial. Ou contra os 755.000.000 de euros que nós propoñemos se se inclúe unha nova ponte sobre a Ría de Pontevedra con unións por autovía con Sanxenxo, O Grove e Vilagarcía.

2.3.- Coa nosa proposta, infinitamente máis integral e integradora, Marín, Vilagarcía e Vigo, os tres portos máis importantes da provincia de Pontevedra, quedarían ben unidos, cousa importantísima pra o futuro económico desas áreas, pra o da Provincia e mais pra o de Galicia.

2.4.- Os puntos de maior interese turístico da provincia de Pontevedra, a súa costa (Baiona, Cambados, O Grove-A Toxa, Morrazo, Sanxenxo, Vilagarcía e Vigo), pasarían a estaren ben comunicados entre si e co aeroporto. E compre lembrar que o turismo, en expansión nestas zonas, xa é un importante pilar das nosas economías e cada día aínda o será máis, entre outras razóns por ser un gran xerador de emprego.

3.- AS PEAXES DE RANDE E REDONDELA

Outrosí propoñemos que se pacte con Autopistas do Atlántico unha moratoria nas peaxes da ponte de Rande e Redondela con Vigo, ata que entre en servizo a nova alternativa que estamos a propoñer, que debería ser de uso gratuíto.

Con ese obxectivo cumpriría facer os cálculos oportunos das perdas de viaxeiros previstas no período de interrupción do pagamento das peaxes, pra ampliar a concesión o tempo preciso de xeito que se equilibren as perdas de viaxeiros producidas pola tal moratoria.

Daquela, no momento de entrada en funcionamento gratuíto da nova autovía, as peaxes da ponte de Rande e Redondela con Vigo volverían entrar en vigor durante os anos que se acorden.

Por último dicir que somos conscentes de que a circulación pola ponte de Rande veríase transitoriamente incrementada ata que se rematen as obras da nova ponte (polo que é a parte da nova autovía máis urxente de construír), pero sería un custo de incomodidade temporal pra podermos ter logo un futuro infinitamente mellor en todas as ordes. E todas as obras comportan molestias...

Consonte co antedito propoñemos:

1.- Propoñerlle ó Ministerio de Fomento que se constrúa de xeito inmediato unha nova autovía, coas características denantes indicadas, que una as rías de Arousa, Pontevedra e Vigo con Mos e O Porriño.

2.- Asemade, que se pacte un acordo con Autopistas do Atlántico pra que, namentres esa nova autovía non entre en funcionamento, teñamos unha moratoria nas peaxes da ponte de Rande e Redondela con Vigo.

3.- Pedirlle á Deputación de Pontevedra e máis á Xunta de Galicia que se sumen ás nosas propostas e as apoiem diante do Ministerio de Fomento.

4.- Pedirlle ós Concellos directamente afectados: Bueu, Cangas, Marín, Moaña, Mos, O Grove, O Porriño, Pontevedra, Redondela, Sanxexo, Soutomaior, Vilaboa e Vilagarcía, que apoiem esta alternativa diante do Ministerio de Fomento."

A comisión informativa de Medio Ambiente e Patrimonio Histórico, na súa sesión do día 19 de decembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: Presentamos unha alternativa viaria que digo graficamente que cando a presentei publicamente, dixen que na nosa opinión é ás comunicacións estradais o que foi Cerdedo ás comunicacións ferroviarias, é dicir, partindo dunha idea, dun proxecto neste caso da Xunta de Galicia e máis de Fomento, esa chamada autovía polo interior entendemos e demostramos ó longo da nosa proposición con achegas de datos moi concretos, que hai unha alternativa moito mellor que daría solución ó principal problema que se procura que é unha conexión directa da cidade de Pontevedra coa autovía de Madrid sen pasar por Vigo, falo do obxectivo que se marcaron cando presentaron o proxecto de autovía interior para entendérmonos.

A solución que nós propoñemos, que en custo é semellante e aínda algo inferior ó que propón Fomento pola distancia de comunicación que propoñen, ten unhas melloras evidentes.

A que propón Fomento vai polo interior e o único argumento que se deu é que melloraría unhas zonas que agora mesmo non están moi ben desenvolvidas. Iso

é certo e nós non teríamos problema en aplicar ese tipo de criterios pero nunca desatendendo o principal hoxe na provincia de Pontevedra, que é axudar á vertebración, no sentido máis amplo da palabra, dos tres portos da provincia de Pontevedra: Vilagarcía, Marín e Vigo; ás comunicacións do aeroporto do sur coa provincia de Pontevedra, con todas esas áreas máis, evidentemente, os arredores: Sanxenxo, A Toxa, O Grove, etc.

Polo tanto comunicar e vertebrar as comunicacións portuarias, darlle unha boa drenaxe ás comunicacións aeroportuarias, darlle unha boa comunicación ós mellores enclaves turísticos da provincia de Pontevedra. Todo iso acádase coa nosa alternativa que foi meditada durante meses, traballada e estudada polos nosos colaboradores e por ideas achegadas por todos nós; a primeira, lémbroo para seren xustos, foi de D. Agustín Arca que foi o primeiro que dixo en Vigo que habería que facer unha segunda ponte sobre a ría. Logo mesmo D. Xulio Alonso profundizaba nesa idea dicindo que había que furar e ir cara ás outras rías. Esas ideas que uns e outros fomos dando, recolléronas os nosos asesores técnicos e déronlles unha forma concreta que é a que hoxe lles presentamos.

Ademais disto hai polo medio un problema que solucionar moi grave, é o problema da comunicación do Morrazo onde hai 90.000 habitantes e dicímolo así de claro, porque a cidade de Pontevedra ten menos habitantes dos que ten o Morrazo e teñen unha comunicación moi mala. Agora coa chamada vía rápida hai un desafogo pero non é unha solución. A interconexión desas comunicacións con esta nova autovía crearíanos unha infraestrutura que realmente nos permitiría traballar no futuro e máis na área do Morrazo, onde non só hai que comunicar á poboación senón que tamén se vai instalar aí un parque industrial dun millón de metros cadrados que evidentemente vai producir unha concentración industrial.

Non lle poñemos polo tanto a esta idea máis chata teórica posible que deixar esa parte do interior sen unha comunicación. Esta é a primeira que hai que facer, a máis importante, a que liberaría realmente de peaxe a Rande. Ten demasiados bens engadidos esta moción para non seren estudada en detalle e polo miúdo.

Se ademais se quere facer esa do interior non digo que non, pero non nos enganemos porque a Nacional 550, a comunicación interior entre Vigo, Redondela, Soutomaior, etc., quedaría absolutamente liberada porque ninguén que tivera que ir entre Pontevedra e Vigo iría por aí tendo esta nova comunicación, quedaría polo tanto liberada esa comunicación e sería exclusivamente para o interior.

De todas estas combinacións sae a proposta que lles facemos e pedimos que se eleve ó Ministerio de Fomento.

Tamén propoñemos coma paréntese que Rande sexa gratuito mentres non se faga esta autovía, que se fagan os estudos pertinentes porque evidentemente é unha concesionaria privada e sabemos que as cousas as hai que facer ben, que non se pode pedir que se suprima xa a peaxe porque non o van facer e están no seu dereito, pero o Goberno si pode establecer un pacto para facer cálculos obxectivos de qué tipo de perdas de viaxeiros tería Rande neste intre de tempo para logo cunha prolonga da concesión realmente compensarlle dos posibles danos sufridos.

Tamén pedimos que a Deputación de Pontevedra, porque afecta ó conxunto da provincia de Pontevedra, e a Xunta de Galicia nos apoiem diante de Fomento. Así mesmo pedimos dirixírmonos ós Concellos máis directamente afectados, porque afectados de maneira indirecta son mesmo algúns máis, pero ós máis directamente afectados para que estuden esta alternativa, que a fagan de seu e que entre todos a saquemos adiante.

SR. TOBA GIRÓN: Dende o noso punto de vista a moción que presenta o Sr. Soto non se acae ós tempos políticos nin ó ámbito de decisión deste Pleno. A nosa opinión está claramente manifestada dende hai tempo.

Esa comunicación interior, que non é máis ca continuación da A-57 e que estivo en exposición ó público recentemente e na que nós presentamos unha serie de alegacións, non é secundaria e quen o pense así non entende que as infraestructuras deben ser capaces de ordenar o territorio, de definilo e nuclealo. Esa comunicación estudouse no ano 99 nun estudo encargado polo Consorcio da Zona Franca a instancias da Corporación daquela e ten unha virtualidade moi potente para Vigo que é comunicar a área metropolitana e polo tanto definir o espazo xeográfico territorial da propia área metropolitana. En segundo lugar atender de vez a un espazo da área sur de Pontevedra que non é as Rías Baixas, que son as zonas interiores e que lamentablemente foron marxinadas durante moito tempo da comunicación, dando lugar a procesos de despoboamento, de perda de comunicabilidade, elemento hoxe crucial no desenvolvemento de calquera estrutura coma unha área metropolitana.

Polo tanto non vou concretar agora o trazado, a alternativa unha, a dúas, a tres, a catro..., coido que hai ata oito, non é este o momento pero dende logo conceptualmente está ben concebido, permite estruturar ben a nosa área metropolitana.

En segundo lugar nós coidamos que ese trazado non é ningunha alternativa a Rande e aí discrepamos de quen mantivo unha posición distinta pero o dicimos con toda a claridade: a peaxe de Rande ten que rematar, cóstanos que hai compromisos para a rematar do propio Presidente do Goberno galego e da Administración central. Nós agardamos que se remate definitivamente coa peaxe de Rande.

En terceiro lugar hai acordado no PEIT unha traza que debe ser estudada ó longo dos próximos anos polo Ministerio de Fomento e sinceiramente conta en principio co noso apoio. Non imos entrar discutir se as curvas son de 500 e a pendente é de 5, 6, ou 4 porque iso o haberá que estudar tecnicamente, pero acordamos xa e está moi avanzado o acordo político nas instancias centrais arredor do PEIT; malo sería descolocármonos agora dun acordo que en principio semella que todos os Grupos que temos representación no Congreso dos Deputados apoiamos, malo sería que o Pleno da Corporación saíra rompendo a pata dun banco que por unha vez con respecto a Galicia semella ter tres patas e iso é magnífico cando se fala dun tipo de infraestrutura que xa ten carácter rexional e non local.

En cuarto lugar as propostas de acordo, xa non entrando na definición de aspectos, que algúns sinceiramente compartimos, por exemplo a comunicación dos tres portos de interese xeral da costa das Rías Baixas é unha comunicación interesante que debe ser estudada porque permitiría unha maior funcionalidade da nosa acción portuaria, do conxunto desta cornixa, pero independentemente diso e sen entrar a debater en concreto, coidamos non acertadas as propostas de acordo que define o Partido Galeguista.

Como di o punto 1 do acordo, que o Pleno da Corporación de Vigo lle propoña ó Ministerio de Fomento que construa de xeito inmediato unha nova autovía con esas características, cando nestes momentos a A-57 tivo a exposición ó público o estudo informativo, estudo do que agora terán que contestar as alegacións que presentara quen presentara, semella que é poñer, xa non o carro diante dos bois, senón descolocar todo o carro completo.

Nós non queremos pactar ningún acordo con Autopistas do Atlántico, queremos que se cumpran os compromisos políticos, que os hai, e que se libere de peaxe Rande. Ese é o compromiso político e o que hai que executar nos próximos anos. Non imos liberar a ninguén dese compromiso, non o queremos facer porque agora xa parece firme por primeira vez. Eu non son consciente de que tarde máis ou menos, tardará o que teña que tardar pero o noso Grupo quere ver liberado de peaxe Rande e non queremos negociar nada con Autopistas do Atlántico.

Pedirlle á Deputación de Pontevedra e á Xunta de Galicia que apoien estas propostas perante o Ministerio de Fomento sería sinxelamente tirar contra o acordo do PEIT e pular ademais a que a Administración provincial, a local, a Deputación provincial e o propio Goberno galego se enfronten ó propio acordo que temos coa traza do PEIT; é desacertado politicamente. Queremos que nunha infraestrutura que hai que estudar con suficiente coidado, que vai ser de futuro, descolocar os acordos que se van colocando? Non é a posición do noso Grupo, nós somos partidarios de avanzar nesas infraestruturas con acordos e a medida que avancemos con acordos non os descolocar, avanzar xuntos responsablemente.

Pedirlles ós Concellos directamente afectados que apoien esta alternativa diante do Ministerio de Fomento, non, porque eu estiven reunido con algúns dos responsables políticos destes Concellos falando da A-57 e sei dos problemas que teñen con esta vía por exemplo en Mos, por poñer un caso, tamén no Porriño e en Pontevedra e Redondela co tema da circunvalación e sería desacertado politicamente. Máis aínda, sería desacertado politicamente que o Pleno da Corporación adoptara o acordo de apoio dun trazado que incumbe a outras administracións: á Administración autonómica e á central e tamén que incumbe a outros Concellos, moitos deles conformadores connosco da área metropolitana, que nestes momentos fóramos demandándolles apoiar un acordo que ademais se enfronta ó definido no PEIT. Sinceramente, nese sentido parécenos unha moción politicamente desacertada, mesmo que haxa algún aspecto que o noso Grupo recolle para seren estudado.

A moción non é rigorosa en termos políticos e non a vou xulgar en termos técnicos porque para iso están os enxeñeiros. Mal faría a Corporación de Vigo se aprobáramos un acordo que define unha traza que propón pontes sobre rías coas que nós non somos nin lindantes. Mal construíramos o acordo, que en todo caso será necesario, poñendo enriba da mesa agora algo que sinceramente pode ser un soño pero que dende logo non é un proxecto político.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Decía o Presidente Fraga (saben que o título de Presidente é vitalicio aínda que evidentemente non o cargo) ó remate dalgunhas das súas intervencións: "Dixen". Eu podería dicir o mesmo, diría "dixen" logo da intervención do Sr. Toba.

Queroo manifestar así porque vexo con absoluta satisfacción que o rigor se trae a un debate que en Vigo coido que estaba empezando a ser totalmente

desacreditado: o debate da falla de atención por parte de quen ten capacidade para o facer de dotar a esta cidade e ó seu contorno das infraestructuras imprescindibles para o seu desenvolvemento económico. Está claro que sen infraestructuras non hai desenvolvemento e que nós vivimos nunha zona periférica na que hai moitos anos de abandono nesta materia. É lóxico, sempre o dixemos cando intervimos neste tipo de debates, a ansiedade que os cidadáns de Vigo e os seus representantes políticos podemos ter porque ese tempo perdido se recupere.

Polo tanto, Sr. Soto, co maior respecto coa súa iniciativa que entendemos é produto desa ansiedade histórica que compartimos, diríamolle que efectivamente a súa proposta ó que ven é a ralentizar aínda máis no tempo as solucións que neste momento están presentadas e que son realizables, que están previstas por primeira vez nun plano estratéxico de infraestructuras terrestres que ten en conta a Galicia por suposto, pero no que nos atinxe á provincia de Pontevedra, de xeito serio e coido que consonte coas nosas necesidades, isto suporía dilatar moitísimo a concreción dun proxecto que coido que está bastante ben presentado coma moi ben argumentou antes ca min mesma o voceiro do BNG.

A proposta que ten neste momento enriba da mesa o Ministerio de Fomento está presentada en base á demanda, a unha demanda que está xustificada pola necesidade de mellores infraestructuras e comunicación para o intenso tráfico de vehículos, de mercadorías, de cidadáns que se produce na nosa provincia. É un proxecto que vai desdobrar a estrada que comunica Vilagarcía e Pontevedra e conectar por unha nova autovía Pontevedra-O Porriño e Pontevedra-Puxeiros. É unha intervención que xa está en marcha e vai superar os 650 millóns de euros, falando en pesetas: os cen mil millóns de pesetas. Son evidentemente unhas vías que van producir iso que a vostede lle preocupa e por iso coido que hai unha coincidencia de fondo coa súa preocupación.

Non quero descalificar á súa iniciativa, quero buscar o punto de encontro que lle motive a vostede a facela para traela a esta posición.

Busca a vertebración dunha grande área urbana, dunha mega cidade que se está conformando en Galicia xa e que vai efectivamente dende Vilagarcía ata a fronteira con Portugal, dunha área na que xa hai unha poboación de perto de 700.000 habitantes e actúa ese Plan que está previsto no Plano Estratéxico de Infraestructuras terrestres onde hai esa auténtica demanda que é o desdoblamento da AP-9 e da antiga estrada nacional 550. Estamos falando de que se vai facer unha auténtica vía de circunvalación da área metropolitana Vigo-Pontevedra en conexión con Arousa para vertebrar, para ordenar e integrar esa área de 700.000 cidadáns galegos.

Polo tanto, coma estamos a falar de proxectos que xa están en marcha e que están configurando a masa crítica precisa para dotar a Vigo desa grande

aspiración, que estou segura que todos os que estamos aquí compartimos, de centralidade non só xeográfica, senón xa estratéxica da grande eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, entedemos que a súa iniciativa o que faría sería alterar un proceso que xa está en marcha e que o que temos que pedir é que teña a maior velocidade posible.

Ademais estas novas vías das que estamos a falar coinciden co que vostede formula, o que pretenden é conectar os centros económicos industriais e de servizos máis importantes de toda a área sur de Galicia, toda a zona portuaria e industrial de Vilagarcía, o futuro polígono industrial Meis-Barros de Pontevedra, o polígono industrial do Campiño en Pontevedra, a área industrial de Redondela, a conexión da vía Puxeiros-segundo cinto co polígono de Valladares, con Citroën e coa área portuaria de Vigo. A esta actuación poderíamos engadirlle a nova autovía Vigo-0 Porriño que, coma vostede sabe, o seu proxecto constructivo se vai licitar o ano que ven, a conexión de Peinador coa AP-9, a conexión Pontevedra-Puxeiros, a conexión Pontevedra-0 Porriño polo Confurco, a conexión Arcade-Redondela-Peinador-Puxeiros, que se acaba de adxudicar o pasado 7 de novembro o estudo informativo.

Non se pode dicir que nesta materia non se estea traballando, coido que se está traballando efectivamente con sentido de vertebración e de integración e sobre todo tendo moi claro onde queremos chegar.

Polo tanto, qué poderíamos facer na nosa intervención? Nós entendemos que o seu ámbito normal de debate político sexa o Concello de Vigo, é onde vostede ten capacidade de representación política. Entendemos en troques que esta é unha proposta que tería que ter o seu espazo lóxico, coma se dicía aquí, ben no ámbito do Parlamento Galego, ben no do Parlamento Español onde é evidente que vostedes aínda non teñen representación. Os que temos representación alí tamén defendemos os intereses de Vigo e da provincia de Pontevedra.

Fíxose unha exposición pública, coma lle acaban de dicir, do Plan de Infraestruturas Terrestres e estamos traballando nesa dirección. Non é a bandeira do desenvolvemento económico das infraestruturas de Vigo propia de ningunha forza política en particular, coido que por primeira vez estamos traballando de xeito eficaz neste sentido e faría unha vez máis, non é a primeira vez que o fago, un chamado a ir todos detrás do que son bos proxectos e tamén que vaiamos xuntos cando non haxa unha atención, cando haxa un descoido, algunha falla para coa cidade de Vigo. Pero se está

traballando e ben e, por favor, poñámonos todos detrás e non retrasemos iniciativas, proxectos que xa están en marcha.

En consecuencia, anuncio o voto negativo do Partido Socialista.

SR. FIGUEROA VILA: Moi breve porque coido que está case todo dito, poderíamos entrar en matizacións de diversas consideracións pero non o imos facer, coido que o importante é un pronunciamento claro sobre o fondo do tema.

O noso Grupo ven apoiando esta proposta dende hai tempo, mesmo dende a propia Corporación cando se puxo enriba da mesa e por suposto que nós imos rexeitar a moción e imos apoiar o que agora mesmo está trazado e figura nese estudo informativo ó que mesmo xa se fixeron alegacións. Por suposto que poderíamos incidir nos argumentos da vertebración da zona sur de toda a área metropolitana, da conexión Vilagarcía-Pontevedra, dos polígonos industriais que agora mesmo están en marcha, por suposto tamén de liberar a peaxe de Rande, pero coido que son debates coñecidos por todos e non imos incidir neles porque nos parece redundar novamente nos argumentos que xa se verteron aquí e mesmo a través dos medios de comunicación xa o estamos facendo continuamente todos os voceiros e representantes desta Corporación. Polo tanto e para que a cidadanía o saiba claramente nós imos dar o apoio a esa proposta de estudo informativo con esa alegación, da que coido que xa se falou na Xerencia de Urbanismo e mesmo se remitiu ó Ministerio por parte do Concello, da conexión desa nova autovía co aeroporto de Peinador que é fundamental para nós e que ademais está recollida tamén na aprobación inicial do Plan.

Nós imos votar en contra e apoiar a proposta que agora mesmo está enriba da mesa dese estudo informativo que loxicamente nos preocupa tamén e que teremos que entrar a debater porque, coma dicía o voceiro do BNG, é certo que hai preocupación doutros concelleiros doutras cidades, mesmo coma representante deste Concello na Deputación, coma o Sr. Toba, podo dicir que nas últimas horas houbo algunha xuntanza informal entre concelleiros de diversos municipios para tratar este tema e mesmo algún representante dun grupo político está tentando facer unha xestión para ver se podemos ter unha conversa co Ministerio para clarificar un pouco cal vai ser o trazado e ver as inquedanzas da cada un dos Concellos que poidamos estar afectados. Coido que neste senso no noso Grupo imos todos da man nunha proposta de fondo na que estamos de acordo e logo nas formas cada quen fará as matizacións que coide oportunas. Isto non quere dicir que esteamos de

acordo totalmente con este estudo informativo pero para iso está o período de alegacións e as negociacións e o traballo que temos que facer de agora en adiante cada un dos representantes de cada un dos Concellos.

SR. SOTO FERREIRO: Vou comezar polo que me resulta máis fácil que é o dereito que calquera cidadán, calquera partido ten de opinar e de alegar e polo tanto que nós, naturalmente coma demócratas, somos partícipes deses dereitos en todos os sentidos pero mordazas ningunha, nin siquera as anunciadas con moita educación.

O Partido Galeguista presentou unha alegación formalmente en tempo e prazo a esa construción e fixo esta proposta respectuosamente ó Ministerio de Fomento por entender que é unha contribución positiva.

Sr. Toba, a vostede pódennlle parecer mellor ou peor as nosas proposicións en función dos intereses que vostede cre que debe defender politicamente, pero os adxectivos coma "romper patas de banco" déixeos para vostede porque nós non rompemos nin gobernos, nin patas de banco, niso son vostedes especialistas e no "NON" tamén. Nós proporcionamos unha alternativa constructiva dende o noso punto de vista, que produce vertebracións moi importantes que non produce o que hai en marcha, entroutras cara ó Morrazo, porque o Morrazo coas propostas que vostedes din queda coma estaba e polo tanto sen unha mellora que permita unha conexión mellor para todos, máis obxectiva, dos habitantes que alí hai e do parque industrial dun millón de metros cadrados que se está empezando a construír, máis ca máis.

En política coma en tantas cousas hai que saber correr de fondo. Nós de ningún xeito imos renunciar a este proxecto, ímolo defender coas canles que nos dá a lei en todos os foros posibles e será un dos nosos nortes. Xa veremos a quen lle dá a razón o tempo. Algúns estamos acostumados a ver pasar ás veces máis de dúcias de anos para que o tempo nos dea a razón.

Por exemplo, señores da Corporación e señores Partidos políticos, na conexión do primeiro cinto coa avenida de Portanet. Cando eu era Alcalde trouxen a este Pleno un acordo con Fomento, había orzamentos de Fomento e aquí nesta Corporación non houbo votos para o facer. O tempo quita e dá razóns e vai dar e quitar razóns nisto tamén, lamentablemente tarde para o benestar que podería producir esta comunicación, na nosa opinión, pero suficientemente a tempo para que algún día outras xeracións vivan mellor.

Con esa confianza presentamos esta moción; con esa confianza e sen o espírito dos cristiáns que ían morrer na fogueira ímola poñer a votación integramente e con esa confianza ímola defender en todos os foros posibles.

E sen deixar de tocar outro tema que apareceu aquí polo camiño: falar de que esa autovía polo interior vertebra mellor a área metropolitana... Eu non sei de que área metropolitana falan, mesmo se falan dese cativo proxecto que quedou aquí no seu día, desnortado, fóra de lugar chamado área metropolitana que chegou polo anterior Goberno da Xunta de Galicia ó Parlamento Galego, nin ese siquera, ou non é área metropolitana a zona de Baiona, a do Morrazo...? cánta máis área metropolitana vertebra un proxecto ca o outro? Vostedes dar argumentos de que isto xa está aí, de non se mover, de non facer ondas nin ruidos, todos eses argumentos do inmovilismo. Se lles parece peor a moción que presentamos, cousa que me parece moi respectable, coma argumento o podo aceptar pero o de "non fagan ondas que están movendo algo", déixenme poñelo ás caladas, igual que coa peaxe de Rande porque van varios e variados compromisos dalgúns que gobernaban en España e que poideron cambiar iso, naturalmente falo do Partido Popular que fixeron non sei cantas promesas e non o cambiaron.

Sobre o de Rande este Grupo presentou mocións aquí que se aprobaron por unanimidade pero pasaron anos e Rande segue coma estaba; se se resolve agora, díganme a quen lle poñemos unha vela, pero aínda o hei mirar e déixenme que teña a precaución, logo de escoitar e sentir non sei cantas veces que se ía facer e non se fixo, de ter unha desconfianza razoable que estaría encantado de tirar á terra cando se resolva problema e ademais por quen o ten que resolver.

Non me vale nin me vai valer xamais santificar un acordo, se realmente aparece unha idea que pode mellorar un proxecto polo camiño, en ningún caso, ese tipo de inmovilismo humán, político ou coma queiran non coido que sexa bo motor para ningún tempo nin para ningún proxecto.

Polo tanto nós estamos por un proxecto, insisto, que calquera que o contemple verá moito máis vertebrador, que daría moitas máis solucións cas que dan outros proxectos e que en todo caso non e incompatible, dicimos nunha parte da moción que se queren facer os dous proxectos e aí non entramos, pero se só queren facer un, iste é infinitamente máis vertebrador e dá máis servizos que o outro á área metropolitana de Vigo, á provincia de Pontevedra e polo tanto a Galicia.

Con ese ánimo presentamos esta moción e segueremos polas canles instituídas coma tales, tentar falar coas persoas que teñen responsabilidades sobre estes asuntos para tentar os convencer de que isto é mellor que o que temos.

(No momento de votación está ausente o Sr. Guerra Fernández).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con vinte e catro votos en contra dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Puente, Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Cotobade Tombo, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figuroa Vila, Graña Barcia, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerós, Sío Lourido, Toba Girón, Vieitez Alonso e a Presidencia, e dous votos a favor dos Sres. Alonso Vázquez e Soto Ferreiro, acórdase:

Rexeitar a moción formulada polo voceiro do Grupo municipal do Partido Galeguista, Sr. Soto Ferreiro, relativa a unha nova autovía entre Arousa, Pontevedra, O Morrazo, Vigo, Mos e O Porriño, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.- (291).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PG RELATIVA Á ALTA VELOCIDADE EN GALICIA E NORTE DE PORTUGAL.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 15 de decembro de 2005, o voceiro do Grupo municipal do PG, Sr. Soto Ferreiro, formula a seguinte moción:

"Hai xa anos, cando era Alcalde de Vigo, presentei publicamente a idea de que Galiza e o Norte de Portugal deberían traballar cara a unha integración económica e social maior e mellor, porque iso beneficiaría grandemente ós seus habitantes e contribuiría de paso a engrosar o PIB de España e Portugal. Tamén dixen daquela (aí están as hemerotecas pra quen as queira ver), que se Vigo facía os seus deberes podería estar chamada a ser a capital "fáctica" da Eurorexión resultante.

Entón, aquela idea que se presentaba por primeira vez non pasou de espertar sorrisos ou desprezos (por certo, como agora co da Provincia de Vigo e tamén neste caso o tempo nos dará a razón). Traballei a prol da fórmula de nos irmandar co Concello de Porto (ja de brincadeiras que tiven que soportar por iso no mesmo Pleno da Corporación!). Logo creouse o Eixo Atlántico, mais as dúas fórmulas navegan de xeito cativo entre as indiferencias oficiais pola cegueira dos políticos gobernantes a todos os niveis.

O certo é que os gobernos de España e Portugal non se teñen dado boa maña en axudar á Cooperación Transfronteiriza entre Galiza e o Norte de Portugal dun xeito nin salientábel nin rigoroso. E unha boa Cooperación Transfronteiriza é un ben necesario, cousa pola que as accións que se correspondan con estes criterios teñen o apoio permanente da Unión Europea.

As relacións de todo tipo que mantemos entre o Norte de Portugal e Galiza son importantes e crecentes. Mesmo nalgúns aspectos ben relevantes. E sen embargo os gobernos de Portugal e España están remisos en nos dar un trato igual ó que lle dan a outras zonas dos nosos países respectivos. Último exemplo: o da Alta Velocidade.

Eiquí non paramos de criticar as derradeiras actitudes do goberno portugués neste eido, cousa que, respectuosamente, nós tamén facemos. Pero tamén compre dicirlle ó Goberno de España que condenamos sen paliativos que se vaian investir sobre douscentos cincuenta e sete millóns de euros (257.000.000 €), pra facer un novo super-porto innecesario por estar xusto enfronte do que aínda está sen rematar alí ó lado, o de Ferrol, cidade e comarca que por certo precisan de investimentos moitísimo máis ca A Coruña pra poderen saír da crise económica na que se atopan. ¡Que aberración! ¡Que disparate!

Porque, por exemplo: ¿non estarían mellor investidos eses cartos na Alta Velocidade? Repárese en que nos queren vender un proxecto de Alta Velocidade de segunda división pra o Eixo Atlántico, con anuncios de velocidades de cento e pico quilómetros por hora e parvadas semellantes. Ou que aínda non temos respostas concretas sobre as variantes de Cerdedo ou sobre a de Lubián.

Por outra banda, hai tempo que o Concello de Vigo non toma iniciativas de auténtico calado político cara ó futuro da nosa cidade, da nosa Área Metropolitana, de Pontevedra e do sur de Galiza. O goberno municipal vigués practica políticas de moi curto prazo, mesmo unicamente con criterios de partido, buscando soamente o rédito electoral, sen entrar en problemas auténticamente transcendentales. Anda permanentemente ensarillado nunca política fotográfica do día a día con inauguracións, flores e foguetes sen conto, sen atreverse a entrar en políticas de gran calado de xeito constructivo. Nesas políticas só fai críticas indiscriminadas, por máis que teñan razón de ser, pero sen ofrecer axudas obxectivas cara á solución dos nosos problemas máis importantes.

No Partido Galeguista andamos noutra onda e por iso facemos unha proposta concreta sobre un dos temas máis importantes pra o noso futuro como vigueses e como galegos.

Consonte co antedito propoñemos:

1.- Demandarlle ó goberno español un pronunciamento claro e contundente do seu compromiso coa construción da Alta Velocidade en Galicia, con indicacións precisas de características técnicas das obras a realizar, tempos de viaxe previsto dende as grandes cidades galegas e o calendario de obras.

2.- Dentro dese proxecto, o compromiso inequívoco de que se construírán as variantes de Cerdedo e a saída Sur de Vigo, de xeito que as obras destas alternativas rematen ó mesmo tempo ca as do resto de Galicia.

3.- Co obxectivo de axudar a definirmos proxectos conxuntos sobre a explotación da Alta Velocidade entre o Norte de Portugal e Galiza, propoñer os sucesivos encontros bilaterais que se consideren convenientes cos Concellos do Norte de Portugal, comezando polas Cámaras das cidades de

Porto, Braga, Valença, Vilanova de Gaia, etc. Eses encontros realizaríanse entre delegacións dos axentes políticos e sociais de cada parte.

4.- Convocar ó Consello Social de Vigo pra lle propor a conformación dunha delegación da que formarían parte a Xunta de Voceiros do Concello de Vigo xunto con representantes das institucións presentes no CS que se estimen máis convenientes cara ós obxectivos que se perseguen.

5.- Enviar os documentos que axuntamos a todos os membros do CS de Vigo pra que os analicen e se o consideran oportuno presenten as emendas que puidesen estimar convenientes, pra definírmo-lo documento marco que presentaríamos como base de traballo nas xuntanzas antes amentadas.

6.- Con independencia do anterior, realizar unha Xunta de Voceiros monográfica da que poderían saír ideas de como revitalizar e potenciar a Institución do Eixo Atlántico.

PROPOSTA DO PARTIDO GALEGUISTA SOBRE AS LIÑAS DE ALTA VELOCIDADE E DE MERCADORÍAS EN GALICIA

Exposicións argumentais:

Temos entre mans un dos proxectos máis transcendentais da historia de Galicia: o novo proxecto ferroviario que debemos establecer pra aproveitarmos a implantación da Alta Velocidade. O ferrocarril, que ten un decidido apoio da Unión Europea, será un eixo fundamental dos transportes futuros porque, entre outras moitas vantaxes, ten a de satisfacer as sensibilidades dos que queremos mellorar o medio ambiente, ó tempo que procuramos aforro enerxético, xa que un ferrocarril ben deseñado é un dos medios de transporte menos contaminante, que substitúe en boa parte a coches, autobuses, camións e avións, cousa que significaría traballar a prol de políticas sostíbeis, e unha importante axuda pra podermos cumprir as determinacións de Kyoto.

Temos que aproveitar a oportunidade da implantación da Alta Velocidade pra facermos un proxecto vertebral, polivalente, moderno e de futuro, xa que pouquísimas veces teñen os pobos na súa historia unha ocasión pra implantar un modelo ferroviario practicamente novo.

Un proxecto ferroviario que axude decisivamente, dunha vez por todas, a unha vertebración racional do País co exterior, singularmente coa meseta e con Portugal. E un proxecto que, pra ser vertebral, precisa tamén intercomunicar o noso interno: as nosas principais cidades, as áreas industriais, os portos, aeroportos e, cando sexa posíbel, outros medios de transportes colectivos como as estacións de autobuses.

E ademais dun proxecto vertebral precisamos que sexa polivalente pra que resolva os problemas das comunicacións de viaxeiros de longo percorrido, de (na linguaxe ferroviaria), tráfico rexionais, de proximidades e de mercadorías.

Precisamos un proxecto que sexa moderno, o que equivale a dicir que deberá ter as condicións técnicas que o fagan competitivo con automóviles, autobuses e avións por unha banda e cos camións pola outra. Ou sexa, que permita explotacións rendíbeis, polo que precisaremos as velocidades e condicións técnicas que máis adiante indicamos pra viaxeiros e mercadorías,

ainda que neste último caso compre recoñecer que, dentro de parámetros de velocidades racionais, o maior reto virá pola banda da fiabilidade no cumprimento dos tempos de transporte e máis nas chegadas a horas fixas.

Asemade, tamén necesitamos un modelo ferroviario que, sen deixar de atender debidamente ó presente, contemple as condicións máis convenientes pra incorporar as melloras que nos aspectos técnicos se albiscan cara ó futuro.

E conste que, lamentablemente, no eido da vertebración xa dimos pasos en mala dirección, porque os trazados que sobre a Alta Velocidade se decidiron no seu día foron, son e serán un erro que prexudicará a Galicia ó non termos elixido a construción dunha única liña principal no noso País, como por exemplo fixeron os cataláns, xa que se trata de concentrar o máximo número de pasaxeiros posíbel pra que o binomio frecuencias-rendibilidade funcione debidamente.

Abofé que foi unha mágoa que non se aceptase no seu día a proposición que fixemos do trazado chamado en L: Ourense-Porriño-Vigo-Pontevedra-Santiago-Coruña-Ferrol, ou tamén chamado en T, que é a mesma traza anterior maila visualización da conexión con Portugal. En ambos casos, con independencia do necesario complemento coa antena Lugo-Monforte-Ourense.

Unha soa liña de Alta Velocidade real, tería solucionado do mellor xeito posíbel as conexións ferroviarias galegas: en tempos totais, ó sumarlle ós tempos de viaxe os tempos de espera, pola multiplicación de frecuencias que iso suporía, xa que entón Galicia podería ter 21 trens diarios en cada sentido. Ademais os investimentos a facer serían moito menores, co que as obras poderían ser construídas antes.

Ese proxecto procuraría unha mellor solución pra toda Galicia e por iso mesmo pra a provincia de Pontevedra, a gran prexudicada dentro dos nefastos anuncios que non paran de facerse sobre a Alta Velocidade. Anuncios que inicialmente afastaban practicamente a Alta Velocidade da área máis poboada de Galicia, a máis industrial e ademais coa alta capacidade turística das Rías Baixas. Trataremos pois, con singular atención e con alternativas propias e axeitadas, o mal trazado ferroviario previsto pra provincia de Pontevedra.

En efecto, ó non prosperar a nosa tese da traza única e co obxectivo de non deixarmos á provincia de Pontevedra cun pésimo trazado de Alta Velocidade, tivemos que proxectar unha solución razoábel, a conexión por Cerdedo pra enlazar no Carballiño coa liña Santiago-Ourense, que aforra tempos de viaxe e por riba é máis barata ca prevista por Fomento pola beira do Miño.

Se botamos unha ollada ó longo dos anos que levamos nesta loita (fomos o primeiro partido político en defender estas teses que máis tarde pareceron aceptar todas as forzas políticas e sociais), vimos como os proxectos de Fomento dos gobernos anteriores tamén eran criticados no Congreso dos Deputados pola oposición, que pedían Alta Velocidade real e non aquelas lerias de "trens de altas prestacións" e eufemismos similares...

Compre lembrar que daquela anunciábanse primeiro unións de Vigo con Madrid en catro horas e media (4h.30m.), logo en catro horas (4h.), logo en tres horas e media (3h.30m.), logo dúas horas e cincuenta e un minutos (2h.51m.) e así, nunha especie de anuncios-poxa de tempos ata chegar, xa ó final do mandato governamental anterior, a que (¡por fin!), se aceptasen as nosas

teses de tempos Vigo-Madrid, a través de Cerdedo-Carballiño, en dúas horas e trinta e catro minutos (2h.34m.). Ese sería o tempo de viaxe porque aquel goberno non tiña asumida a nosa proposta pra mellorar o proxecto de Lubián.

E agora, se o Goberno actual pretendese non realizar as nosas propostas perderíamo-la posibilidade de rendibilizar moito máis o ferrocarril, xa que poderíamos ter 16 trens diarios por sentido coa achega de viaxeiros que loxicamente prevemos do norte de Portugal, debido a que co noso proxecto o traxecto Porto-Madrid faríase en tres horas (3h.).

Porque a nosa alternativa pra o sur de Galicia, a conexión ferroviaria do norte de Portugal con Madrid e o resto de Europa vía Cerdedo-Carballiño, sería rendíbel en tempo e máis en economía pra os viaxeiros portugueses.

O Partido Galeguista proclama que, neste capital asunto, loitará en todos os foros posíbeis ata conseguir un trato digno pra Galicia e por iso nunca inferior a cerna das razoábeis propostas que facemos. Este asunto será condición indispensábel pra poder gobernar con nós en calquera ámbito.

Propoñemos pois abrir un tempo político novo, pra traballarmos neste tema dun xeito obxectivo a prol de Galicia, cun gran pacto ferroviario de todos os partidos que hai no noso País pra negocialo de seguido co goberno de España (pacto que podería ser ampliado logo ó resto das grandes infraestructuras precisas pra vertebrarmos debidamente o territorio galego).

E compre pactar o proxecto integral que queremos primeiro pra, de seguido, podermos chegar tamén a acordos sobre os recursos e prazos técnicos, económicos e financeiros precisos pra súa realización.

Consonte co dito propoñemos:

O proxecto integral de Alta Velocidade pra Galicia estaría baseado nas premisas e trazados que de seguido se propoñen:

1ª. O concepto de Alta Velocidade significa circular a máis de 250 km./h. (hoxe en día a 350 km./h. como está previsto na liña Santiago-Ourense).

2ª. Todos os trazados de Alta Velocidade serán electrificados. Tamén se farán con dobre vía, agás se se estimase que nalgún tramo concreto non sería preciso hoxe en día. Nese caso as obras de fábrica deixaríanse previstas pra que no futuro se puidese implantar a dobre vía.

3ª. Propoñemos unha nova traza Ourense-Lubián, que custaría 1.500 millóns de euros pra un tempo de vintedous minutos (22m.) e aforrariáanse 100 millóns de euros e vinte minutos (20m.) respecto do proxecto de Fomento, xa que iste é case coincidente coa traza actual e custaría 1.600 millóns de euros pra un tempo de corenta minutos (40m.). A diferenza estriba en que a nova traza que propoñemos fariase con radios de 8.000 ou 9.000 metros, namentres que a do Ministerio contempla radios de 2.500 ou 3.000 metros, coincidindo ambas aproximadamente en túneles (39.750 metros) e viaductos (10.250 metros).

4ª. Cumprirá estudar os trazados polo miúdo de xeito que os aeroportos e, sobre todo e seguindo as recomendacións europeas, os portos galegos, teñan a mellor conexión posíbel coa Alta Velocidade.

5ª. De non se facer unha soa traza en Galicia (que seguimos a insistir que sería o mellor), precisamos que se acepten dunha vez por todas as nosas teses de que a provincia de Pontevedra se una coa traza principal Santiago-Ourense no Carballiño, co que poderíamos aforrar vintedous minutos de tempo (22m.), que en Alta Velocidade son un mundo (e coas connotacións que antes comentamos, máis). Ademais esta traza tería un investimento menor que a prevista pola beira do Miño.

6ª. As liñas de Alta Velocidade pra viaxeiros, por exemplo como as que preconizamos por Cerdedo e Lubián, están previstas, de acordo coas últimas innovacións tecnolóxicas, pra seren usadas no transporte de persoas a 350 km./h., e con mercadorías lixeiras entre 160 e 200 km./h. (velocidades mínimas do deseño da liña, con elementos de rodaxe apropiados, tal como se quere implantar en Francia na rede de TGV).

Neste caso os trens de mercadorías lixeiras non poderían exceder dun peso de 18 Tm. por eixo, sempre que a traza se constrúa con ramplas que teñan pendentes máximas do un coma cinco por cento (1'5%), de xeito que a explotación poida ser rendíbel ó propiciar así que os trens transporten o máximo peso posíbel de mercadorías, o que non ocorrería coas trazas previstas soamente pra pasaxeiros, que poden ter ramplas de ata un máximo dun catro por cento (4%).

7ª. A máxima velocidade pra poder transportar mercadorías pesadas (de máis de 18 Tm. por eixo) é de 140 ou 160 km./h. E a velocidade máxima que permite compatibilizar as liñas de pasaxeiros co transporte de mercadorías pesadas é de 280 km./h.

8ª. Xunta e Fomento deberán traballar arreo, de xeito que os estudos informativos e medio ambientais da traza Cerdedo-Carballiño se fagan o máis urxentemente posíbel, co obxectivo de que esta conexión poida entrar en funcionamento ó mesmo tempo que a liña Santiago-Ourense.

Por esta traza poderían ir, cunha construción en función dos datos técnicos antes indicados, ademais de pasaxeiros, as mercadorías lixeiras, fundamentalmente paquetería, autos e similares. Como se pode constatar estes artigos constitúen o maior volume de mercadorías.

9ª. De xeito transitorio, os tramos do Eixo Atlántico (Ferrol-Coruña-Santiago-Pontevedra-Vigo-Porriño), non poderán superar velocidades de 250 km./h. xa que, ata que funcione soamente o ancho internacional, terán que contar cun terceiro carril pra mercadorías, que deberá estar situado na vía máis próxima ó mar pra lle dar servizo ós nosos portos.

10ª. Ó mesmo tempo, as mercadorías pesadas (as de máis de 18 Tm. por eixo), terían que circular cunha velocidade máxima entre 120 e 160 km./h. (segundo o peso por eixo), nun caso con conexións dos portos de Ferrol e Coruña cara a Lugo e Monforte, e noutro pola liña actual da beira do Miño, co que se salvagarda a unión ferroviaria dos portos da provincia de Pontevedra e do norte de Portugal co Porto Seco de Salvaterra.

11ª. En base ós acordos de Bruxelas sobre Alta Velocidade, cumprirá facer todos os esforzos precisos pra que o ferrocarril se integre do mellor xeito posíbel en todos os lugares onde sexa conveniente e de xeito máis salientábel nos tecidos urbanos. Por iso:

11^a.1. Co obxectivo de eliminar barreiras arquitectónicas, a liña de Pontevedra irá soterrada ó longo de dous quilómetros (2 km.) a partir das agullas de entrada da estación pontevedresa pola parte de Vigo, o que permitirá urbanizar o solo de enriba das vías incluíndo unha gran avenida duns corenta e cinco metros de ancho (45 m.)

11^a.2. Tamén pra eliminar barreiras arquitectónicas, a liña de Alta Velocidade atravesará Vigo soterrada (co oportuno aproveitamento urbanístico da superficie), dende o termo municipal de Redondela ata o viaducto que irá despois de pasar a Avda. de Madrid cara a Sárdoma e Porriño.

12^a. En Sárdoma, farase un Centro Loxístico dende o que partirá a conexión ferroviaria que pasará pola beira de Citroén cara ó Porto de Bouzas.

13^a. Coas propostas técnicas que facemos e contando con lle engadir ós tempos de viaxe que logo indicamos un minuto (1m.) por cada parada, ademais dos "colchóns" que se precisan pra que se poidan cumprir os horarios, os tempos de viaxe entre as distintas cidades galegas polas que pasarán as novas trazas ferroviarias e Madrid serían:

Entre Ourense e Madrid dunha hora e cincuenta minutos (1h.50m.), entre Pontevedra e Madrid de dúas horas e oito minutos (2h.8m.), entre Santiago e Madrid de dúas horas e once minutos (2h.11m.), entre Coruña e Madrid de dúas horas e trinta e tres minutos (2h.33m.), entre Ferrol e Madrid de tres horas e cinco minutos (3h.5m.), entre Vigo e Madrid de dúas horas e vinte minutos (2h.20 m.), entre Monforte e Madrid de dúas horas e cinco minutos (2h.5m.) e entre Lugo e Madrid de dúas horas e trinta minutos (2h.30m.)

14^a. Proxectamos dúas comunicacións pra Lugo (Lugo-Monforte-Ourense e Lugo-Santiago), se ben a comunicación principal cara á meseta e Portugal deberá facerse vía Ourense, xa que esa liña vertebraría moito mellor o interior dándolle servizo á zona de Monforte tanto cara a León como cara a Ourense.

15^a. Nestes momentos, por motivos técnicos, os trens non poden pasar de 330 km./h., polo que os tempos de viaxes antes indicados sufrirán unha modificación cando proximamente os materiais ferroviarios permitan circular a 350 km./h., xa que se aforrarán dez minutos (10m.) no itinerario Ourense-Madrid, cunha repercusión algo maior aínda pra o resto das cidades galegas.

1.- TRAZADOS PRA PASAXEIROS E MERCADORÍAS PESADAS

Estarán previstas pra viaxeiros e mercadorías pesadas, en base ás premisas antes indicadas e para as velocidades que se concretan, o que permitirá que teñámo-los tempos que se significan:

1.1. Trazas pra unir o Eixo Atlántico

Serán aptas pra viaxeiros e mercadorías pesadas:

1.1.1. Ferrol-Coruña con trazado pra circular a 280 km./h., cun tempo de 25m. (máis 1m. de parada en Coruña).

1.1.2. Coruña-Santiago con trazado pra circular a 280 km./h., cun tempo de 20m. (máis 1m. de parada en Santiago) en trens de longo percorrido. Pra trens rexionais o tempo será de 25m.

1.1.3. Santiago-Pontevedra con trazado pra circular a 280 km./h., cun tempo de 19m. (máis 1m. de parada en Pontevedra).

1.1.4. Pontevedra-Vigo con trazado pra circular a 250 ou 280 km./h., cun tempo de 10m. (máis 1m. de parada en Vigo).

1.1.5. Vigo-Porto con trazado pra circular a 280 Km./h., cun tempo de 37m.

1.2. Antena Lugo-Monforte-Ourense

Este enlace servirá de conexión tanto coa meseta como co Eixo Atlántico.

1.2.1. Lugo-Monforte cun trazado pra circular a 250 ou 280 km./h., cun tempo de 25m. (máis 1m. de parada en Monforte).

1.2.2. Monforte-Ourense cun trazado pra circular a 250 ou 280 km./h. cun tempo de 15m.

1.3. Traza Lugo-A Coruña

1.3.1. Cun trazado pra circular a 250 ou 280 km./h., cun tempo de 32m.

1.4. Traza Lugo-Curtis-Santiago

Cun trazado pra circular a 250 ou 280 km./h., cun tempo de 40m.

2.- TRAZADOS PRA PASAXEIROS E MERCADORÍAS LIXEIRAS

2.1. Trazas pra unirnos coa meseta e mais co resto de Europa

2.1.1. Santiago-Ourense cun trazado pra circular a 350 km./h., cun tempo de 21m. (máis 1m. de parada en Ourense).

2.1.2. Pontevedra-Ourense, coa traza que propuxemos por Cerdedo-Carballiño, pra circular a 350 km./h., en 18m. (máis 1m. de parada en Ourense).

2.1.3. Ourense-Madrid cun trazado pra circular a 350 km./h., en unha hora e cincuenta minutos (1h. 50m.), facendo a traza de Lubián que propuxemos, de xeito que Ourense-Lubián se poida facer en 22m.

3.- TRAZADOS PRA MERCADORÍAS PESADAS

3.1. As de Ferrol e A Coruña irán por Lugo cara a Monforte e León.

3.2. As de Santiago irán pola liña actual.

3.3. As da provincia de Pontevedra irán pola actual traza da beira do Miño cara a Ourense, polo que servirá pra lle dar servizo ó Polígono Industrial das Gándaras e máis ó Porto Seco de Salvaterra (que poderá ser útil pra os

portos da provincia de Pontevedra e mais pra os do norte de Portugal), pra seguir logo cara a Monforte e León.

3.4. Débese unir Ourense-Empalme co polígono industrial de San Cibrán de Viñas por medio dun terceiro carril, xa que aínda que é unha liña de Alta Velocidade (350 km./h.), por estar ese treito nun tramo de aceleración e freada, os trens non chegarán ós 250 km./h.

3.5. Cumprirá resolver o problema do eixo Monforte-León (hoxe pra 80 km./h.), cun proxecto constructivo que permita velocidades de 220 km./h. pra todo tipo de tráfico, aínda que será unha liña especializada en mercadorías pesadas e tráfico rexionais.

ANEXO Á PROPOSTA DO PARTIDO GALEGUISTA SOBRE ALTA VELOCIDADE, CON ANÁLISE DAS VANTAXES DA COMUNICACIÓN ENTRE VIGO, PONTEVEDRA E PORTO CON MADRID

1.- OPCIÓN E ASENTAMENTO DA POBOACIÓN

De entrada hai dúas opcións posibles: unha conxunta pra as dúas zonas (Porto e Pontevedra), vía Cerdedo-Zamora, e outra de dous trens, un pra Porto vía Salamanca e outro pra Pontevedra vía Cerdedo-Zamora.

Pra decidir cal destas formas pode resultar de maior interese pra todos, debemos analizar, de entrada, como está asentada a poboación entre a provincia de Pontevedra e o norte de Portugal ata Porto, así como ponderar a equivalencia da necesidade de relacionarse con Madrid tanto da parte portuguesa como da galega.

A provincia de Pontevedra ten un millón de habitantes. Entre Tui e Porto os máis de tres millóns de habitantes do norte de Portugal están situados: un millón entre a fronteira galaico/portuguesa e Braga, e o resto na contorna da cidade de Porto.

Se ben a necesidade de desprazamentos a Madrid da poboación portuguesa non é a mesma que a da galega, logo de estudar a demanda do aeroporto de Porto e comparala co de Peinador, dedúcese que a necesidade de relación con Madrid é algo inferior ó 50% ca o de Vigo. Este ratio márcanos a tendencia dos demais medios de transporte, dos que se van a captar viaxeiros pra o futuro tren da Alta Velocidade. Isto quere dicir que Porto tería pasaxeiros pra poñer en circulación case a metade de trens que a provincia de Pontevedra. Enténdase como Porto, a efectos da Alta Velocidade, a súa contorna nun radio de 40 km., polo que practicamente se inclúe o distrito de Aveiro.

2.- MERCADO

De acordo cos cálculos realizados e baseados no comportamento real do Ave Madrid-Sevilla, podemos dicir que, de xeito aproximado, a provincia de Pontevedra xerará unha demanda de 1.100.000 viaxeiros por ano en cada dirección (entre ida e volta 2.200.000 viaxeiros), pra relacionarse con Madrid e demais combinacións co resto de España. O que suporía 11 trens por día, en cada sentido.

En base ó dito tamén se pode deducir que a área de Porto poría en circulación 5 trens por día e sentido. Pra lograr estes parámetros o

cálculo baséase en trens de 325 prazas co 90% de ocupación e un tempo de viaxe entre Vigo e Madrid de 2h. 20m. e Porto-Madrid de 3 horas. Isto porque hai un amplísimo consenso en mellorar o tramo Ourense-Lubián, xa que de non o facer os tempos serían respectivamente de 2h.30m. e 3h.10m.

E quede constancia de que se ten en conta a experiencia a nivel europeo do comportamento dos mercados da Alta Velocidade, segundo tempos de viaxe pra a lonxitude dun tramo determinado a percorrer.

3.- FRECUENCIAS E TEMPOS DE VIAXE

Os tempos de viaxe e as frecuencias na Alta Velocidade deben estar coordinados, pois os tempos de espera entre trens inciden directamente na capacidade de captación de tráfico. Todo o que exceda dunha hora de espera fai que os usuarios se desvíen cara a outros medios de transporte, en menor ou maior medida, segundo sexa menor ou maior o tempo que supere a hora. É dicir, que pra chegar ó destino, hai que ter en conta que ó tempo de espera hai que lle sumar o tempo de viaxe.

Os tempos de viaxe que se manexan pra a área de Porto e Vigo son:

- Porto-Madrid 3h.10m. vía Salamanca
- Porto-Madrid 3h.00m. vía Vigo-Cerdedo
- Vigo-Madrid 2h.20m. vía Cerdedo

Dende Vigo por Cerdedo, de acordo con estes tempos de viaxe (2h.20m.) e as frecuencias mencionadas no punto anterior (11 trens por día), poderíase manter unha frecuencia dun tren cada 1h.20m., sobre un horario de servizo de 7 a 22 horas (15 horas ó día), o que sería aceptábel.

No caso de Porto, vía Salamanca, a frecuencia pasaría ser dun tren cada 3h. (5 trens por día), o que representa un grave problema pois se lle sumamos ó tempo de viaxe (3h.) sae un total de 6 horas, que sería o tempo ponderado real pra un desprazamento. Como moitos clientes, executivos principalmente, no poderán estar a esperar 3 h., optarán por outro medio de transporte como o avión. O resultado final é que haberá menos de 5 trens pola perda de viaxeiros a favor doutros medios e ademais será fácil que quen queira usar o tren dende Porto a Madrid, teña que utilizar enlaces ben co tren de Lisboa ou Vigo. En troco Porto cara a Madrid vía Vigo-Pontevedra-Cerdedo, tería 16 trens ó día, un tren cada 55 minutos.

4.- °VELOCIDADE E NUMERO DE QUILOMETROS

O número de quilómetros segundo a vía que se circule serían:

- Porto-Madrid, vía Salamanca 610 km.
- Porto-Madrid, vía Vigo-Cerdedo ... 690 km.
- Vigo-Madrid, vía Cerdedo 560 km.

A velocidade do tramo Madrid-Ourense-Cerdedo-Pontevedra, sería de 350 km/h.con tráfico exclusivo de viaxeiros. Entre Pontevedra-Vigo-Braga-Porto sería de 250/280 km/h. con tráfico mixto.

No tramo Porto-Aveiro, de 300/350 km/h. Aveiro-Viseu-Guarda-Fuentes de Oñoro-Salamanca-Olmedo, de 250/280 km/h. con tráfico mixto. Olmedo-Madrid, 350 km/h. con tráfico exclusivo de viaxeiros.

Dende Porto a Madrid vía Vigo, percorreriáanse 80 km. máis en relación co eixo de Salamanca e sen embargo a viaxe aínda duraría 10 minutos menos respecto ca por esa opción. En efecto os 610 km. Porto-Madrid vía Salamanca serían percorridos en tres velocidades: 90 km. (Porto-Sur de Aveiro) a 300 km./h., 385 km. (sur de Aveiro-Salamanca-Olmedo) a 250 km./h. e 135 km. (Olmedo-Madrid) a 350 km./h., namentres que pra ir de Porto-Madrid, vía Vigo-Pontevedra e Cerdedo, recorreríanse 160 km. (Porto-Pontevedra) a 250 km./h. e 530 km. (Pontevedra-Madrid) a 350 km./h.

O máis importante é que Porto, vía Vigo, non só tería algo menos de tempo que vía Salamanca, xa que, ó se sumar na explotación os fluxos de viaxeiros da zona de Porto e da provincia de Pontevedra nun só tren, en lugar de ter unha frecuencia dun tren, no mellor dos casos, cada 3 h., habería un cada 55m. (16 trens por día). Pra iso o único que cumpriría facer é cambiar a orixe do tren de Vigo cara a Madrid polo de Porto, facendo que naza e morra na cidade portuguesa.

5.- EXPLOTACIÓN DOS TRÁFICOS COMPLEMENTARIOS DE LONGO PERCORRIDO E DA EURORREXIÓN

Por todo o que vimos, a explotación, se a infraestrutura que se desenvolva finalmente o permite, será factíbel realizala ben illadamente, é dicir, un tren Porto-Madrid vía Salamanca e outro Vigo-Madrid vía Cerdedo-Zamora, ou conxuntamente: un só tren que partindo de Porto pase por Vigo-Pontevedra pra logo continuar a Madrid.

Dende o punto de vista da rendibilidade na explotación e do servizo, a opción dun só tren pra Porto e o sur de Galicia debe considerarse a mellor solución sen ningunha dúbida.

Sobre este aspecto é importante lembrar que pronto se liberará o transporte ferroviario de viaxeiros e polo tanto aparecerán novos operadores onde o criterio da rendibilidade será determinante. De nós depende que deseñemos a infraestrutura que no futuro permita as maiores cotas de rendibilidade e polo tanto do mellor servizo posíbel ós usuarios, á sociedade.

Outra vantaxe da explotación conxunta sería que no tramo Ourense-Pontevedra-Vigo-Braga-Porto, melloraría a rendibilidade ó poder aproveitarse as prazas libres de longo percorrido con usuarios que teñan necesidade de se desprazar nesta área da Eurorrexión, pois son xa moi importantes e cada día aínda o serán máis, os lazos entre o sur de Galicia e o Norte de Portugal, ben por motivos estratéxicos, económicos, laborais ou familiares. Este feito non se da entre Porto e a zona de Salamanca.

6.- NÚMERO DE QUILÓMETROS A CONSTRUIR SEGUNDO A EXPLOTACIÓN SEXA ILLADA OU CONXUNTA

Considéranse a título comparativo só os dos tramos que teña que facer cada País unicamente, por causa de que ben Porto ou Vigo se poidan comunicar con Madrid. Non se teñen en conta os traxectos comúns polos que tamén pasarán trens de viaxeiros cara a Madrid, pero que sexan doutras cidades distintas de Porto, Braga, Vigo, Pontevedra e Ourense. (Exemplo, Carballiño-Madrid).

EXPLOTACIÓN ILLADA

Pra que poida circular o tren de Porto, vía Salamanca, a 250/280 km/h.:

- Portugal. Debe acometer obras nos 180 km. que van dende Aveiro a Fuentes de Oñoro, pra mellorar trazado, electrificación e, se se quere fiabilidade, implantar dobre vía.
- España. Deberá darse o mesmo tratamento que no territorio portugués nos 120 km. de Fuentes de Oñoro a Salamanca.

Pra que poida circular o tren de Vigo-Pontevedra, vía Cerdedo a 350 km/h.:

- Portugal. Ningún quilómetro de obras fóra das previstas.
- España. Só se deben realizar as obras dos 55 km. que hai entre Pontevedra e Carballiño, vía Cerdedo.

EXPLOTACIÓN CONXUNTA

Pra que o tren dende Porto poida circular, vía Vigo-Pontevedra, cara a Madrid:

- Portugal. Ningún quilómetro de obras. Os 105 km. entre Porto e Tui construíranse como parte do proxecto do Eixo Atlántico aprobado en Bruxelas, polo que non se deben ter en conta.
- España. Débense construír só os 55 km. de Pontevedra-Carballiño, vía Cerdedo. Os 20 km. entre Tui e Vigo realizaranse como parte do Eixo Atlántico aprobado polo que tampouco se deben ter en conta nesta comparativa.

Diante disto, non parece lóxico que ó Norte de Portugal lle interese circular vía Salamanca con viaxeiros cara a Madrid, con só 5 trens ó día, que puideran ser menos pola posíbel perda de viaxeiros segundo antes se explicou. Ademais teríanse que acomete-los investimentos correspondentes ós 180 km que van desde Aveiro a Fuentes de Oñoro, cando polo dito non sería a opción máis conveniente. Agora ben, o eixo actual de Fuentes de Oñoro sería válido pra tráfico de mercadorías.

7.- ACCESO DO TERRITORIO Á ALTA VELOCIDADE

Este apartado consideráremolo de forma comparativa, unicamente en función das dúas posíbeis opcións pra comunicar Porto con Madrid, pra podermos valorar ó número de habitantes nos seus puntos intermedios. A análise faise dende a perspectiva de Porto, pois pra Vigo-Pontevedra, a solución sempre sería vía Zamora.

Porto-Madrid, vía Salamanca

- Zona portuguesa: A área pola que transcorre a liña entre Aveiro e Fuentes de Oñoro, 200 km., encóntranse Viseu e Guarda. En conxunto suman 600.000 habitantes.
- Zona española: Transita pola provincia de Salamanca. 365.000 habitantes.

Total da poboación que accede nos puntos intermedios non comúns: 965.000 habitantes.

Porto-Madrid, vía Vigo-Pontevedra-Cerdedo

- Zona portuguesa. Utilizaría a parte do eixo Atlántico que vai dende Porto ata Valença do Miño, uns 105 km., onde se atopan os distritos de Braga e Viana do Castelo. En conxunto 1.000.000 de habitantes.

- Zona española. Pasaría polas provincias de Pontevedra, Ourense e Zamora. En conxunto 1.500.000 habitantes.

Total da poboación que accede nos puntos intermedios non comúns: 2.500.000 habitantes.

Esta diferenza en número de habitantes (1.535.000 favorábel á opción de circular por Vigo-Pontevedra), por si soa xa xustificaría, potencialmente, unha maior rendibilidade pra circular por Vigo-Pontevedra, pero ademais, ó pasar por Zamora en lugar de Salamanca, a comunidade de Castela-León accede en mellores condicións pra as súas relacións con Porto, xa que Zamora está máis centrada, entre León, Salamanca e Valladolid.

En resumo, que as posibilidades de negocio do tren de Porto a Madrid, vía Vigo-Pontevedra, son infinitamente superiores.

8. - COMENTARIOS FINAIS

Non deberíamos perder de vista que a comunicación por Tui é un dos tres pasos prioritarios ferroviarios entre España e Portugal, e se se quere manter a súa operatividade no futuro, dende o punto de vista do interese do transporte de viaxeiros dentro do novo corredor ferroviario de Alta Velocidade que unirá Porto con Tui, é necesario que se encha de contido, polo que se debe contemplar como un todo con Cerdedo, como no seu tempo o foi con Monforte.

Mesmo no caso improbábel de que, por razóns que non se nos alcanzan, algunha das partes non asumira esta proposta integramente e xa, o feito de que o Norte de Portugal e o Sur de Galicia consigan os apoios convenientes pra que Bruxelas considere o tramo de Cerdedo como parte do Eixo Atlántico deixaría abertas as posibilidades pra que no futuro o mercado e os operadores decidan se ten que haber explotacións de trens conxuntas ou se o Norte de Portugal lle puidera interesar ter dúas comunicacións, unha vía Salamanca e outra vía Vigo-Pontevedra, en función de franxas horarias e dos intereses dos usuarios, do mercado real.

O importante é que se poida interiorizar politicamente a idea de que "Cerdedo" é un beneficio mutuo, pois tecnicamente entendemos que non hai dúbida.

En efecto, tecnicamente, dende o punto de vista do mercado, relación frecuencias/tempo de viaxe, calidade de vía, fiabilidade na explotación, número de quilómetros construídos e acceso do territorio á Alta Velocidade, entendemos que non deberíamos ter dúbidas en que o Norte de Portugal e o Sur de Galicia teñen que apostar por un tren común, en explotación conxunta e que se debería acudir ós respectivos gobernos (Madrid e Lisboa) pra que soliciten a Bruxelas que o acceso de Carballiño a Pontevedra, vía Cerdedo,

sexa declarado de interese da Eurorrexión, co mesmo grao de prioridade ca o do Eixo Atlántico."

A comisión informativa de Medio Ambiente e Patrimonio Histórico, en sesión do día 19 de decembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: Este é outro proxecto que teoricamente non lle corresponde ó Pleno da Corporación, Sra. Porteiro, dígoo porque me quedou atrás o argumento en canto ó que vostede dicía de que eu estaba aquí pero non alá; pois non estou nin alá, nin acolá pero evidentemente xa lle dixen antes e demostreillo que coma cidadán e coma partido pode recorrer tamén a outras vías, non preciso exclusivamente traballar politicamente no Concello de Vigo, á parte de que non renuncio coma Partido político a entenderme do mellor xeito posible co Goberno da Xunta de Galicia e co do Estado español e non só non renuncio, traballarei para que as relacións sexan as mellores posibles e para tentar axudar á gobernabilidade de Galicia e de España do mellor xeito posible.

Non só non imos renunciar a iso senón que en troques estaremos encantados do facer porque se corresponde coa nosa actitude e coa nosa vocación política. Non renunciaremos a falar nin do Xulgado do Mercantil, nin de ningún outro tema por máis que a competencia estea noutros lugares, pero coma directisimamente afectados debemos ser quen para reclamar en caso de problemas e cando non se nos dan solucións, máis ca máis.

Neste tema concreto, cando toda Galicia ten un proxecto de alta velocidade e a área metropolitana de Vigo segue sen el a estas alturas, segue sen proxecto concreto de alta velocidade para nos unir a Madrid sendo a maior área industrial e poboacional de Galicia, máis ca máis. Isto teríao que ter resolto o Goberno de España, o anterior e iste. Algunhas declaracións que escoitei de responsables políticos dalgún partido son que están estudando. Levan moito estudando, algúns teñen que saír xa da Universidade, non poden seguir estudando toda a vida. Con isto quero dicir que teñen que dar solucións concretas.

Por certo, estes días fálase da saída sur e imos ver de qué xeito porque nós estamos aínda escamados, dígoo así de claro, pero imos ver qué saída sur queda, de momento anúnciase que hai unha converxencia de técnicos para dar solucións á saída sur. Agora nós queremos ver qué saída sur, se permite unha auténtica permeabilidade na zona de Teis e viabiliza un proxecto de

alta velocidade coma Deus manda, se a hai xa o viabilizará pero imos ver de qué xeito, se é consonte en xeral ós xeitos europeos ou non.

Pero alomenos aí temos un raio de esperanza e en Cerdedo non hai nin iso. Custounos moitísimo que o Goberno anterior do Partido Popular, chegando practicamente ó final do seu mandato, aceptara a alternativa de Cerdedo que vertebraría infinitamente mellor o sur de Galicia e sabémolo todos. Pero chega un novo Goberno e hai parón, non hai ningún tipo de compromiso, eu non coñezo ningún compromiso formal do Goberno de España coa alternativa de Cerdedo e é absolutamente vital para Vigo.

Tampouco se coñece no que atinxe á alta velocidade de Galicia ningún compromiso concreto con proxectos, prazos e tempos e eses son os compromisos políticos. Como moito declaracións, eu non desprezo as declaracións, benvidas sexan porque adoitan ir diante das realizacións e por iso non as desprezo en absoluto, pero logo do baile da alta velocidade chegaría o momento en que se lle dixera a Galicia o que non se lle dixo ata agora: que hai uns tramos, os que están en construción, cómo é o proxecto, o tempo de tardanza, os peraltes, as curvas..., un proxecto técnico que diga ó país qué se quere facer.

Falo de Galicia enteira porque do tema de Cerdedo, para qué falar? Aí estamos absolutamente esquecidos e polo tanto claro que temos a obriga moral de actuar de aguillada das outras administracións para que realmente se comprometan con Vigo e co seu contorno como non o fixeron ata agora e, a máis, tamén temos traballos que facer en Vigo.

Lamento que non estea agora a Sra. Alcaldesa titular pero vou dicir o que tiña que dicir: Quen nos coñece sabe que nós estamos noutra organización política porque temos miradas diferentes sobre distintos aspectos dos que teñen outros. O mesmo pásalles ós demais e coa mesma lexitimidade, nin máis nin menos. Pero o que si é certo é que hai algo que a nós distínguenos coma partido político e é que tentamos lealmente achegar as mellores solucións para cada tema sempre que somos quen de poder achegar solucións que nos semellen viables e positivas.

Neste tema fixémoslo coma noutro e máis dunha vez, moitas veces deixando de lado o suposto protagonismo político que nos convén a todos para que a sociedade saiba qué ideas e proxectos temos os distintos partidos. Nós deixamos iso en función da posible eficacia das medidas a tomar e neste caso concreto dunha delas.

Ainda que non estea, fágolle un reproche moi duro á Sra. Alcaldesa de Vigo sobre este tema: non só ten que ser Fomento e a Xunta de Galicia os que

traballen, Vigo ten deberes que facer, ten que complementar certos traballos, implementar dinámicas que axuden a proxectos trascendentais coma este e o Goberno municipal, que fixo cousas acertadas nalgúns temas e así o dixemos, nos temas das políticas fundamentais lamentablemente non foi eficaz e iste é un deles.

Este proxecto que ven agora, estes anexos desta moción que vostedes teñen, hai meses que están na Alcaldía de Vigo e é así porque nós pensabamos que sería máis eficaz que se fixeran xestións discretas entre a Alcaldía de Vigo e outras Alcaldías do norte de Portugal antes que a sacar coma unha proposición formal á luz e polo tanto primabamos a eficacia do que propoñiamos sobre o protagonismo político que poderíamos con lexitimidade pedir.

Pero hai meses que esas ideas levan nun caixón e sen resposta e entón si que temos que dicir en voz alta que o hai que sacar do caixón e facelo funcionar. Traémolo aquí dun xeito algo peor na nosa opinión e por iso optamos pola outra medida porque nos gustarían máis as xestións discretas primeiro que albeirasen xestións públicas logo. Pero non foi posible e por iso agora temos xa que pedir directamente ó Pleno da Corporación que o Consello Social de Vigo traballe na dirección de definir un proxecto de alta velocidade para Galicia e o norte de Portugal.

Digo na moción e é unha das cousas máis novedosas que contén dende as nosas ideas, que se fagan explotacións conxuntas de Portugal e Galicia para implementar trens que nazan en Porto e que pasen por Vigo cara Madrid e viceversa. Iso será, coma dicimos aí con datos técnicos, multiplicador para as frecuencias e polo tanto unha importantísima axuda para a mellora das economías do norte de Portugal e de Galicia.

Gustaríanos que o Consello Social elixa unha delegación do seu propio seo, a máis da Xunta de Voceiros, para entablar relacións cos Concellos do norte de Portugal que obxectivamente, en canto lles deamos datos, van ter coincidencias fundamentalísimas con esta proposta porque lles convén, senón tanto, case tanto coma a nós.

Polo tanto estou propoñendo que nun mundo no que as fronteiras teñen que estar cando é indispensable, felizmente na Comunidade Europea, para ir Portugal xa nin se sacan carnés, tamén se saquen proxectos en común. Se os Concellos do norte de Portugal e neste caso do sur de Galicia teñen proxectos, ideas ou problemas que solucionar en común, deben poñelas en común respectuosamente, co ordenamento xurídico cara ós gobernos dun lado e doutro. Iso é o que estamos a propoñer agora mesmo.

Alén diso tamén un comentario moi rápido: o traballo para entrafñar cada vez máis a Galicia co norte de Portugal parécenos un dos máis trascendentais que se pode facer polas nosas vidas cara o futuro. Este é un traballo que está moi esmorecido, hai un Eixo Atlántico que está aí, que respecto, pero que evidentemente non está a facer a ringleira de traballos que podería e debería facer.

Cómpre tamén que fagamos unha reflexión e por iso pido, se lles parece oportuno, unha Xunta de Voceiros para falar dese tema noutro momento aínda que isto exactamente non atinxe directisimamente a esta moción.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Sr. Soto, ímoslle votar a favor desta proposta pola mesma razón que lle dicíamos antes que alí onde haxa un esforzo que facer nós tamén imos estar; onde entendamos que a posición que se presenta no Pleno de Vigo o que pode é demorar ou ralentizar algo que é bo para Vigo tamén imos estar en contra.

Coido que nós fomos moi correctos na exposición que fixemos de negativa á súa proposta, non entramos na parte técnica que é absolutamente discutible e vostede terá que recoñecer que é difícil poder arrogarse a única razón sobre un tema tan complexo coma o que vostede propuña e que a nós tamén nos preocupa pero en todo caso non entramos no fondo da súa proposta, senón na oportunidade da mesma.

Non se sinta mal por se quedar só nunha votación. Eu coido que hoxe pasou algo importante no Pleno deste Concello e creo lembrar que dende hai ano e medio é a primeira vez que de maneira case unánime hai un recoñecemento público explícito a unha actuación do Goberno central, neste caso do Ministerio de Fomento para a cidade de Vigo. Para min é un grande regalo de Nadal coma Deputada que son tamén do Parlamento español pero sobre todo coma viguesa porque coido que estamos traballando moi ben, conxuntamente e en positivo.

Iso danos moitos argumentos e moita forza á hora de apoiar a súa iniciativa e ímola apoiar poidendo perfectamente votar en contra, non por estar en contra do que vostede propón, senón porque tamén é reiterar e redundar sobre cosas que están perfectamente ditas, posicións que están perfectamente claras, tanto no ámbito da demanda coma no da concreción dos compromisos e sinxelamente por lembrar que hai compromisos expresos e públicos da Conselleira de Ordenación do Territorio, por certo, excelente Conselleira viguesa, Sra. Caride, do Presidente da Xunta de Galicia, por certo, da provincia de Pontevedra, compañeiro ou compatriota de todos nós

no ámbito máis próximo, Sr. Touriño, ou mesmo da Sra. Alvarez. Vai ir por Cerdedo, non teña ningunha dúbida, isto está perfectamente claro, está dito e expresado.

De todos os xeitos, Sr. Soto, por se hai a máis mínima dúbida, unha vez máis neste caso nós imos votar a favor, pero non porque teñamos dúbidas de que vai ser así, sinxelamente porque entendemos que a cuestión do tren si vai un pouco máis lenta e nós entendemos que onde hai efectivamente posibilidades de apoiar e pular, aí debemos estar.

Polo tanto imos votar a favor, entendemos que hoxe é un día de certa relevancia ou importancia política dende logo para a forza que este Grupo representamos e diríalle sinxelamente que non entendo o punto número 6 porque, aínda que entendo perfectamente que o Eixo Atlántico estivo fóra totalmente do debate da comunicación por tren de alta velocidade con Portugal, e iste é un reproche que politicamente lle temos que facer ó Goberno municipal de que no momento que hai unha reunión para tratar deste tema non estar, así se dixo apoiando algunha moción que vostede presentou, de pular dende Vigo coma sede permanente que é do Eixo Atlántico e cidade fundadora desta institución, non estar na reivindicación; refírome a estar no debate en primeira liña defendendo dende o primeiro momento, non quero atacar a ninguén, poderíao facer pero non o quero facer neste momento, coido que esta iniciativa vai saír por unanimidade e son absolutamente partidaria de buscar o consenso, mesmo dende a oposición.

Sinxelamente quero dicir que non entendo este punto aquí porque isto pode dar pé, Sr. Soto, a unha moción nova e distinta para falar efectivamente do Eixo Atlántico coma institución, de qué está pintando Vigo aí, por exemplo, e de qué se está facendo co Eixo Atlántico que é unha grande incógnita, pero entendo que ese é un debate diferente. Se acaso, se vostede isto o inclúe aquí para lembrar e criticar que dende o Goberno municipal o tema do tren no Eixo Atlántico non foi exactamente unha bandeira, entenderíao pero entendo que iso dificultaría o consenso e eu non vou facer disto unha bandeira neste debate.

Polo tanto anuncio o voto positivo do meu Grupo á súa iniciativa con este comentario. Se vostede considera oportuno retirar este punto sinxelamente para lle dar mañá un tratamento máis amplo, perfecto; senón tamén o imos votar a favor.

A PRESIDENCIA: Coma estamos en Nadal e penso que non é o momento xa de meter o dedo no ollo nalgúns temas senón de falar en positivo, quero dicir

só que neste último ano os traballos que se fixeron a nivel técnico, con técnicos do Ministerio, da propia Xunta de Galicia e máis do propio Concello de Vigo, foron por bo camiño, estamos a piques de rematalos e penso que iso é unha boa nova para todos.

Polo tanto quero dicir que imos votar a favor porque o que abonda non dana e nada máis que comunicar que penso que imos chegar a ese acordo no mes de xaneiro.

SR. SOTO FERREIRO: Hai unha petición da Sra. Porteiro que coido absolutamente estimable e vou explicar por qué está aí ese punto. Dixen xenericamente que a min me parece que o Eixo Atlántico non está cumprindo nin os fins nin as expectativas para as que se creou, estou absolutamente convencido e coido que está na mente de todos. Hai esa queixa xenérica e neste caso concreto está aquí pero pode confundir: xa anticipo que o vou retirar porque o Eixo Atlántico debера ser unha desas institucións que en temas coma iste estivera facendo malla entre o norte de Portugal e o sur de Galicia ou mesmo Galicia enteira, para realmente nos beneficiar todos de traballos conxuntos. Nese sentido estaba aí por este aspecto concreto.

Comprendo que pode confundir e acepto a súa suxestión porque será mellor, daralle mellor carácter ó conxunto do texto que se retire para ser tratada e abordada esa petición que farei inmediatamente, en todo caso por escrito cursareille á Sra. Alcaldesa unha petición dunha Xunta de Voceiros para falar do Eixo Atlántico. Así o farei recollendo esa suxestión.

Con respecto a outras moitas cuestións teremos tempo de debater noutro momento.

(No momento da votación está ausente o Sr. Guerra Fernández).

A petición da voceira do Grupo Socialista, Sra. Porteiro García, o Sr. Soto Ferreiro retira o apartado sexto da moción que non se somete a votación.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Demandar ó goberno español un pronunciamento claro e contundente do seu compromiso coa construción da Alta Velocidade en Galicia, con indicacións precisas de características técnicas das obras a

realizar, tempos de viaxe previsto dende as grandes cidades galegas e o calendario de obras.

Segundo.- Dentro dese proxecto, o compromiso inequívoco de que se construirán as variantes de Cerdedo e a saída Sur de Vigo, de xeito que as obras destas alternativas rematen ó mesmo tempo ca as do resto de Galicia.

Terceiro.- Co obxectivo de axudar a definirmos proxectos conxuntos sobre a explotación da Alta Velocidade entre o Norte de Portugal e Galiza, propoñer os sucesivos encontros bilaterais que se consideren convenientes cos Concellos do Norte de Portugal, comezando polas Cámaras das cidades de Porto, Braga, Valença, Vilanova de Gaia, etc. Eses encontros realizaríanse entre delegacións dos axentes políticos e sociais de cada parte.

Cuarto.- Convocar ó Consello Social de Vigo pra lle propoñer a conformación dunha delegación da que formarían parte a Xunta de Voceiros do Concello de Vigo xunto con representantes das institucións presentes no CS que se estimen máis convenientes cara ós obxectivos que se perseguen.

Quinto.- Enviar os documentos que axuntamos a todos os membros do CS de Vigo pra que os analicen e se o consideran oportuno presenten as emendas que puidesen estimar convenientes, pra definírmolo documento marco que presentaríamos como base de traballo nas xuntanzas antes amentadas.

6.- (292).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PROPOÑENDO A RECUPERACIÓN DE PARCELAS NO PERI II-12 A FLORIDA B.

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do 14 de decembro de 2005, o concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Viéitez Alonso, formula a seguinte moción:

“Como consecuencia do desenvolvemento do PERI II-12 A Florida B, o Concello de Vigo obtivo diversas parcelas en propiedade destinadas a varios usos, algúns dos cales xa viñan determinados polo proxecto de urbanización.

Co paso do tempo e a indefinición mediante acotamento práctico das propiedades municipais, danse determinados usos e ocupacións ilexítimas que impiden definir de xeito claro e conciso cal é a superficie e cales son os seus límites, permanecendo dun xeito impreciso a súa utilidade e o seu uso.

A dita situación debemos poñerlle coto e actuar dunha vez por todas acelerando a tramitación oportuna para clarificar e poder darlle resposta, dentro da legalidade, ás peticións feitas pola entidade veciñal e os veciños e veciñas da zona, polo que o grupo municipal do BNG, propón a seguinte moción:

1.- Que o Goberno Municipal proceda de xeito inmediato a realizar un estudo pormenorizado de todas as parcelas propiedade do Concello no PERI II-12 A Florida B co obxecto de recuperar aqueles terreos ocupados dun xeito ilexítimo e definir a superficie total e límites da propiedade municipal.

2.- Unha vez feito o anterior, que se proceda a iniciar conversas coa entidade veciñal do lugar e recuperar as peticións ou necesidades da zona para poder, dentro da legalidade vixente, satisfacelas na súa xusta medida."

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 19 de decembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. VIÉITEZ ALONSO: Esta é unha moción que pretende buscar solucións ás demandas da cidadanía e sobre todo dos veciños daquela zona e non ó contrario como se buscou mesmo dende o Goberno municipal enfrontamentos innecesarios ó noso entender.

É única e exclusivamente unha moción de resposta inversa de eficacia. Do que se trata é de que por un lado un expediente que leva tempo durmindo nas dependencias municipais se axilice para que se recuperen de inmediato todas as parcelas de propiedade municipal que están comprendidas entre a rúa Fotógrafo Luis Ksado e as traseiras dos edificios da avenida de Castela, basicamente en primeiro lugar para definir as propiedades municipais porque hai conflito e ocupacións ilegais.

Isa é unha actuación máis que necesaria pero ó mesmo tempo serviría para dar resposta ás peticións das entidades veciñais da zona que ata agora non se lle deron e se se traballara neste expediente posiblemente xa terían esa resposta con fartura, en troques de buscar o que se buscou hai dous ou tres Plenos que foi unha xustificación que conlevou un mal entendido innecesario, o mellor é axilizar os trámites que temos porque é un expediente que leva durmindo bastante tempo nas dependencias municipais e nese sentido de se axilizar poderemos dar resposta a todas as peticións que fixeron as entidades veciñais, evidentemente dentro da legalidade.

Pídlles tamén en todo caso, cando axilicen este expediente de recuperación das parcelas, que contén coa entidade veciñal da zona porque seguramente poderá achegar mesmo máis luz da que poida reflectir nestes momentos a documentación que ten o propio Concello. Tamén sobre todo para saber qué propiedades ten o Concello porque sinceramente ata agora algunhas cando menos ofrecen dúbidas.

SR. SOTO FERREIRO: Imos apoiar a moción do BNG, non podía ser doutro xeito, e aproveito para dúas cousas: a primeira para alertar en xeral sobre o tema dos terreos que se están a perder, cousa que acabo de facer no nome do meu Grupo na Xerencia de Urbanismo. Coido que dunha vez por todas o Goberno municipal ten que coller de fronte esta tarefa porque se perden terreos aí, perdéronse no PERI da Carballa e non sei en cantos sitios máis. Está habendo unha eiva terrible no tratamento do tema do patrimonio municipal e eu quero responsabilizar ó Goberno para que nos presente un plan concreto para solucionar este problema. É de pasada pero é moi duro o que se pide na moción do Bloque con razón.

Con no menos razón aproveito para lles lembrar tamén que no seu día fixemos unha denuncia semellante de terreos que están no contorno da Miñooca que supostamente ían seren para zona deportiva e están sendo ocupados por particulares. Hai que rematar con esa ocupación particular dunha vez e facer as instalacións deportivas populares que alí pedimos e que se ían facer e que seguen pendentes porque aínda hai esoutra parte da actuación que non se cumpríu.

Por favor, recoñezo que é un aproveite de argumentación collendo o pé e a percha da moción do Bloque que por suposto imos apoiar.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Guerra Fernández e Toba Girón).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Viéitez Alonso, propoñendo a recuperación de parcelas no PERI II-12 A Florida B, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

7.- (293).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE ACTUACIÓN INTEGRAL NOS VIAIS DE SAÍDA E ACCESO Ó SEGUNDO CINTO.

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do 15 de decembro de 2005, o concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Viéitez Alonso, formula a seguinte moción:

S.Ordinaria 23.12.05

"O Bloque Nacionalista Galego ven demandando dende hai tempo a activación e actuación do Goberno Municipal para corrixir as afeccións producidas pola construción do segundo cinto, pois dado o longo e as características da obra ten producido modificacións substanciais en todo o seu percorrido e que deben ser solventadas ou minimizadas con solucións de continuidade.

O pasado martes e como consecuencia das chuvias caídas pola noite do luns, produciase un corte de tráfico na vía de acceso á Universidade entre a redonda desta co segundo cinto e a redonda do camiño do Foxo, derivado dos arrastres xerados e que conlevou unha intensa actividade durante toda a mañá para repoñer a vía en condicións.

Se só se producira este corte, poderíamos dicir que os impactos pola construción do segundo cinto son mínimos e ate nos poderíamos dar por satisfeitos. Pero a realidade é ben distinta e un percorrido ao longo do seu traxecto podemos observar como múltiples camiños foron afectados polas primeiras chuvias que, anque con certa intensidade, non son o máis mínimo do que acostuma a chover no noso Concello, o que pon en evidencia as pegadas que vai deixar esta construción así como as súas deficiencias constructivas. As afeccións das augas siguen sendo a asignatura pendente das obras que se fan no noso Concello que, por certo, temos bastante experiencia e, sobre todo, temos investido tempo, esforzos e recursos municipais para corrixir ou minimizar ditas afeccións.

Ao mesmo tempo e se facemos un percorrido polas vías que se cruzan ou son cruzadas polo segundo cinto, nomeadamente aquelas nas que se construíron redondas, encontrámonos cunhas enormes barreiras para os peóns no seu paso obrigado, barreiras algunhas que se incrementaron dun xeito alarmante pois só se tivo en conta o tráfico rodado pero se corta o acceso aos peóns.

Por todo o exposto, o grupo municipal do BNG, propoñemos a seguinte resolución:

Primeiro.- Que se faga de xeito inmediato unha revisión conxunta entre o Concello, Ministerio de Fomento e a empresa constructora daqueles lugares que son paso obrigado de augas ben polas chuvias ben por que son leitos naturais, para a detección de posíbeis impactos, actuando nun dobre sentido:

- a) Naqueles lugares que son leitos naturais analizar o resultado final, pois nalgún lugar como o río Xerxa pode ser posíbel que o caixón resultante sexa insuficiente dado que tamén vai ser afectado pola urbanización do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Valladares-Beade e os efectos nun día de chuvia cunha intensidade media poden ser enormemente cuantiosos.
- b) Naqueles lugares que sexan orixinarios de confluencia das chuvias, realizar as actuacións necesarias para evitar ditas afeccións e permitan canalizar as augas aos cursos naturais máis próximos. Nestes casos as actuacións tamén deben ter en conta a necesidade de decantación dos arrastres para diminuír as afeccións a outros leitos e ao propio litoral.

Segundo.- Obrigar á empresa a realizar aquelas medidas necesarias para garantir a seguridade ó paso dos e das peóns polas redondas, a xeito de ser

protexidos polas biondas e salvando os obstáculos xerados como consecuencia da construción das mesmas.

Terceiro.- Revisar os elementos de protección cos que se dotaron as pontes que cruzan o segundo cinto, pois algunhas son paso obrigado diario e poden non garantir uns mínimos de seguridade para os peóns, co conseguinte risco para aquelas persoas máis novas."

A comisión informativa de Mobilidade e Seguridade, en sesión do día 19 de decembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. VIÉITEZ ALONSO: Sinciramente esta moción non sei se resposta á ausencia, á ineficacia ou ás dúas cousas ó mesmo tempo.

Coido que todos sabemos que o segundo cinto estaba aí, que se ía abrir dun momento a outro e hai agora unha serie de deficiencias na súa construción que xa tratamos aquí e que debemos o maior esforzo posible para que esas deficiencias e esa reposición dos servizos afectados se faga o máis axiña posible.

Evidentemente aí atopámonos co Ministerio de Fomento que terá as súas reticencias e en todo caso será produto das negociacións políticas que resolvamos antes ou logo, pero dende logo non podemos xustificarnos cos demais onde temos as competencias o propio Concello. Nese sentido sinciramente coidamos que o Goberno municipal nin estivo nin está á altura das circunstancias.

Primeiro, sabemos que o segundo cinto ía xerar un tráfico coma se demostrou o segundo día e consonte pase o tempo a maiores. Ten capacidade para o absorber pero non a teñen os viais colindantes. Iso conleva unha serie de consecuencias e miren que comedidos somos que non temporalizamos, senón que o único que dicimos é que fagan un estudo da seguridade vial, profundo pero de xeito inmediato, para corrixir o que todos sabemos pero que na práctica aínda non se actuou. Algunhas das cousas que aquí propoñemos, que non son nada do outro mundo, algunha ca outra estaba posta en marcha, algunha xa se presentara nunha moción por parte do BNG no mes de maio e outras xa mesmo os propios veciños as puxeran de relevo pola incidencia que agora contrastamos coa pura realidade.

Nese sentido pensamos que o Goberno debe axilizar ese estudo para garantir a seguridade vial, pensamos que iso é fundamental porque as consecuencias xa as estamos padecendo pero iso cada vez se vai incrementar e dígoo porque eu o constato a cotío.

A maiores pedimos tamén unha mellora da sinalización porque observamos que aínda non hai coñecemento suficiente de por onde entrar, sobre todo en determinadas zonas onde hai industrias e iso fai que sobre todo os vehículos pesados entorpezan aínda máis o tráfico porque moitas veces teñen que facer xiros ou manobras inaxeitadas e coma non coñecen, sobre todo as persoas que non son aquí, se perden e isto xera atrancos porque é moi complexo saír de onde se meten.

Pensamos que neste estudo tamén debe participar o departamento de Vías e Obras porque non estamos pensando única e exclusivamente na mellora do tráfico, que coidamos se debe facer, senón tamén na seguridade peonil. Nese aspecto hai algúns viais colindantes que, unha de dúas, ou pasan os vehículos ou os peóns pero non poden pasar os dous ó mesmo tempo.

Por certo, estábamos esperando unha modificación orzamentaria para a iluminación da rotonda de Prado no vial de acceso á Universidade e isto é tan peculiar porque sinxelamente é unha xestión, se non son quen deleguen en nós que a facemos. Digo isto porque esta rotonda está xerando un tráfico na entrada ó parque tecnolóxico que ó mellor vostedes non coñecen. Poden comprobar coma algún dos elementos de iluminación e sinalización están inclinados, outros tirados; cando menos deámoslle utilidade antes de que o tiren, estrenémolo cando menos.

Sería conveniente tamén, no caso concreto do vial á Universidade e pódese comprobar perfectamente, que non é a construción máis axeitada para un vial dese tipo pero de momento é o que temos e o que pediríamos é que rebaixaran a altura das rotondas porque o que si é certo é que as persoas que están dentro da propia rotonda ás veces pola altura non poden ver quen se incorpora; iso xa xerou algún ca outro accidente e ós datos pódome remitir.

Por último pediríalles que dentro das xestións que se poden facer con Fomento unha podería ser a de que corrixan a cartelaría e que respecten os nomes coma son e non que os poñan coma eles queiran; xa está acordado o nome de cada lugar e non o deben traducir ó español coma o están facendo. Pedimos tamén que se corrixa iso.

SR. FIGUEROA VILA: Non vou entrar no fondo do tema porque imos votar a favor, só quero dar un dato: o Grupo Popular presentou unha emenda no Parlamento de Galicia que dicía claramente "Alumeado do Campus Universitario de Vigo"; vostedes votaron en contra. Iste é un dos moitos exemplos que poderíamos ir poñendo de que vostedes piden cousas e logo a

colaboración noutra instancia non é que sexa positiva, nin de ausencia; é negativa. Poño este exemplo porque mo acaba de pasar agora o Sr. López-Chaves e é un exemplo claro porque o que está pedindo vostede xa se solicitara e vostedes mesmos votaron en contra desa emenda. Coido que poderían estar coordinados cos seus compañeiros de Santiago e seguramente así nos iría mellor a todos.

SR. VIÉITEZ ALONSO: Coido que non é o problema de cortinas de fume, Sr. Figueroa, ás que nos ten moi acostumbrados.

Efectivamente é unha realidade e algúns respostamos ás realidades asumindo a responsabilidade política de goberno, cousa que vostedes non fan. Vostede fálame precisamente do alumeado do vial de acceso á Universidade e algúns dos que estamos aquí asumimos a responsabilidade e comezamos a alumear pero o que é máis, é que vostedes non son quen nin tan siquera de facer unha xestión política, nada máis ca unha xestión.

A rotonda de Prado estaba alumeada e gracias á súa ineficacia segue sen alumear. É un vial municipal, señores do Goberno, por se ó mellor non se enteraron e entón non boten balóns fóra, asuman a responsabilidade nese aspecto. O que deben facer en todo caso nos propios orzamentos que vostedes elaboraron é contemplar partidas para ese tema coma fixemos outros.

Deben de asumir a responsabilidade nese aspecto e o que é máis, o que nós lles poñemos enriba da mesa é tremendamente sinxelo se son quen do facer porque, entroutras cousas, aumentar a seguridade peonil no vial de acceso á Universidade significa única e exclusivamente recuperar o parcelario porque está ben definido cales son as parcelas do Concello, só con iso xa incrementarían a seguridade vial nun 100% e non obrigarían ós peóns a ir pola estrada coma o están facendo. Só con poñer en práctica o parcelario que algúns dos que estamos aquí e sobre todo o compañeiro que teño á esquerda, que para iso perdeu moito tempo, para executar algo que no seu momento non estaba completado e hoxe gracias ó esforzo da Corporación anterior está perfectamente definido. Polo tanto poñan en práctica o parcelario, é o único que lles pedimos, miren qué fácil, non hai que facer modificación orzamentaria ningunha.

SR. FIGUEROA VILA: Só unha matización: inaugurouse o vial á Universidade no ano 98; vostedes gobernaron do 99 ó 2003.

(No momento da votación está ausente o Sr. Guerra Fernández).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,
ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Viéitez Alonso, de actuación integral nos viais de saída e acceso ó segundo cinto, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

A PRESIDENCIA: Co permiso dos distintos Grupos alteramos a orde dunha das mocións e pasamos ó punto 11 da orde do día.

11.- (297).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE RELATIVA ÓS PROCESOS DE CONTRATACIÓN DE OBRAS REALIZADOS POLA CONCESIONARIA AQUALIA.

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do 16 de decembro de 2005, a concelleira do Grupo municipal Socialista, Sra. Graña Barcia, formula a seguinte moción:

"O Pleno do Concello de Vigo en sesión do 5 de xulio de 1990 aprobou o prego de condicións económico-administrativas do concurso para a concesión da xestión integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo.

O 8 de xaneiro de 1991 formalizouse o contrato de xestión integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo.

O obxecto do contrato é a xestión integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento, así como a achega dos investimentos para a construción das instalacións que foran precisas.

En base ao obxecto do contrato, a concesionaria (AQUALIA) realiza as obras de ampliación, renovación e/ou mellora da infraestrutura do Servizo de Abastecemento de Auga e Saneamento en función dos programas de inverstimentos aprobados de común acordo entre Concello e concesionaria.

A contratación destas obras realizounas a concesionaria sen suxeición aos principios de publicidade e concorrencia, pois conforme aos pregos, o Concello só reserva a posibilidade de esixir á concesionaria que as empresas subcontratadas cumpran os requisitos de experiencia e clasificación. Por certo, non constando que se cumpra este requirimento.

Cabe sinalar que o convenio para a execución de obras, aprobado no Pleno en data 25 de marzo de 2002, establecía un orzamento de investimento de 6.477.912 euros, financiado con cargo ao saldo existente en concepto de

cotas de enganche, percibidas dos usuarios dos servizos en aplicación da ordenanza fiscal reguladora da taxa, nos anos 2003/2004 o importe do orzamento de investimento foi de 9.310.263 euros, e o convenio aprobado en Xunta de Goberno Local en data 20 de setembro de 2004 establece un investimento de 5.293.540 euros.

Con posterioridade á aprobación dos pregos que rexen o contrato do servizo de abastecemento e saneamento producíronse modificacións legislativas en materia de contratación: a nova lexislación de contratos das Administracións Públicas, con importantes novidades en materia de subcontratación, ou a Lei sobre os procedementos de contratación nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e as telecomunicacións.

A posibilidade de incorporar principios de contratación pública ao sistema de contratación da concesionaria, sobre todo aqueles actos que si se producen con posterioridade á entrada en vigor da nova lexislación sobre contratación, repercutirían de maneira determinante non só nunha maior transparencia, senón no prezo do servizo que asumen os cidadáns.

Por todo o exposto propoño para a súa aprobación polo Pleno da Corporación o seguinte acordo:

Que polos Servizos Técnicos se informe sobre a incorporación da actual normativa de abastecemento e saneamento e, en concreto, a aplicación de principios de publicidade e concorrência, e subcontratación, nos procesos de contratación de obras realizados pola concesionaria."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 19 de decembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. GRAÑA BARCIA: Cada ano Aqualia, coma concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento, acomete importantes investimentos en mellora ou nova construción de infraestructuras de abastecemento e saneamento en aplicación do prego de condicións que rexe a concesión, así coma dos convenios que se subscriben por parte da concesionaria e o Concello aproximadamente cada ano.

O importe dos orzamentos destes investimentos nos últimos anos son cantidades nada desprezables, estamos a falar de contías de 6 millóns de euros, 9 millóns de euros ou 5 millóns de euros correspondentes ós anos 2002-2005.

O obxectivo desta moción é dobre. Por unha banda queremos poñer de manifesto que o único mecanismo de control da subcontratación que establecen os pregos concesionais, é dicir, daqueles procesos de contratación que exerce Aqualia, é exclusivamente o cumprimento por parte das empresas subcontratistas dos requisitos de experiencia e clasificación. Sen dúbida da capacitación daquelas empresas que sexan

subcontratadas por parte de Aqualia, si queremos poñer de manifesto que non nos consta que por parte do Goberno municipal se estea realizando ese control. Este sería un dos obxectivos desta moción.

Un segundo obxectivo correspóndese cunha realidade que foi a de importantes modificacións que se produciron en materia de contratación con posterioridade ó outorgamento da concesión. Estimamos que o importe dos investimentos, que a mellora da transparencia no proceso de contratación e sobre todo o que iso poida significar para a cidadanía en canto ó custo do recibo do servizo, obrigan a este Goberno a estudar a través dos servizos técnicos a posibilidade de introducir principios de publicidade e concorrencia na adxudicación de obras de saneamento e abastecemento por parte da concesionaria. Coidamos que hai un exemplo que nos pode facer a todos comprender a envergadura da nosa pretensión. Obviamente se a concesionaria está sometida a procedementos de concorrencia e de publicidade, a posibilidade de que se produza unha baixa no importe dos orzamentos será maior que se esa contratación se produce dun xeito directo. Por tanto estimamos que a busca de melloras na xestión e control das concesionarias municipais debe ser un obxectivo que persegue esta Corporación. Isa é a intención da moción presentada para a que esperamos o apoio de todos.

SR. SOTO FERREIRO: É unha moción moi oportuna porque digo e denuncio publicamente que neste tema Aqualia está a facer "mangas de capirotos" e polo tanto que está a levar unha serie de actuacións que, a min e ó meu Grupo, seméllannos absolutamente irregulares e que canto antes se reconduza esta situación mellor que mellor.

SR. IGLESIAS CARRERA: Na súa moción, Sra. Graña, vostede retrotráese a 1990 cando xurde esta concesionaria. Eu penso que estamos a levar control desta concesionaria e doutras máis, de feito xa hai un organismo que está a controlar ás concesionarias. Por iso chámame a atención que fale de Aqualia que posiblemente é moi importante e non doutras concesionarias dado que a Lei de 1998 obriga ás concesionarias de auga e saneamento pero tamén ás de enerxía e outras.

Eu penso que efectivamente é posible que nalgún momento as actuacións de Aqualia non estivesen controladas, eu dende logo non o sei pero agora mesmo hai un organismo que as controla.

Por outra banda penso que é verdade que se fixeron moitas obras moi importantes para Vigo, indubidablemente o PAU de Navia, o Parque Tecnolóxico e Loxístico, a Universidade, non terían auga de non se facer por outro Goberno o cinto perimetral. En todo caso logo aparece o informe que coido vostede coñece.

É certo que cando xurde a Lei 48/1998, desenvolve unhas Directivas comunitarias e di o seguinte: "Someter a licitación pública os contratos que realicen con terceiros aquelas empresas que aínda sendo privadas gocen dunha posición especial en virtude de dereitos exclusivos outorgados por unha autoridade competente mediante disposición legal, regulamentaria ou administrativa que teña coma efecto a reserva do exercizo dalgunha das actividades numeradas no seu artigo 3". Non semella pois ofrecer dúbida que as entidades privadas que gocen de dereitos especiais, caso de todas as concesións administrativas, e presten servizos nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e as telecomunicacións figuran especificamente dentro do ámbito de aplicación da devandita Lei.

A aplicabilidade da citada Lei ó caso que nos ocupa debera ter en conta a prescrición contida no artigo 8 no que se establece un tope para os contratos adxudicados por organismos contratantes que exerzan actividades na distribución da auga e que fixan, no caso de contrato de obra, o límite de 6.242.098 millóns de euros", cifra ista que non supera ningún dos proxectos obxecto de consideración no presente informe que obra no seu poder, nin tan siquiera aínda que fosen considerados no seu conxunto.

Penso que o feito, feito está, que foi bo para a poboación de Vigo en liñas xerais e se non lle chega o informe dunha persoa coma é D. Benjamín Suárez, Xefe de Investimentos, indubidablemente estamos dispostos a seguir pedindo informes máis aló para que todo o mundo quede tranquilo e que as cousas estean coma están en todas as concesionarias.

Nese sentido imos votar a favor da maior claridade para que non haxa fuxidas.

SRA. GRAÑA BARCIA: En primeiro lugar agradecer porque efectivamente se nos deu traslado do informe realizado polo técnico e debemos salientar ademais que nese mesmo informe se recolle parte do que nós formulamos na nosa moción, en concreto a aplicación dunha normativa posterior ós pregos, coma é a de sectores excluídos ás relacións coa concesionaria.

Precisamente que se estea recollendo parte do que expón a moción nese informe abonda máis na necesidade de que por parte dos servizos técnicos se

estude este tema en profundidade con obxectivo de futuro. Aquí en absoluto se está facendo ningún tipo de cuestionamento e nesa medida tampouco entendemos a súa resposta, Sr. Iglesias, respecto ás contratacións que xa se executaron.

O que estamos expoñendo é que se produciu unha normativa que coidamos que mellora os procesos de contratación con posterioridade a uns pregos que somos conscientes que son do ano 91, sentémonos e estudemos a posibilidade de introducir esas melloras de cara a que a xestión da concesionaria revirta dun xeito positivo nos cidadáns. Ese é o obxectivo. Se o informe que vostede nos traslada xustifica que ese obxectivo ten argumento e sentido, entón sigamos avanzando niso.

SR. TOBA GIRÓN: Nós imos votar a favor da proposta porque, independentemente de que efectivamente o informe o que constata é que as cousas se fixeron ben, consonte coa lexislación do 98 como debía ser, sempre se poden facer mellor e coidamos que a proposta que fai a Sra. Graña pode beneficiármonos, pode permitirnós facer as cousas mellor.

Eu que coñezo ben, como vostedes saben, algunha desas obras coma é a famosa perimetral, se cadra puidémolo facer mellor. En todo caso o pasado é pasado e está feita a obra, magnífica obra ademais, fagámolo pois mellor no futuro que é o que formula a proposta do Partido Socialista que nós apoiaremos porque coidamos que é conveniente apoiar.

SR. IGLESIAS CARRERA: Só quería falar do mesmo xeito que o Sr. Toba, non é un revisionismo nin é nada, todo se pode mellorar e nesa dirección estamos. Imos votar a favor.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal Socialista, Sra. Graña Barcia, relativa ós procesos de contratación de obras realizados pola concesionaria Aqualia, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

8.- (294).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO A CREACIÓN DUN XIMNASIO BAIXO A BANCADA DAS PISTAS DE ATLETISMO EN BALAÍDOS.

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de decembro de 2005, o concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Cotobad Tombo, formula a seguinte moción:

"De todos é sabido a precariedade de medios coa que as e os atletas federados viñan adestrando nas únicas pistas de atletismo municipais da nosa cidade. Polas distintas corporacións municipais introducíronse diferentes melloras que permitiron que ese adestramento se realizara en mellores condicións, pero unha das carencias que seguen a ter os e as atletas é a falla dun ximnasio axeitado co que completar a súa preparación física.

O pasado 26 de outubro un dos atletas máis veteranos que adestran nesas pistas sofriu un lamentable accidente no local que hoxe se utiliza como ximnasio, local que non reúne as condicións mínimas para ser un ximnasio e que está dotado cuns aparatos e máquinas de musculación que hai anos que deberían ter sido retirados e afastados do seu uso polos atletas.

Por todo iso o grupo municipal do BNG propón ao Pleno da Corporación o seguinte acordo:

Habilitar un espazo baixo a bancada das pistas de atletismo de Balaídos para a creación dun ximnasio para uso libre dos e das atletas federados que adestran nelas e dotalo dos elementos necesarios para que poidan completar a súa preparación física."

A comisión informativa de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, na súa sesión do día 19 de decembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. COTOBAD TOMBO: Coido que todos e todas estamos de acordo na necesidade que teñen os nosos e as nosas atletas de dispoñer dun ximnasio en boas condicións para completar a súa preparación física.

Calquera concelleira ou concelleiro que se achegue ás pistas de atletismo de Balaídos, entre nos espazos habilitados baixo as bancadas e vexa coma está aquilo, farían o mesmo que está a facer o Grupo municipal do BNG: presentar unha moción nese sentido.

Os elementos e os aparatos de que dispoñen os nosos e nosas atletas deberían estar afastados dalí, non deberían seren utilizados. Hai aproximadamente dous meses un dos atletas que alí adestraba sofriu un accidente, afortunadamente non pasou nada grave e hoxe está recuperado, pero podía ter pasado algo bastante máis grave.

Eses aparatos, esas máquinas, elementos que compoñen o ximnasio mercáronse de segunda man a un ximnasio privado. Coido que unha cidade coma a nosa non

pode seguer permitindo iso. Os nosos atletas merecen un tratamento diferente.

Esta moción insta ó Pleno do Concello para que se habilite un espazo baixo a bancada das pistas de atletismo de Balaídos para a creación dun ximnasio para uso libre dos e das atletas federados que adestran nelas e dotalo dos elementos necesarios para que poidan completar a súa preparación física.

SRA. MOLARES PÉREZ: Evidentemente comparto co Sr. Cotobad que esas instalacións non son as axeitadas pero todos sabemos que a infraestrutura deportiva na cidade de Vigo tiña bastantes deficiencias e por iso temos elaborado un plan de infraestructuras deportivas a medio prazo porque todo á vez non se pode facer.

Esas instalacións en concreto proceden da época na que gobernaba o Sr. Soto, dunha reversión, ese ximnasio en concreto non é unha xestión do Concello senón da propia Federación e ademais vexo entre o público tamén ó Delegado.

Ainda así consideramos prioritario, precisamente dado o estado desas instalacións de atletismo na cidade de Vigo, apostar por comezar este ano investindo unha cantidade considerable, aproximadamente uns 200.000 euros, na mellora desas instalacións. Ademais teño que recoñecer neste Pleno que tamén esa petición realizouna o Sr. Soto na elaboración do orzamento deste exercizo e por suposto tamén do Partido Socialista que coa súa abstención avalou e posibilitou que neste momento, precisamente o próximo luns, se poida adxudicar esa modificación para as pistas de atletismo que doutro xeito non se poderían homologar e para o ano os atletas non poderían adestrar nesas instalacións nas que o seu obxectivo principal é o atletismo, malia que hai outros ximnasios na cidade.

Polo tanto dende este Goberno apostamos por iso. Repito que aproveito para agradecer publicamente esa colaboración dos dous Grupos, Partido Galeguista e Partido Socialista, á hora de posibilitar levar adiante esa remodelación nas pistas de atletismo coma noutras instalacións deportivas que se remodelaron este ano e outras infraestructuras novas.

Este ano en infraestrutura deportiva a verdade é que se investiu moito cousa que tamén agradezo ós compañeiros do Grupo de Goberno que priorizaron e consideraron que o ámbito deportivo ten que ter un maior investimento.

Por tanto nós estamos de acordo en habilitar un espazo baixo a bancada e de feito temos un proxecto máis amplo coa propia Delegación de, non só habilitar ese ximnasio, senón que trasladar á Delegación a modificación das

gradas. É un proxecto amplo, valorado no seu anteproxecto aproximadamente nuns 400.000 euros.

Nós no plan de infraestruturas tentamos chegar a facer o maior investimento. Hai entre o público outros membros de entidades deportivas nas que tamén este ano se están realizando investimentos e segue habendo máis demandas.

Con isto quero dicir que estamos de acordo pero coido que si tamén teño a obriga de sinalar neste Pleno que poder habilitar ese espazo máis cedo ou máis tarde, a curto ou a medio prazo, vai depender precisamente da aprobación do orzamento do 2006 no que estamos traballando e que precisamente lles anuncio que este investimento se lle vai achegar.

Polo tanto imos votar a favor pero tamén digo, coma sinala o Sr. Soto moitas veces nas súas intervencións, que en todas as mocións que conlevan un gasto a miña responsabilidade coma Concelleira de Deportes é dicir que estou de acordo que se inclúa no noso plan de infraestruturas deportivas pero vai depender de todos nós que se faga máis rápido ou máis tarde.

Hi que ver a prioridade diso fronte a outras instalacións porque no plan aparecen outras infraestruturas coma piscinas, pavillóns, pistas polideportivas e mellora de moitas instalacións coma cubertas de pavillóns, cambio de pavimentacións, son moitas as necesidades de mellora de infraestruturas deportivas na cidade. Podo dicir que este ano 2005 foi o de máis investimento en materia deportiva pero teño que dicir que ten que seguir sendo así e espero contar coa colaboración de todos vostedes para seguir a mellorar a infraestrutura deportiva da cidade e así mellorar o labor dos atletas, coma o olímpico Santi Pérez e outros, que traballan duramente e merecen que dende as Administracións lles poñamos as mellores infraestruturas deportivas.

SR. COTOBAD TOMBO: Só celebrar que a Concelleira de Deportes estea nesta liña pero mentres tanto as cousas están coma están; ese plan de infraestruturas que todos coidamos necesario e que debe ser discutido entre todos os Grupos municipais aínda non está ó noso dispor e mentres o que si é certo é que os atletas están adestrando nun ximnasio en malas condicións e que é necesario reparar.

Poderanse facer moitísimas cousas pero coma hai que ir ós poucos, eu neste Pleno pido que en principio se faga isto, seguramente nun próximo Pleno traerei outra moción instando a que se fagan outras melloras de infraestruturas deportivas nesta cidade.

SRA. MOLARES PÉREZ: Repítolle que neste orzamento de 2005 para as pistas de atletismo das que estamos falando ía unha partida en concreto de 180.000 euros e que no mandato anterior no que gobernaban vostedes o gasto total que se fixo nesas infraestructuras deportivas foi de 36.500 euros. Por tanto creo que estamos nesa liña e repito que se se aproba o Orzamento do 2006 pode estar ese ximnasio feito no próximo exercizo. Mentres poden facer esa actividade de ximnasio necesaria no resto de instalacións deportivas que temos na cidade.

SR. COTOBAD TOMBO: Si, pero hai cousas coas que non podo estar de acordo, iso de que se poidan adestrar noutros ximnacios da cidade non é así porque se os atletas adestran nunhas pistas deben ter o ximnasio o máis perto posible por unha cuestión de quentamento e iso pódese preguntar a calquera adestrador dos atletas. Precisan ese ximnasio nas pistas onde están adestrando constantemente.

Coido que non é unha cuestión de polemizar agora, se están de acordo e votan a favor desta moción para min é suficiente e que saia adiante.

SRA. MOLARES PÉREZ: Repito que si se vai facer pero quero clarexar que se non hai orzamento de investimento vostede sabe que non se vai poder facer o ximnasio. O que non vou facer é comprometerme a algo neste Pleno e habilitar sen unha data concreta e que logo vostede dentro de tres meses me poda reclamar por estar incumprindo esta moción. Eu estou dicindo que poder habilitar ese espazo vai depender dun orzamento que se vai aprobar no Pleno e que tamén vai depender de vostede. Iso é o único que lle quero clarexar a vostede e a toda a cidadanía.

(No momento da votación está ausente o Sr. Iglesias Carrera).

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Cotobad Tombo, instando a creación dun ximnasio baixo a bancada das pistas de atletismo de Balaídos, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

9.- (295).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA A XESTIÓN DIRECTA
POLO IMD DAS PISTAS DE ATLETISMO.

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de decembro de 2005, o concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Cotobad Tombo, formula a seguinte moción:

“Malia ser o atletismo o deporte rei nas Olimpíadas, na nosa cidade non contamos con instalacións axeitadas para a práctica deste deporte. A única pista municipal de atletismo vén sendo xestionada pola delegación viguesa da Federación Galega sen que dende a Concellería de Deportes se teñan desenvolvido iniciativas que posibiliten o achegamento dos vigueses e viguesas de todas as idades á práctica deste deporte.

É por iso que o grupo municipal do BNG propón ao Pleno da Corporación o seguinte acordo:

Que a partir do 1 de xaneiro de 2006 a xestión das pistas municipais de atletismo se realice directamente polo Instituto Municipal de Deportes, mantendo as mesmas condicións de uso para os clubs de atletismo.”

A comisión informativa de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, en sesión do día 19 de decembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. COTOBAD TOMBO: Nesta moción solicitamos a reversión da cesión do dereito de superficie e uso das pistas de atletismo de Balaídos.

Existía dende o 8 de febreiro de 1990 un convenio coa Delegación Viguesa da Federación Galega de Atletismo polo que era esta Delegación quen viña xestionando esas instalacións. Rematou ese convenio o día 27 de setembro de 2004 e no mes de agosto, tamén do ano pasado, a Xunta de Goberno acordou prorrogalo ata o 27 de setembro do ano que andamos. O 27 de setembro pasou, van case tres meses e non existe ningún convenio asinado con esta mesma entidade nin con ningunha outra, nin pola Concelleira de Deportes, nin pola Alcaldesa.

Polo antedito solicitamos que a partir do 1 de xaneiro estas pistas pasen a seren xestionadas, igual que a maioría das instalacións deportivas da nosa cidade, polo Concello de Vigo a través da Concellería de Deportes e do Instituto Municipal dos Deportes. Parécenos a nós que é así coma debe ser.

Pero é que ademais dispoñemos dunha copia do que sería o convenio solicitado pola Delegación de Vigo da Federación Galega con data de 2004

que inclúe algunhas cláusulas nas que se di, por exemplo: "O Concello de Vigo aportará anualmente a cantidade de 50.000 euros para mantemento das instalacións". Así mesmo, noutra das cláusulas dise que "...25.000 € aportará o Concello de Vigo anuais á Delegación de Atletismo en concepto de gratificación para os colaboradores do estadio de atletismo". Ámbalas dúas cantidades evidentemente sufrirán as variacións pertinentes segundo o IPC. Outra das cláusulas ven dicindo que unha vez que se esgoten estes 50.000 € que proporcionaría o Concello, sería o propio Concello quen se faría cargo de todos os gastos de reparación e mantemento necesarios para o correcto funcionamento das pistas; que os traballos de mellora de calquera tipo serían por conta do Concello de Vigo. Tamén di que "...nin a Delegación, nin a Federación Galega de Atletismo devengarán ningún tipo de taxas por competicións ou subadestramentos que alí se realicen". O mesmo cos ingresos procedentes da publicidade que se poida poñer nestas pistas que serían tamén para a Delegación de Vigo da Federación Galega de Atletismo.

Nós coidamos que existe capacidade suficiente dende o Concello, dende a Concellería de Deportes e dende o Instituto Municipal dos Deportes para que, logo de tanto tempo e por fin, estas pistas volten de novo á xestión directa pola parte do Concello coma corresponde. É máis, este convenio que se propón aquí e que non sei por qué en ningún momento se falou del e de feito non se acordou ren, chegaría ata o ano 2016 co que tamén hipotecaría a posible xestión deportiva doutras Corporacións futuras.

Eu entendo perfectamente e son coñecedor de que hai moita xente traballando nestas instalacións a través da Delegación viguesa da Federación Galega, que están facendo un esforzo enorme, que hai moitísimo voluntarismo pero por iso nós coidamos que as cousas hai que comezar facelas doutro xeito. Pódense facer dende aquí, cremos que podemos facer convenios coa Delegación Viguesa, coa Federación Galega de Atletismo e pódense facer outras moitas iniciativas que poderíamos poñer en marcha dende a propia Concellería coma é a de que todos os nenos e nenas de Vigo a través dos colexios de primaria poidan gozar un día á semana destas instalacións, cuestión que non se está a facer por exemplo.

SR. SOTO FERREIRO: Sr. Cotobade, eu discrepo do contido desta moción e o Partido Galeguista lamenta non poder votar a favor por máis dunha razón.

A primeira é que estou absolutamente convencido de que se estas instalacións as recolle o Concello, pasarían ser infinitamente máis caras

en todos os sentidos e coidamos que non para dar mellor servizo, sinceramente.

Outra cousa son algunhas melloras de xestión que propón, na miña opinión acertadamente pero coido que iso sería perfectamente recollible nun convenio a establecer entre o Concello e a propia Delegación da Federación que penso que está funcionando moi ben; a Federación de Atletismo en Vigo en xeral e historicamente ten un comportamento que xa me gustaría que tiveran outras Federacións.

Dito isto, eu coido que o convenio que se subscribiu no seu día é manifestamente mellorable; aí doulle completamente a razón.

Eu escollería ese camiño, pediríalle ó Goberno municipal porque coido que este é un tema da competencia da Xunta de Goberno Local, e mesmo ofrecería a colaboración dos voceiros, dos especialistas que cada partido teña, para tentar facer un documento que nos deixe a todos un pouco máis satisfeitos que o que hai.

Pero hai un tema principal que hai que dicir así de claro: o mantemento en todos os sentidos das instalacións teno que facer o Concello porque senón iso non hai quen o aguante, sexa o IMD ou o Concello pero non pode ser un particular. Polo tanto por aí non aforrariamos nada e en troques si que poderíamos ter custos máis gravosos dos que xa temos.

Por ese camiño de diálogo entre todos, se o Goberno acepta facer un prego axeitado e no seu caso, logo das conversas que realicemos entre todos, o aceptara a propia Delegación, podería vir unha solución que debera ser mellor do que é porque a verdade é que, tal coma están esas instalacións, a todos se nos tería que caer a cara de vergoña. D. Carlos Cotobade historicamente coñece a súa posición e é un home moi vencellado sentimentalmente ós temas de atletismo dende sempre, é unha vocación nel porque lembro de sempre proposicións del arredor destes temas, pero coido que se nos tería que caer a cara de vergoña do mal mantemento que se lles deu ás pistas de atletismo en Vigo. Aí temos que dicir un "mea culpa" colectivo e que iso non volte pasar e se o asumimos entre todos e producimos as dotacións necesarias, mellor que mellor.

Cando nós presentamos unha emenda ós orzamentos pasados e propuxemos a reconstrucción da pista, parecíanos moi prioritario con respecto a este tema que se presenta que é bo tamén, o proxecto do ximnasio, a mellora das gradas e outras cousas que son boas, que son convenientes. Eu tamén estou de acordo con vostede e, por certo, non intervín na moción anterior e por silencio entenda que estamos de acordo con vostede, sen prexuízo de que se

non hai outro ximnasio os atletas vaian onde poidan pero si que sería máis que conveniente que alí houbera instalacións dese tipo.

Coido que deberíamos estudar entre todos qué instalacións son as que se precisarían alí, estudalo coa Delegación e ver coma podemos ter unha colaboración, que o Concello de Vigo produza eses mantementos ou esas instalacións ex novo e logo a xestión diaria eu deixaríaa nas mans da Delegación cun convenio no que pautase o Concello que é o que quere facer coas instalacións en xeral.

SRA. MOLARES PÉREZ: Gustaríame matizar neste tema que en principio nós, dende o Grupo de Goberno estamos nestes momentos negociando coa Delegación da Federación Galega de Atletismo un novo convenio posto que o anterior era da época do Sr. Soto, do ano 90, rematou o ano pasado, prorrogouse e nestes momentos estamos pendentes de pechar o mellor convenio, tanto para os atletas como dende logo tamén os propios intereses da Corporación.

Ese borrador de convenio proposto pola propia Federación que vostede utilizou na súa intervención, precisamente non está aprobado porque non nos parece dende o Goberno o máis axeitado para pechar e por iso seguimos negociando un convenio que esperamos ter en marcha a primeiros de ano.

Tamén teño que dicir que nós non estamos de acordo cos termos en que está a moción que di que a partir do 1 de xaneiro de 2006 nos fagamos cargo dende o Instituto Municipal dos Deportes destas instalacións e coidamos que ademais tampouco é a liña de todos os partidos políticos porque, coma ben se dicía, con esta situación gobernaron todos os Grupos políticos e coido que ademais a tendencia nesta Corporación foi sempre a de facilitar e integrar tanto ós clubs coma ás Delegacións á hora de dinamizar o deporte, de feito os campos de fútbol están dinamizándose por entidades deportivas. Así mesmo comparto totalmente co Sr. Soto que a Delegación está facendo un traballo extraordinario e tamén asumo esa culpa colectiva de todas as Corporacións de, por temas diversos, non ter investido máis nesas pistas de atletismo nos pasados anos, quizais foi pola polémica de se se trasladaban ou non.

Neste momento nós non estamos de acordo en xestionar directamente dende o Instituto Municipal dos Deportes estas instalacións por algo moi obvio xa que todos vostedes saben, sobre todo os membros do Consello de Administración, que o IMD precisa máis persoal para xestionar as instalacións que neste momento ten que xestionar, precisa máis recursos malia que este ano incrementouse o seu cadro de persoal en 8 axudantes de

mantemento e que ademais tamén se incrementou en máis dun 16% o seu orzamento, pero segue sendo necesario incrementar o persoal e de asumir estas instalacións dende logo que non o fariamos mellor que eles. Ademais vostede na súa moción di "mantendo as mesmas condicións de uso para os clubs de atletismo"; haberíao que adaptar tanto á ordenanza municipal coma tamén ó propio convenio colectivo dos traballadores do IMD.

Polo tanto eu pediríalle que reconsiderase esta xestión directa por parte do IMD porque é inviable, o 1 de xaneiro nós non podemos xestionar o IMD. Coido que se pode acadar un bo acordo para todos coa Delegación de Atletismo e acepto as colaboracións do Partido Galeguista e do resto dos grupos á hora de facer o mellor convenio, pero de todos os xeitos coido que dende a Concellería de Deportes seremos quen coa Delegación, con quen mantemos unha boa liña de traballo, de pechar un convenio que sexa bo para todos.

Nestes momentos o convenio que hai é de seis mil cento e pico de euros a min tamén me parece que se precisa incrementar e por iso ímolo facer no exercizo orzamentario pero nas mellores condicións para que os atletas disfruten das mellores instalacións.

Tamén teño que dicir que en canto a que dende a Concellería de Deportes non se desenvolvan iniciativas que posibiliten a achegamento dos vigueses e viguesas á práctica do atletismo, coido que se está a facer un esforzo e ademais atrévome a dicilo diante de xente do atletismo que está aquí. Estase a facer un esforzo considerable por mellorar esas iniciativas, sempre en colaboración cos clubs da cidade, tanto incrementándolles as subvencións, que se incrementaron en máis dun 50%, coma á hora tamén de facer actividades escolares dirixidas a todos os nenos e nenas da cidade e dos seus pais. Por suposto que se pode facer máis e seguiremos facéndoo en colaboración con todos os clubs da cidade.

Dende o Grupo do Goberno e en liña co que dicía o Partido Galeguista preferimos a xestión coa Delegación e polo tanto imos votar en contra agás que lle dea unha volta.

En canto ó tempo do convenio dese borrador tamén cremos que o convenio haberíao que facer a curto prazo, por un ano prorrogable por outro para non condicionar a ningunha corporación, pero seríamos partidarios do seguer xestionando coa Delegación a curto prazo, esa matización si que a tivemos nós en conta para que, nun futuro haxa máis orzamento e máis persoal, ó mellor o ideal é chegar a isto. Pero cremos que neste momento o posible, o

viable e tamén o bo para todos é que se faga un convenio a curto prazo e nas mellores condicións.

SR. COTOBAD TOMBO: Estou sorprendido de todo isto porque, se ben é certo todo o que está dicindo, Sra. Concelleira, non entendo que tendo rematado este convenio hai máis dun ano e aínda por riba a prórroga rematara xa hai tres meses non se fixera nada para que non se estea nestes momentos nunha situación en precario. A situación que temos agora é que para as pistas de atletismo de Balaídos nestes momentos non existe ningún convenio coa Delegación viguesa da Federación de Atletismo nin por outra banda o IMD se está a facer cargo del.

Polo tanto, entendendo todas estas cousas que dixo nas que participo e coas que estou de acordo, hai que mellorar, é certo que ademais o resto dos Grupos políticos coido que estaremos interesados en participar e mellorar ese convenio, pero o que non entendo é porqué non se fixo nada. É máis, eu dispoño dalgúns escritos remitidos pola Delgación viguesa da Federación Galega ó Concello, á Concelleira e á Alcaldesa instándolles a ter unha reunión para solucionar este tema.

Como nós vemos que pasou un prudencial tempo de tres meses e non se fixo nada, daí a nosa moción que seguemos mantendo porque non é obstáculo ningún para, unha vez aprobada esta moción e dentro de 3 ou 4 meses ou cando se coide conveniente, logo de mantidas esas conversas e arranxado o asunto se chegue a un acordo con esta Federación, pero pode ser logo de aprobada esta moción, coido que unha cousa non quita a outra.

Tamén quería agradecerlle ó Sr. Soto as súas verbas pero tamén dicir que estamos tirando pedras sobre o noso propio tellado se dicimos que xestiona mellor a Federación Galega ca nós, estamos dicindo que nós somos moi malos xestores. Eu levo moi pouco tempo nesta Corporación pero a miña intención é que se melloren entroutras cousas estas cuestións. Coido que se dende a Concellería de Deportes se fai un esforzo se pode mellorar en colaboración, non digo que non, coa Federación Galega coma con calquera outra Federación deportiva.

É certo tamén que antonte, mércores día 21 de decembro, saen xa no DOG estes oito novos postos de traballo para o IMD de axudantes de mantemento, á parte dun administrativo e polo tanto vai haber algún persoal máis. Eu sei que é insuficiente e xa naquela Corporación do 87 ó 91 na que participei instaba dende o IMD, coma vocal veciñal, a que se incrementara o número de traballadores e vostede coma Concelleira de Deportes e o seu compañeiro,

Sr. Figueroa, que tamén o foi, saben perfectamente que en máis dunha ocasión pedín que se incrementara o cadro de persoal do IMD porque o coidaba insuficiente. Pero non só iso, senón que moitas das instalacións deportivas da cidade que están nestes momentos sendo atendidas por persoal que non corresponde ó Concello nin o IMD, voltaran tamén ó Concello. Coido que non pode estar abrindo e pechando instalacións persoal que non ten ningunha relación funcional con este Concello.

Coma moi ben dicía antes, si que se aprobou unha cantidade de 180.000 euros para mellorar as pistas pero, penso eu, non ten nada que ver unha cousa coa outra e polo tanto nós seguimos insistindo.

Con respecto a que se unhas Corporacións fixeron máis e outras menos, eu o único que podo dicir é que a Corporación na que o BNG tiña a Alcaldía estaba atada de pes e mans con respecto a isto porque o convenio xa existía, tampouco se podían facer grandes cousas, había que esperar a que rematara para poder facer outro en mellores condicións.

En todo caso nós seguemos mantendo a moción nos seus termos sen estar en absoluto en contra de que nun futuro o máis próximo posible poidamos ter esas conversas coa Federación e co resto dos Grupos municipais para facer un convenio en condicións de cesión en caso de que se coide necesario.

SRA. MOLARES PÉREZ: Segue dicindo que temos previsto iniciar o exercizo orzamentario con ese convenio que cubra o ano 2000-2006 e que respecto que se poida xestionar polo IMD, repítolle que precisamente esas 8 novas persoas cuxo ingreso se aprobou neste ano 2005, son insuficientes para manter as instalacións que hai neste momento. Vostede sabe iso e ademais foi un acordo unánime de todos os Grupos que se tardou moito tempo en levar a piques. Agora comezamos a incorporar ó persoal pero non podemos engadir a xestión desta instalación, que ademais vostede matiza que nas mesmas condicións de uso dos clubs, é dicir, gratuíto. Neste sentido sería unha discriminación porque neste momento non ten taxa porque está xestionado pola Delegación, pero cando se utilizaron pistas de atletismo había un concepto de taxa e polo tanto si que se empeoraría a xestión.

Ademais en canto a que a Delegación pode facer unha mellor xestión, non é que esteamos descalificando ós nosos profesionais pero é que o noso persoal se adapta a un convenio cuns horarios moito menos flexibles que cando o servizo se explota por unha Delegación que o axeita precisamente ó caso concreto desa Delegación.

Polo tanto nós imos votar en contra e si lle podo garantir que ese convenio de xestión coa Delegación cremos que ten que ter un curto prazo e unhas condicións que teñan en conta a mellor utilización por parte dos atletas.

SR. SOTO FERREIRO: Sr. Cotobade, eu atreveríame a facerlle unha proposición que se a considera oportuna, pode considerala coma emenda ou coma lle pareza.

Sen prexulgar o resultado final das conversas, que a nivel de representantes dos catro Grupos municipais nos sentemos a analizar polo miúdo as distintas condicións das pistas de Balaídos no sentido de ver en primeiro lugar qué instalacións ou qué tipo de mantemento é persoal é necesario. Falo de estudos técnicos enriba da mesa referidos ás instalacións e tamén ó mantemento para recursos humanos. En función diso e logo de analizar os recursos que teña ou non o IMD, conveniencias ou non, tomemos unha resolución porque senón ó mellor podemos precipitármolos. É dicir, tal e coma presentan a moción a min dáme todo o medo do mundo votala, dígollo sinceramente, e estaría moito máis tranquilo se aparecesen datos técnicos dos departamentos municipais que nos permitisen tomar unha decisión un pouco máis acorde.

Insisto que eu o que estou a facer non é prexulgar en ningún sentido o contido da súa moción que quedaría en impase ata que se poñan enriba da mesa dos representantes dos distintos Grupos municipais os informes pertinentes que entre todos queiramos recabar. Á vista diso que tomemos a decisión que coidemos máis axeitada.

A PRESIDENCIA: Parécelle ben, Sr. Cotobade?

SR. COTOBAD TOMBO: Eu manifestei hai pouco que unha cousa non impedía a outra, é dicir, coido que se pode tomar o acordo e inmediatamente poñermonos a traballar para que se fagan as cousas ben. Coido que o dixen hai un momentinho.

(No momento da votación está ausente o Sr. Iglesias Carrera).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con quince votos a favor dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Puente, Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo, Fernández Fernández, Graña Barcia, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Porteiro García, Ruiz Cenicerós, Sío Lourido,

Toba Girón e Vieitez Alonso, e once votos en contra dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima, Soto Ferreiro e a Presidencia, acórdase:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Cotobad Tombo, relativa á xestión directa polo Instituto Municipal dos Deportes das pistas de atletismo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

A seguir e a petición da voceira do Grupo Socialista, Sra. Porteiro García, coa conformidade dos grupos políticos municipais, trátase a seguinte moción do Partido Popular presentada por urxencia fóra da orde do día.

A.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO REQUIRIR Á CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTES QUE MANTEÑA A APORTACIÓN PREVISTA PARA O MARCO NO ANO 2006.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 21 de decembro, o concelleiro do Grupo Municipal do PP, Sr. López-Chaves Castro, formula a seguinte moción:

“O Museo de Arte Contemporánea de Vigo (MARCO) é actualmente un dos museos de referencia da arte contemporánea a nivel español e galego.

Transcorridos tres anos dende a súa apertura, o acerto na súa xestión e na súa programación foi recoñecido coa incorporación de novos patróns, como o Ministerio de Cultura.

Durante estes anos o financiamento do museo tratou de acadar ás necesidades económicas do Museo e á posición dos diferentes patróns na Fundación, ata conquistar unha estabilidade que garante a programación e actividades do Museo.

Nembargantes e por sorpresa, o pasado martes día 20 de decembro o Padroado enterouse que a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia ten a intención de rebaixar a súa aportación ó MARCO, de 300.000 € a 200.000 €. Esta redución impediu a aprobación do orzamento do Museo e pode supoñer unha redución e a desaparición das actividades didácticas e de programación.

Por todo isto o Grupo municipal do Partido Popular presenta para o seu debate e aprobación perante o Pleno, o seguinte acordo:

Requirir á Consellería de Cultura e Deportes da Xunta de Galicia que manteña a aportación de 300.000 € á Fundación do MARCO para o ano 2006.”

A PRESIDENCIA: Sr. Secretario, se todo o mundo está de acordo facemos un cambio que vai solicitar a Sra. Porteiro.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Tiven a ocasión de solicitar ó BNG e á Sra. Alcaldesa polo Partido Popular, non a vostede porque estaba no uso da palabra, Sr. Soto, que se cambie a orde do día e que se trate agora a moción que presenta o Partido Popular sobre o MARCO porque o compañeiro do noso Grupo que quere intervir, o Sr. Arias, ten unha urxencia e ten que marchar; isa é a razón.

A PRESIDENCIA: Estando todos de acordo en primeiro lugar vótase a urxencia.

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito, apróbase a declaración da urxencia ó se acada-la maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2468/86, de 28 de novembro.

DEBATE.- SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: De xeito resumido, a urxencia está motivada porque o acordo do Padroado foi o pasado martes día 20 e nel dise que o Museo de Arte Contemporánea, MARCO, é hoxe un Museo de referencia na arte contemporánea non só a nivel galego, senón que tamén español e mesmo o Ministerio de Cultura vaise incorporar ó Padroado, cousa que agradecemos porque é un recoñecemento á xestión e mesmo á programación deste Museo. Probablemente vaise incorporar no vindeiro mes de xaneiro coma membro deste Padroado cunha aportación económica que rondará aproximadamente os 150.000 euros que supoñen unha importante axuda ó financiamento do Museo e ademais é importante a incorporación dun organismo coma é o Ministerio de Cultura polo que lle estamos agradecidos.

Sen embargo, o pasado martes, 20 de decembro, o Padroado enterouse de que a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia ía reducir a súa aportación de 300 a 200.000 euros, o que supón unha grave alteración en canto ó orzamento

na medida en que ía contemplada a aportación de 300.000 euros e por iso non se puido aprobar o orzamento nesa devandita reunión do Padroado.

Por iso, con ese afán constructivo, con esa idea de apoiar o Museo de Arte Contemporánea, o obxectivo é que todos esteamos de acordo nesta idea de solicitar á Xunta de Galicia, á Consellería de Cultura e Deportes que manteña no ano 2006 esta aportación de 300.000 euros. Como estamos rematando o ano sería importante que esta resposta fose rápida para coñecer esa aportación e determinar a contía do orzamento.

Por iso espero o apoio dos demais Grupos políticos e que se solicite á Xunta de Galicia por unanimidade o mantemento da aportación deses 300.000 euros á Fundación Marco.

SRA. MARTÍNS VILANOVA: Como con ocasión doutra moción anterior presentada tamén polo Partido Popular se dixo nesta sala, benvidos ás mocións, señores do Goberno. Digo isto porque tanto o BNG, como o PSOE, como o Partido Galeguista, para conquistar que dende o Concello se faga calquera xestión ou negociación precisamos presentar mocións e que istas sexan aprobadas. Aínda así, logo destas xestións temos tamén a experieza de comprobar que non se realizan e de que se pasa delas olímpicamente.

O PP e a súa Alcaldesa xa teñen a representación do Concello. A Sra. Alcaldesa é a máxima representante do Concello e Presidenta ademais do Padroado do MARCO e non precisa polo tanto de mocións para levar adiante unha negociación que estreite e fomente as boas relacións coas outras Administracións evitando crispacións que poñan en perigo precisamente os resultados.

Pero o PP non é isto o que persegue, non é o éxito das negociacións neste caso; persegue unha actuación partidaria que se alonxa dos intereses da cidade e que o único que pretende é facer demagogia cun recorte que se debe fundamentalmente a problemas orzamentarios herdados precisamente da xestión do Partido Popular en Cultura cando estaba a cargo desta Consellería. Non temos máis ca lembrar a "Cidade da cultura" que logo de todos os recortes que se puideron facer aínda tivo necesidade de deixar no orzamento 42 millóns dedicados a ela.

A situación que estamos tratando neste momento non dá para este alboroto. En anteriores reunións do MARCO eu sempre vin á Sra. Alcaldesa comprensiva con reducións que se fixeron con anterioridade; por exemplo, no ano 2003 a Consellería de Cultura tiña orzamentados 450.000 euros para o MARCO e malia iso só efectivizaron 301.000 euros. No ano 2004 dos 450.000 euros tamén

orzamentados, só efectivizaron 378.000 euros. No ano 2005 pasaron a 300.000 euros e agora redúcese a aportación a 200.000 e cunha diferenza: que antes non entraba o Ministerio de Cultura, agora resulta que vai entrar como Padrón o Ministerio de Cultura e polo tanto se sumamos as aportacións públicas resulta que hai un superávit de 50.000 euros porque a Xunta reduce 100.000 por razóns que ademais explicita, pero o Ministerio de Cultura entra con 150.000; se restamos hai 50.000 euros máis.

Temos que ter en conta ademais que o día 27 deste mes está previsto asinar un convenio por parte da Consellería da Cultura que vai destinar para Vigo 1 millón de euros para salvar o patrimonio arqueolóxico de Vigo.

Nós imos apoiar esta moción e aínda imos facer máis, imos facer todo o que estea na nosa man por se se pode sacar algo máis para o MARCO, pero non queremos deixar de poñer en evidencia que o PP non se move a prol dos intereses da cidade coma se manifesta nos feitos.

Por exemplo, aquí houbo unha moción do PSOE aprobada por unanimidade, coma sempre, para facer xestións para que a Consellería de Cultura se fixera cargo da xestión do Museo do Mar. Pois ben, non só non se fixo ren por parte do PP, senón que a Consellería convoca unha reunión e convoca á máxima representante da cidade, á Sra. Alcaldesa, así coma ó Delegado de Zona Franca, para tratar este tema precisamente por veren cómo podería entrar aí a Consellería de Cultura e con qué aportación e a Sra. Alcaldesa nin siquiera se presentou, pretendía mandar a outra persoa que non é representante da cidade e que polo tanto non ten poder de decisión. Nada máis, moitas grazas.

SR. SOTO FERREIRO: En primeiro lugar dicir que estou de acordo coa primeira parte da intervención da Sra. Martíns, coido que vostedes son os que en primeiro lugar teñen a capacidade de xestión, a representación para facer as xestións que competan. Agás que vostedes fixeran xestións e realmente déranlle un non por resposta, entón me parecería pertinente que se abeiren no Pleno da Corporación para ter un apoio co que en principio non contarían.

De non ser así vostedes estarían actuando con oportunismo político que podería prexudicar ás relacións do Concello de Vigo con esa Consellería e mesmo coa Xunta de Galicia e a min iso non me parece un xeito de conducirse en política. Insisto en que outra cousa é, que non o sei, estoullo demandando publicamente, se vostedes fixeron xestións coa Sra. Conselleira e ela díxolles que non ían facer ren co MARCO. Entón comprendo que traian

isto ó Pleno da Corporación porque vostedes, polas razóns que sexan, non acadan resultados. Se non é así paréceme unha imprudencia política e dígollo sinceramente.

En canto ó fondo da cuestión nós estamos absolutamente de acordo. Coido que non é de recibo esa retirada unilateral, sen chegar a un consenso cos demais xa que se chegou a un consenso para constituir ese Padroado. Coido que facer iso unilateralmente, fágao quen sexa, é un erro político de primeira magnitude e polo tanto é un erro por parte da Sra. Conselleira, ó mellor por bisoñez porque tamén está aprendendo a desenvolver o traballo do seu cargo, coma nos pasa a todos nun momento determinado.

Pero coma se fala doutras políticas culturais si estamos precisados doutro tipo de investimentos, por exemplo en Castrelos. A pinacoteca onde están os grandes pintores galegos de todas as épocas espero que algún día teña o apoio desta Corporación e ogallá o apoio da Xunta de Galicia, máis concretamente da súa Conselleira.

Tampouco me negaría no futuro se entra o Ministerio e vai coller un monto de aportacións que podería nese caso detraerse..., a min iso non me parecería nada repugnante en ningún sentido, sempre que esa detracción se pasase a Castrelos, por exemplo. É dicir, voulos propoñer nunha moción sobre Castrelos, se hai novas antes pois fantástico, senón dende logo que vou presentar unha moción para que esa irmá pobre da arte, que non o entendo porque en función dos seus contidos é incomprendible, realmente non ten o tratamento que debe ter por parte do Concello e por parte da Xunta de Galicia.

Voltando ó tema da moción, dita está a nosa opinión que en todo caso espero polo dito da Sra. Martíns que en tempo e forma as cousas se reconduzan.

SR. ARIAS MOREIRA: Quero comezar anunciando o noso voto a favor da parte resolutiva desta moción. Quero dicir tamén que subscribo moitas das cousas ditas pola Sra. Martíns.

Efectivamente, na nosa opinión o MARCO leva unha dinámica virtuosa que non debe ser comprometida en ningún caso por estrangulamentos orzamentarios. Nese sentido na propia xuntanza do Padroado realizada o mércores eu mesmo propuxen que a Presidenta, que é a Alcaldesa, se dirixira á Conselleira para tentar arranxar este asunto porque coidamos importante que a aportación da Consellería de Cultura sexa a que estaba comprometida.

É certo que este mesmo Grupo presentou xa, coido que no mes de abril, unha moción que finalmente se aprobou por unanimidade consciente desta situación

de estrangulamento orzamentario que padece esta institución, por manter a súa liña expositiva, nós presentamos esta moción para a entrada do Ministerio de Cultura e realmente estamos moi satisfeitos de que todo isto dera o resultado apetecido e que se substancie esta aportación de arredor de 150.000 euros xa inmediatamente para o orzamento de 2006.

É verdade, nós entendemos os problemas, as limitacións e as restriccións que padece o orzamento da Consellería de Cultura sobre o que efectivamente pesa unha forte hipoteca que ten que ver fundamentalmente co "monstruo" da Cidade da Cultura de Santiago de Compostela. Tamén quero expresar a satisfacción do noso Grupo porque nós presentamos, coido que foi no Pleno ordinario do mes de febreiro, unha moción que se aprobou por unanimidade nun contexto político no que isto da Cidade da Cultura aínda non cobrara a popularidade coma tema que ten neste momento na que denunciabamos o que de anomalía e perversión tiña aquel proceso que aínda foi a maiores porque, realizadas xa as eleccións, no período de interinidade aínda se aprobaron importantes licitacións de obras por noventa e tantos millóns de euros o que na nosa opinión é unha barbaridade.

Entendendo isto, entendendo que pesa unha forte hipoteca sobre os orzamentos da Consellería, engadímonos á moción porque coidamos que a Consellería ten que facer un esforzo polo compromiso que tiña asumido co MARCO de Vigo.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Para clarear un pouco as cuestións hai que dicir que a moción se presenta porque antes do 20 de decembro, malia que existiron tres reunións do Padroado en setembro, outubro e novembro, mesmo en novembro presentouse un anteproxecto de orzamentos, ninguén dixo nada de modificación e polo tanto foi de xeito sorprendente o día 20 e por iso se tratou.

Tamén a Sra. Alcaldesa, coma Presidenta do Padroado, falou nesa reunión de que ía facer xestións coa Conselleira. Efectivamente, o mesmo martes falou coa Conselleira reclamándolle unha resposta urxente porque son os orzamentos deste ano, estabamos no día 20 e era preciso ter unha resposta por recompoñer os orzamentos en caso de que se diminúan ou se modifiquen. A xestión está feita e esperamos a resposta da Conselleira.

Antes deste Pleno esperabamos recibir a resposta sobre o mantemento ou redución da aportación da Consellería de Cultura para estes orzamentos. Por tanto si que existiron xestións, si que estamos esperando resposta e ata agora a Conselleira non contestou.

Agradézoilles a todos os Grupos políticos o seu apoio e o seu voto afirmativo a esta moción.

Tamén hai que dicir que respecto das reunións coa Conselleira en canto ó futuro do Museo do Mar de Galicia, houbo unha reunión, a Alcaldesa ese día non puido ir, ía ir eu na súa substitución pero a Conselleira anulouna porque polo que semella non son representante da cidade aínda que sexa tamén membro do Padroado do Museo do Mar e concelleiro de cultura e, caso de que o Concello tivese que facer esta aportación, sería da Concellería de Cultura pero semella que a Conselleira non quixo reunirse co Concello de Vigo. O importante é a xestión e a Sra. Alcaldesa reúne con directores xerais, non esixe que veña a Sra. Conselleira; en troques a Sra. Conselleira si esixe a asistencia da Sra. Alcaldesa e senón anula a cita porque así foi e o día anterior anulou a reunión para tratar o futuro do Museo do Mar.

Nada máis, agradezo o apoio a esta moción e esperemos que dea os seus froitos. É importante esta aportación, que se manteñan as aportacións dos distintos membros do Padroado ó Museo de Arte Contemporánea porque deste xeito os orzamentos teñen continuidade cos do ano pasado.

Por último, sobre que a aportación do Ministerio de Cultura reduza a aportación da Xunta, eu penso que non habería que reducir aportacións pero de ter que reducir algunha sería tamén a do Concello; tamén poderían reducir o Concello e máis a súa a Deputación pero nós coidamos que non. Por iso agradezo de novo a votación a favor.

SR. TOBA GIRÓN: A diferenza entre as letras, Sr. López-Chaves é moi importante, entre concelleiro e conselleiro a diferenza é un "s" e un "c". Coma Concelleiro de Goberno que fun durante catro anos pódolle asegurar que poucas veces a un concelleiro recíbeo un conselleiro aínda que a diferenza lle pareza tan sinxela coma é a desa letra. Unha persoa que fai xestión política sabe diferenciar entre "s" e "c" pero para iso hai que facer xestión política cousa que vostedes non fan.

Fala vostede de xestión; a xestión que vostedes están facendo no MARCO é a do empobrecemento, son un desastre. No ano 2003 o orzamento do MARCO era de máis de dous millóns de euros, neste momento o orzamento é dun millón e medio aproximadamente, a redución foi dun 60%. Pero lle vou dicir máis, quédese con esta cifra: nos anos de vostedes reducíuse o orzamento do MARCO en 760.000 euros e vostede di que se bloquea ó MARCO por unha redución de 100.000. Qué pasou cos outros 760, Sr. López-Chaves? Ónde estaba vostede,

tremendo xestor, cos outros 760? A qué ven tanto escándalo por unha redución de 100.000, ata o extremo de que vostede declare que vai quedar bloqueado o MARCO?

Sr. López-Chaves, nós imos votar a favor da moción, por suposto, pero nos gustaría que vostede dixera algo cando o Sr. Pérez Varela reduciu non 100, senón 150.000 e vostede non dixo unha palabra, non dixeron vostedes absolutamente ren, nin se atrevían, estaban firmes. Mesmo voulle dicir máis porque aínda que eu era concelleiro con "c" algunha vez reuníme con algún concelleiro con "s", non de xeito oficial, coma vostede pode entender, pero con aquel concelleiro con "s", o Sr. Pérez Varela, falei da finca Mirambell e da necesidade de que a Consellería de Cultura se implicara naquela actuación. Quere buscar nalgún orzamento algún compromiso orzamentario do Sr. Pérez Varela? Non hai ningún e foi mesmo obxecto de debate no Parlamento. Vostedes calaron.

Ó longo dos últimos anos o financiamento do MARCO sufriu unha redución de 760.000 euros e os famosos 100.000 son aproximadamente un 12% desa cantidade, pero se levanta unha campaña arredor do bloqueo do MARCO.

A única campaña é que son vostedes un desastre coma xestores, que non saben de diálogo, nin de entendemento e aquí están os resultados. Hai que falar coas outras administracións, hai que se reunir. Cando a un se lle convoca por un concelleiro ou concelleira ten que ir a esa convocatoria inevitablemente, claro que si, debe ir a esa convocatoria e deben tratarse tamén os asuntos que teñen que ver coa política museística de Vigo.

Non pagaba a pena tanto ruído por 100.00 euros, créanme, esta é a miña opinión e vostedes non están lexitimados porque asumiron unha redución de 150.00 do Sr. Pérez Varela e quedaron en silencio, caladiños.

Pero lles imos votar a favor porque queremos que se cumpran os compromisos para con Vigo.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: De letras sei a diferenza e de números tamén.

É certo que o financiamento do MARCO era inicialmente unha porque mesmo así o contemplaban os Estatutos, un financiamento os dous primeiros anos e logo a ver o que pasaba. A xestión demostrou que non só é todo financiamento, senón que é boa xestión e boa programación e quizais tamén o acerto da Directora do MARCO que acadou que o Museo de Arte Contemporánea sexa agora unha referencia tanto a nivel galego coma español e mesmo coa incorporación do Ministerio de Cultura. Os cartos son importantes pero tamén o é a xestión.

Cando un logo dos anos ten máis ou menos un status quo establecido de aportación das distintas administracións a modificación once días antes de rematar o ano, sen ningún tipo de información, con catro reunións no Padroado e unha dela mesmo falando do anteproxecto do orzamento, esa foi a sorpresa. Non foi buscar o encontronazo, nin sei quen o buscou porque chegaría con chamar un pouco antes para comunicar a redución da aportación. Foi o mesmo día da reunión do Padroado cando nos enteramos desa redución da aportación.

Por tanto si é necesario o diálogo porque se se quere modificar o status quo hai que presentar a proposta e falar. Por iso é necesario ese diálogo e por iso eu dende aquí, dende a templanza e a moderación, falo da aportación ó Museo da Consellería de Cultura.

Tamén hai que ter en conta que iso demostra por un lado a boa xestión e por outro a necesidade de manter o status quo. Deste financiamento xa se falara na anterior reunión do Padroado, díxose que habería un financiamento a máis e por iso os orzamentos se elaboraron tendo en conta iso polo que coido que é importante.

Sobre a redución, efectivamente reducíuse pero tamén o Concello que non foi o PP. Sobre as sucesivas reducións da Consellería de Cultura quero dicir que se mantivo o que figuraba nos orzamentos e os compromisos que existían, os 300.000 euros mantivéronse durante todos os anos, mesmo un ano houbo un incremento de case 90.000 euros por aportación do Xacobeo cousa que agora vai ser difícil porque o Xacobeo, pasa á Consellería de Turismo e significa unha perda para a Consellería de Cultura de case 36 millóns de euros. Por iso quizais non existía ese status quo que agora se quere modificar de xeito sorprendente e sen avisar a ninguén. Non sei se vostedes coñecían esa redución da aportación para o MARCO; nós non, o Padroado tampouco. Penso que por iso é unha demostración da actuación e xestión deste Goberno en canto á obtención de resultados cuns orzamentos que se tentaban equilibrar.

Con respecto "ós caladiños", está ben falar diso. Vostedes falan agora de investimento cultural na nosa cidade, pois o ano pasado o Bloque Nacionalista Galego en materia de emendas á Consellería de Cultura relativas á nosa cidade, non presentou ningunha, non pediu nada para a nosa cidade, nin para a Finca Mirambell, nin para nada, nin nos orzamentos, nin con emendas, nin un só euro. Iso si, para a Costa da Morte ían case un millón e medio de euros, para A Coruña, para Santiago, para Viveiro, para

Marín; pero para Vigo nin unha soa emenda, non houbo que rexeitar ren porque ren se propuxo.

Non quero entrar nun enfrontamento porque coido que a cultura debe unir a todos ós cidadáns, tamén a todos os partidos políticos e unificar as distintas propostas que se poidan presentar para a xestión da cultura, pero si que é necesaria esa aportación porque estamos xa a 23 de decembro e hai que aprobar un orzamento, facer unha programación que non se puido aprobar porque estaba calculada con eses cartos. Non é unha cifra importante pero si pode resultar desequilibrante para a fixación do que deben ser os orzamentos.

En canto ás xustificacións, isto tampouco se xustificou moito. Na partida da Consellería de Cultura de persoal eventual de Gabinete hai un incremento do 72%, 173.000 euros; pódese deducir outra parte daí e vai ó MARCO. Mesmo a partida dende onde se obtía a aportación para o MARCO incrementouse e por tanto eu penso que, dende esa moderación e esa procura do consenso, deberamos todos unírmonos e pensar que hai que establecer un status quo de financiamento. Se ven só do Ministerio de Cultura, estupendo, incrementamos a actividade. Cambiar iso o último mes do ano sen avisar antes coido que non é forma de xestión. É a única crítica e penso que é necesaria unha nova forma de comunicar as cousas dende a Consellería de Cultura.

SR. TOBA GIRÓN: Efectivamente, o ano pasado non houbo ningunha emenda en relación coa Finca Mirambell que sen embargo vostede comprobará nos debates orzamentarios dos anos anteriores. Non había ningunha emenda porque seguramente vostede que se encarga de Patrimonio Histórico tamén, descubriu un proxecto de tratamento dos restos de Mirambell completamente financiado polo Concello de Vigo, periodizado e tapizado e, por certo, no ano 2003 con dotación orzamentaria. No momento no que descubrimos a continuidade da negativa do Sr. Pérez Varela, da Consellería de Cultura, de colaborar connosco tomamos nós a iniciativa, preparamos e fixemos o anteprojecto e periodizamos nos investimentos, no ano 2003 había partida para Mirambell.

(No momento das votacións está ausente o Sr. Iglesias Carrera)

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito, apróbase a declaración da urxencia ó se acada-la maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de

réxime local aprobado por real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2468/86, de 28 de novembro.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, Sr. López-Chaves Castro, instando requirir á Consellería de Cultura e Deportes que manteña a aportación prevista para a Fundación MARCO no ano 2006, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

10.- (296).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE RELATIVA ÁS CAMPAÑAS DE APOIO ÓS OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO DO MILENIO.

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de decembro de 2005, o concelleiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Caballero Míguez, formula a seguinte moción:

“Coincidindo có aniversario da Declaración de Dereitos Humanos de Nacións Unidas, o pasado 10 de decembro máis dunha decena de organizacións non gubernamentais establecidas en Vigo prepararon unha concentración na rúa do Príncipe para defender o impulso dos Obxectivos de desenvolvemento do Milenio e a loita contra a pobreza. O acto supuxo un avance na actividade coordinada destas organizacións, procedéndose á lectura de varios textos significativos daquela Declaración e recolléndose durante varias horas sinaturas de cidadáns que consideran conveniente un maior esforzo e compromiso na defensa dos citados obxectivos.

No ano 2000 a Asemblea Xeral de Nacións Unidas aprobou a Declaración do Milenio, comprometendo a 189 países a traballar para promover a dignidade económica e humana e a igualdade, e para acadar a paz, a democracia e a sostibilidade ambiental. Esta Declaración supuxo que as metas propostas se convertiron por primeira vez en obxectivos específicos de todo o conxunto de políticas internacionais, sinalándose oito obxectivos concretos (cuantificables con indicadores) sobre os que avanzar nun período de quince anos:

- Obxectivo 1.- Erradicar a extrema pobreza e a fame
- Obxectivo 2.- Lograr o ensino primario universal.
- Obxectivo 3.- Promover a igualdade entre os sexos e a autonomía da muller.
- Obxectivo 4.- Reducir a mortalidade infantil.
- Obxectivo 5.- Mellorar a saúde materna.

- Obxectivo 6.- Combatir o VIH/SIDA, o paludismo e outras enfermidades.
- Obxectivo 7.- Garantir a sostibilidade do medio ambiente.
- Obxectivo 8.- Fomentar unha asociación mundial para o desenvolvemento.

Os sete primeiros obxectivos supoñen a redución da pobreza incorporando os seus diversos compoñentes (falta de rendas, educación, saúde, desigualdade de xénero, degradación ambiental), que son importantes de forma individual pero que se deben contemplar de forma conxunta en tanto e canto están mutuamente interconectados. O oitavo obxectivo fai referencia a cómo conseguir os outros sete (incidindo no comercio internacional, no problema da débeda, na axuda oficial ó desenvolvemento).

Esta Declaración de solidariedade constituíu un feito institucional histórico que asume a necesidade de esforzos maiores ante os problemas de pobreza, dignidade, educación e saúde de gran parte da poboación mundial. Os datos falan por si sós. Máis de 1000 millóns de persoas non teñen acceso á auga potable. O paludismo é endémico en máis de cen países e territorios e afecta aproximadamente a 300 millóns de persoas cada ano. A esperanza de vida dun recién nacido nos países pobres do sur non chega ós 38 anos. Nos últimos anos aumentou en 100 millóns de persoas o número de xente que ten que sobrevivir con menos de dous dólares ó día, achegándose ós 3000 millóns de persoas. Máis de 1000 millóns non chegan a dispoñer duns ingresos dun dólar ó día.

Transcorridos cinco anos dende a aprobación da Declaración do Milenio, resulta necesario seguir sensibilizando á cidadanía e ós propios gobernantes da necesidade social de afondar no cumprimento dos Obxetivos de Desenvolvemento, porque de feito detéctanse moitas insuficiencias. Como exemplo das debilidades, pódese apuntar que a media da axuda oficial ó desenvolvemento ronda o 0.25% do PIB dos países doantes, o que está lonxe do 0.7% reivindicado pola ONU dende os anos setenta. Neste senso, o Plan Director da Cooperación Española 2005-2008 relanza o obxectivo da aportación española ó desenvolvemento para así avanzar significativamente cara a meta marcada.

Ó longo deste ano, en España varios centos de organizacións gubernamentais, englobadas na "Chamada global para actuar contra a pobreza", mativeron un programa de difusión que busca a sensibilización e o compromiso social, o que afecta claramente ó ámbito político. Esta corrente ten tamén chegado a Galicia. Deste xeito, téñese solicitado un maior esforzo na Cooperación ó Desenvolvemento, o que conleva en España unha necesaria colaboración entre os distintos niveis de goberno, incluíndo o local. Así mesmo, estes colectivos piden o apoio dos concellos de todo o país para que colaboren na difusión das campañas de pobreza cero mediante o pegado de carteis, distribución de folletos, organización de mesas redondas e actos, e tamén solicitan que se poña nos edificios oficiais unha banda branca como símbolo mundial da loita contra a pobreza.

Resolución

Instar ó goberno municipal a que tome todas as medidas posibles para apoiar os Obxetivos de Desenvolvemento do Milenio de Nacións Unidas dende o seu ámbito competencial. En particular, propónse que se impulsen e faciliten todas as actividades a favor da Declaración do Milenio que sexan programadas polas organizacións non gubernamentais (ONGs) que traballan en Vigo; que se teña en conta o novo Plan Director de Cooperación ó

Desenvolvemento 2005-2008 da Secretaría de Estado de Cooperación Internacional como guía xenérica orientativa das políticas públicas; que cando resulte oportuno se incorpore unha gran banda/lazo branco en lugar relevante do Concello e/ou doutros edificios como símbolo de sensibilidade e vontade có obxectivo de loita contra a pobreza; e que se impulsen decididamente as campañas de difusión dos Obxetivos do Milenio e de "pobreza cero" mediante carteis, folletos, mesas redondas ou conferencias."

A comisión informativa de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, en sesión do día 19 de decembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. CABALLERO MÍGUEZ: Permítanme empezar a defensa desta moción cunha cita do escritor D. Antonio Gala: "A liberdade é unha consecuencia da razón e da sociabilidade, mentres non desapareza a pobreza extrema no mundo non podemos considerarnos libres. Primeiro, eses grillóns han ser compartidos por todos os seres que se chaman humáns calquera que sexa a súa cor, a súa xeografía e o seu grao de civilización. Segundo, un ser humano non poderá ser libre se vive en condicións infrahumanas, mentres quede un só que non poida satisfacer as súas mínimas necesidades a liberdade de todos estará en entredito porque o primeiro acto de liberdade verdadeira será reducir e eliminar esa pobreza extrema. Tal é o fin de "Pobreza Cero" que reuniu a máis de 1000 asociacións españolas e que debería reunir ó mundo enteiro, ogallá sexa así e xa. Non hai nada máis urxente." Antonio Gala. Señores Corporativos, pode parecer lonxano que un tema coma iste veña a unha Corporación municipal. Hai trece días na rúa do Príncipe 14 ONGs viguesas comprometidas co desenvolvemento, facían un acto público de recollida de sinaturas e de lectura dunha serie de comunicados pedindo apoio ás causas e ás medidas para acadar o desenvolvemento no terceiro mundo na campaña do que se supón que é a difusión dos obxectivos do Milenio das Nacións Unidas e da loita contra a pobreza, o que se dá en chamar as campañas de "pobreza cero". Se lle importa ós cidadáns de Vigo, se lle importa a esas asociacións que están por primeira vez tendo unha actividade coordinada nese sentido, esta moción non fai senón traer a Pleno unha cuestión relevante que pide atención pública dende todos os niveis, dende todas as esferas.

Son tendencias sen dúbida internacionais que fan referencia á sociedade e que fan referencia política, pero para solucionar grandes problemas son necesarios pequenos cambios, pequenas decisións de información e de sensibilización, tamén nos Plenos das distintas cidades coma foros de

debate, coma escenarios políticos, plataformas de defensa de argumentos que poden cambiar as ideas e así axudar a dar solucións. As ideas son as bases para facer as políticas e tamén para cooperar en distintas cuestións.

Esta Corporación pode cuestionar, debater sobre o tren de alta velocidade, sobre as autovías, Aqualia, Vitrasa, sobre cuestións de atletismo e pode ser á vez totalmente solidaria e comprometida con causas que requiren da atención de todos.

Se Vigo ten a vocación e a realidade de ser unha grande cidade, ten que estar en primeira liña nas grandes cuestións do mundo. A política ten que ser tamén útil nestes compromisos porque no ano 2000 as Nacións Unidas deron por vez primeira un grande e relevante paso citando e comprometendo a 189 Estados, coa presenza de cento setenta e tantos Xefes de Estado na loita por primeira vez dunha serie de obxectivos que se cuantifican e que ademais se concretan nunha serie de obxectivos, primeiro co obxectivo do 2015, agora co do 2025. Coma di Federico Mayor Zaragoza: "Non poden ser uns poucos, temos que ser todos."

Pois ben, conscientes deses problemas, das restriccións dos orzamentos, as ONGs póñense en contacto coas distintas Corporacións e establecen unha campaña que di "Fala co teu Concello ou Comunidade Autónoma para que colabore na difusión da campaña mediante a pegada de carteis", pídelles que poñan nos edificios oficiais unha banda branca coma símbolo da loita contra a pobreza; realiza accións de incidencia política en todos os ámbitos nos que teñas acceso escribindo, visitando directamente ós representantes políticos coma concelleiros, alcaldes, deputados para que colaboren na difusión da campaña e se comprometan na loita eficaz contra a pobreza. En definitiva, unha exposición real que recolle moitos problemas.

Na exposición de motivos están os distintos obxectivos, problemas reais, problemas graves nunha aldea global na que somos cidadáns globais. Hoxe pola mañá estamos aquí, ás seis do serán podemos estar nesa outra realidade que está moi preto nun mundo no que o transporte ponnos en cada sitio no que queremos estar, tamén nas decisións políticas. Para poñer un exemplo: a malaria, o paludismo que semella algo moi lonxano é neste intre do principio do milenio un dos graves problemas que ten a humanidade, afecta a unha poboación de trescentos millóns de persoas cada ano e sen dúbida hai medidas para apoiar.

Esta moción non ven cunha decisión política estricta, senón que é unha vontade política de cambio de certas cuestións, vontade política que se vincula en dúas cuestións: os obxectivos de Milenio das Nacións Unidas, que

recollen o Banco Mundial e a propia ONU, e o Plan Director da Cooperación Española do 2005 ó 2008 da Secretaría de Estado de Cooperación Internacional. Nun estado das autonomías no que a gobernanza é multinivel, no que hai distintas administracións que teñen que estar comprometidas tamén nestes obxectivos, por exemplo no gasto de axuda oficial ó desenvolvemento. Neste intre os concellos e as entidades locais representan o 5% da axuda oficial ó desenvolvemento total que se fai neste País e por iso hai que facer este chamamento.

Plasmando esa vontade, consciente das limitacións e restriccións orzamentarias á marxe dunha exposición de motivos bastante prolixa e coido que detallada, a resolución que se presenta polo Grupo municipal socialista é: "Instar ó Goberno municipal a que tome todas as medidas posibles para apoiar os obxectivos de desenvolvemento de Nacións Unidas dende o seu ámbito competencial. En particular propónse que se pulen e faciliten todas as actividades a favor da declaración do Milenio que sexan programadas polas organizacións non gurbanamentais, ONGs, que traballan en Vigo. Que se teña en conta o novo Plan Director de Cooperación ó Desenvolvemento 2005-2008 da Secretaría de Estado de Cooperación Internacional coma vía xenérica orientativa das políticas públicas. Que cando resulte oportuno se incorpore unha banda branca nun lugar relevante do Concello ou doutros edificios coma símbolo de sensibilidade e vontade, co obxectivo da loita contra a pobreza e que se pulen decididamente as campañas de difusión dos obxectivos de Milenio e de Pobreza Cero mediante carteis, folletos, mesas redondas ou conferencias.

En definitiva, é unha iniciativa similar ás que se están tomando noutras cidades de España e de Europa e ven a esta Corporación tentando demostrar coma tamén dende ela se é sensible a algo que se reclama dende organizacións non lucrativas de voluntarios da cidade de Vigo.

A PRESIDENCIA: Sr. Caballero, precisamente ese encontro coas distintas ONGs foi co gallo da celebración do día da defensa dos dereitos humanos na rúa do Príncipe. Dende logo non só a imos votar a favor, senón que agradecemos a súa iniciativa.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Arias Moreira e Iglesias Carrera e as Sras. Molares Pérez, Polo Lima e Porteiro García).

VOTACIÓN E ACORDO. Por unanimidade dos vintedous membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal Socialista, Sr. Caballero Míguez, relativa ás campañas de apoio ós obxectivos de desenvolvemento do milenio co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

11.- (297).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE RELATIVA ÓS PROCESOS DE CONTRATACIÓN DE OBRAS REALIZADOS POLA CONCESIONARIA AQUALIA.

De conformidade con todos os grupos políticos que conforman a Corporación, a Presidencia alterou a orde do día tratándose a presente moción entre os puntos 7 e 8 da orde do día, tal coma se reflicte nesta acta.

12.- (298).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE RELATIVA ÁS NOVAS TARIFAS DE TRANSPORTE URBANO COLECTIVO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 16 de decembro, o concelleiro do Grupo municipal Socialista, Sr. Calviño Rodríguez, formula a seguinte moción:

"O día 15 de novembro de 2005 solicitei da Concellería de Seguridade, Tráfico e Transporte unha serie de datos sobre o Servizo de Transporte Público realizado pola empresa concesionaria VITRASA sobre os que ata o momento non teño recibida información ningunha.

Tales datos eran necesarios para a preparación por parte deste Grupo Municipal da súa posición na Comisión Sectorial de Transporte e Xunta Local de Prezos das novas tarifas do transporte urbano colectivo en autobús para o ano 2006.

Ante a convocatoria adiantada das comisión informativas previas ao Pleno da Corporación tamén adiantado para o venres 23 e, ante a previsión de que o Goberno Municipal non teña previsto debater este asunto no Pleno, o Grupo Municipal Socialista presenta o seguinte acordo, por forza xenérico ante a ausencia dos datos e a propia inexistencia de informe-proposta, ó Pleno da Corporación

Que se debata a proposta do Grupo Municipal Socialista e as do resto dos grupos, se as houbese, sobre as novas tarifas de transporte urbano

colectivo en autobús para que poidan ser tidas en conta pola Xunta de Goberno Local."

A comisión informativa de Mobilidade e Seguridade, na súa sesión do 19 de decembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: O 15 de novembro presentei unha solicitude na Concellería de Mobilidade e Seguridade pedindo datos, precisamente prevendo a habitual modificación de tarifas que se fai sempre todos os meses de decembro, para poder ter a información necesaria para tomar un posicionamento o Grupo municipal socialista.

Coma o día 15 de decembro non tiña eses datos presentei unha moción para en todo caso asegurar que se debatira o tema das tarifas do transporte urbano colectivo neste Pleno da Corporación malia que todos sabemos xa, segundo nos informou o Secretario Xeral o ano pasado, que segundo a Lei de grandes cidades é a Xunta de Goberno Local a competente neste tema, pero esperamos que sexa sensible ó pronunciamento da Corporación se é que hai un pronunciamento maioritario.

A verdade é que esta tema xa se tratou na Xunta Local de Prezos e na Comisión de Transporte o día de onte e se presentei a moción con esa urxencia era porque tiña unha viaxe programada a Barcelona e polo tanto non estiven nesas reunións de onte polo que paso a expoñer a nosa posición no Pleno que coido que é onde ese tema, que é importantísimo para un grande número de cidadáns, ten que se debater todos os anos á marxe de que a competencia da decisión sexa da Xunta de Goberno Local.

Para facer a nosa proposta empezo por lembrar que nun Pleno desta Corporación do mes de xullo presentei xa unha moción na que se estudaba o forte incremento das viaxes dos pensionistas tipo 1 e 2 que duplicaban e ata triplicaban o número de viaxes realizadas os anos anteriores. Non é un tema baladí porque naquela moción, e hoxe voltarei dar os números correspondentes a todo o ano, demostraba que se estaban regalando cartos públicos a unha empresa concesionaria por unha deficiencia na xestión deste Goberno do Partido Popular.

Naquela moción quedou absolutamente claro, aínda que non foi suficientemente salientado nos medios de comunicación, que unha medida deste tipo o que traía consigo obviamente era unha deixación das obrigas que ten este Goberno municipal de administrar ben os cartos públicos.

Naquela moción presentei só un tema significativo pero que me parecía de especial sensibilidade que era que, en compensación por ese incremento importantísimo dos ingresos de Vitrasa sen que lle custara á empresa absolutamente nada, polo menos se ampliara o horario nos días laborais e por suposto que se puxera o servizo de autobús para persoas con mobilidade reducida, o coñecido coma PMR, as fins de semana precisamente naquelas datas para que o puideran utilizar xa nos meses do verán e ademais que se influira sobre a empresa concesionaria para que adquirira outro PMR.

Lamentablemente puxen aquilo coma unha cousa que era realmente barata, era cuestión de tomar unha decisión, de sensibilidade con esas persoas con mobilidade reducida, non quixen entrar en temas de incrementar a frecuencia do transporte público, dos itinerarios, mesmo do incremento da flota pensando sobre todo en autobuses de menor número de prazas que son absolutamente imprescindibles nesta cidade, precisamente para que se poidan atender determinadas necesidades nas parroquias da cidade que hoxe non poden ser cubertas cos actuais autobuses.

Aproveito porque me chocou que en Barcelona, onde estiven eu estes días, había nos barrios nos que as rúas eran máis limitadas o "autobús do meu barrio", autobuses máis reducidos; coido que é unha medida absolutamente imprescindible cara ó futuro.

Formulaba só aquela cuestión a nivel simbólico e lamentablemente teño que dicir que, aínda que hai o compromiso de que iso se poña en marcha cedo, supoño que para o mes de xaneiro, a realidade é que non hai ampliación de horarios, non se utilizou o PMR as fins de semana, non houbo ningún tipo de xestión municipal que permitise que se cumprira algo no que eu fun moi taxativo, mesmo lle preguntei o Sr. Coello se había ese compromiso para a súa aplicación xa e non houbo de momento ren de ren a ese respecto aínda que hai o compromiso cara a xaneiro. Espero que se faga ben feito e por suposto con publicidade.

Así mesmo aproveito para dicir que estamos aínda esperando por unha campaña de publicidade a prol do transporte público a cargo da concesionaria Vitrasa que está anunciada repetidas veces, cada vez que se fala de Vitrasa se fala da campaña e non a hai por ningunha parte.

De momento semella que non se quere cumprir o acordo plenario e que esa ampliación vai ser só os sábados aínda que o acordo falaba tamén dos domingos e espero que se faga con suficiente publicidade para que as persoas con mobilidade reducida utilicen un servizo absolutamente vital para eles.

Empezo por esa cuestión porque coido que demostra de novo unha incapacidade de cumprir os acordos plenarios, unha incapacidade de xestión que é un tema recorrente lamentablemente en todos os Plenos.

Paso pois á proposta concreta: Hai unha proposta nos prezos das novas tarifas de transporte urbano colectivo que para o billete normal queda nun euro, é unha suba de 5 céntimos debido a que mesmo resulta unha cantidade moi manexable e iso vai facilitar unha cousa vital no transporte público que é a velocidade comercial. Á parte de respostar a unha fórmula polinómica que xa estudaron os técnicos, semella razoable aceptar esa proposta coma xa pareceu razoable hai dous anos que en troques de 91 céntimos fosen 90 para mellorar aquilo aínda que naquel intre non se atendeu.

Estando polo tanto de acordo con esa proposta, quero salientar que xa os números de viaxes realizadas polos pensionistas de tipo 1 do ano 2004 ó 2005 case se duplicou, cando xa se tiñan duplicado o ano pasado de 2003 ó 2004; que o bonobús pensionista tipo 2, que é unha nova de decembro do ano pasado, regalo de Nadal, case se triplicou nun ano pasando de 555.000 viaxes a un millón catrocentos e pico mil, extrapolando por suposto os datos do último trimestre que no están aquí, o que está facendo un tremendo efecto "bola de neve".

O número de viaxes realizadas polos pensionistas coido que é un efecto que pode ser enormemente gravoso para as arcas municipais; era razoable un aumento dun 2%, 3%, 4% do número de viaxeiros pero a realidade é que se está a multiplicar por dous e por tres e ademais progresivamente coma unha bola de neve. Isto fai que este ano lle esteamos regalando por ese incremento do número de viaxes 1.166.000 euros á empresa concesionaria sen ningunha contrapartida. Eu estaría de acordo de haber contrapartidas de mellora do transporte público para xa vemos o rácanos que son mesmo con esa contrapartida do PMR de aumentar o horario que nin siquiera se puxo en aplicación. Sen ningunha contrapartida estamos regalando 1.166.000 euros este ano e o efecto é de bola de neve porque os números o din perfectamente claro.

Se temos en contra outras cuestións coma é o tema da Universidade, coido que o sistema de financiamento de pagamento das lanzadeiras é enormemente lesivo e gravoso para o Concello, o que indica perfectamente outro fallo de xestión porque a Universidade, que compartía co Concello a subvención desas lanzadeiras nun 50%, no último convenio que se tivo que asinar á presa e correndo no mes de abril para ampliar o convenio que se encetou no ano

2000, entende enormemente lesiva esa fórmula na que o prezo coche/quilómetro xoga un papel fundamental e coido que temos que estudar que isto ten que ser modificado porque senón seguirá sendo unha sangría para este Concello. A verdade é que foi unha moi mala idea que esa fórmula polinómica poña o acento nese prezo.

A Universidade pagaba, compartía connosco o 50%, obviamente a Universidade que está cansa de dicir que esa fórmula prexudica claramente ás entidades que están patrocinando ese servizo que favorece exclusivamente á empresa concesionaria, este ano xa só paga o 40%, o ano que ven pagará o 30%, o seguinte o 20%, ata que ó final no 2008 o único pagano sexa o Concello. Outra grande mostra de xestión do Goberno municipal.

Isto non é baladí porque ó mellor a xente, coma non se pon todos os días nos xornais, non sabe que o custo por exemplo do ano 2005 para este Concello do transporte público é de 6.200.000 euros aproximadamente, que son máis de 1.000 millóns de pesetas que estamos achegando ó transporte público, lamentablemente sen unha política coherente de potenciación dese transporte público que concretamente é o que máis me enfada. O feito do orientar o tema do gratis total cara os pensionistas é un tremendo erro de libro e lamentablemente teño que dicir por incapacidade de xestión; non é un tema persoal do Sr. Coello que sabe perfectamente o cariño e a amizade que lle teño, senón que é produto desas decisións "políticas", con carácter pexorativo, que se toman o último día sen ningún estudo técnico e sen ningunha valoración. Pexorativo porque é fundamentalmente electoralista, pasou o ano pasado cos pensionistas tipo 2 e o ano anterior cos do tipo 1, foi unha medida sen ningún tipo de estudo, de clarificación e sobre todo sen contrapartidas do que iso significaba cara a potenciar e mellorar o transporte público.

Precisamente por iso é polo que facemos a proposta concreta de que, estando de acordo co prezo de billete normal nun euro, este ano a suba de 5 céntimos que supón o billete non se cargue coma ven sendo habitual en todos os usuarios dos bonos. Os anos anteriores houbo propostas por parte de todos os Grupos municipais para que tamén se subvencionara ese bono, bono que non se aceptou nunca non xa pagar ó completo, nin siquiera repartir esa suba entre o Concello e os usuarios; este ano a proposta é que esa suba de cinco céntimos no bono normal, no bono estudante e nos dous céntimos do bono do universitario que non a pague o usuario e tampouco, porque é absolutamente vital, que o pague o pagano de sempre: os cartos públicos porque son de todos nós e temos a obriga de administralos ben.

Como á empresa concesionaria lle estamos regalando 1.166.000 euros só este ano, eu propoño que esa suba de 5 céntimos no bono normal, no bono estudante, nos dous céntimos da Universidade que a pague a empresa Vitrasa, é dicir, que non reciba eses cinco céntimos do bono normal e do resto dos bonos o que vai supoñer, coas cifras deste ano que son para as que obviamente estou facendo os números e polo tanto o ano que ven o efecto "bola de neve" da gratuidade dos pensionistas sería maior, supón 500.000 euros, é dicir, un 45% aproximadamente do que xa lle regalamos este ano. Con isto estaríamos facendo unha política de verdade coherente co potenciamento do transporte público. Temos que facilitar que cada vez haxa máis usuarios que utilicen os bonos, que cada vez haxa máis xente que utilice o transporte público polas grandes vantaxes que ten para a mellor organización da vida cidadá.

Como este Grupo municipal non entende que teña que haber un regalo, un malgasto de cartos públicos, é polo que pedimos que por primeira vez xestionen algo a este respecto e traten de sacar, xa que hai aí uns regalos á empresa concesionaria, que tenten xestionar que haxa alomenos algunha contrapartida e ista é realmente pequena. Obviamente para malgastar, regalar os cartos públicos coido que non pode haber o apoio deste Grupo municipal.

SR. VIÉITEZ ALONSO: Sincieramente o que é un pouco lamentable é que cheguemos a esta altura do ano, practicamente a finais, con este debate. De se convocar antes a Xunta Local de Prezos e a Comisión poderíamos estar noutras circunstancias e non debatendo practicamente o último día e máxime, como xa manifestamos na propia Xunta Local de Prezos, que nós observamos en primeiro lugar que non se fixeron os deberes e en segundo lugar que en absoluto compartimos o criterio que vostedes utilizan por un sinxela razón: se ben no caso concreto do billete ordinario si compartimos a súa e así o manifestamos no seu momento, vostedes trasladan dun xeito moito máis desproporcionado a suba ó resto do bonobús.

Coincidindo todos, ou iso semella, en que debemos potenciar o transporte público e para non me alongar non vou salienta os beneficios de utilizar o transporte público, o que si é certo é que con esta proposta vostedes non o fan senón todo o contrario e é curioso ver a evolución do incremento de pasaxeiros que o utilizan porque iso ven demostrar que as políticas que no seu momento tomamos, en concreto do ano 2000 e sobre todo no 2001, que demostraron que fomos quen de paralizar a sangría de viaxeiros que

estabamos padecendo e recuperar de xeito continuado pasaxeiros. Polo tanto ese potenciamento do transporte público se ve no incremento cotiá de pasaxeiros. É máis, estou plenamente convencido que para o vindeiro ano imos pasar a barreira mitolóxica dos vinte millóns de pasaxeiros o que abonda nas medidas que no seu momento tomamos.

Ven demostralo entroutras cousas porque vemos unha progresión xeométrica do que poderíamos chamar as viaxes propiciadas polo billete de transferencia. Estamos vendo que neste ano, incluído novembro, estamos xa en 1.039.048 viaxes feitas co billete de transferencia.

Está demostrado polo tanto que se nós somos quen, coma así llo manifestamos ó Concelleiro de Tráfico, de fomentar unha campaña moitísimo máis agresiva para o uso do transporte público, dende logo que as repercusións van ser todas positivas.

Agora ben, vostedes cambian as tornas e o único que fan é cargar dun xeito desproporcionado o incremento no bonobús e se ben é certo que aplican a fórmula polinómica que practicamente se corresponde co IPC do transporte e suben un 5,26% no billete ordinario, o que non ten xustificación de ningún tipo é que no bonobús normal utilicen un incremento dun 7,35%, no bono de estudante un 7,69%, no bonobús universitario un 6,38%. Nin tan siquera hai coherencia na proposta que traen. Nese sentido o único que fan é conxelar a aportación ó bonobús e pola contra cargar aínda máis no tramo que se debera potenciar coma é o bono nas súas diversas modalidades.

Nese sentido temos que coincidir no incremento do billete ordinario porque non hai ningunha xustificación en que non se utilice o bonobús fóra dunha persoa que acabe de aterrizar e non coñeza como funciona o transporte nesta cidade, pero si no resto e coido que aí vostedes erran totalmente porque mesmo van contra os propios datos, xa que estamos recuperando pasaxeiros iso significa que debemos profundar máis na campaña e nas medidas, nas políticas que no seu momento alegamos.

Polo tanto nós en absoluto compartimos a súa proposta e imos votar a favor da proposta do Partido Socialista.

SR. COELLO BUFILL: Sr. Calviño, xa sabe que o respecto e que lle teño un profundo cariño pero eu estou orgulloso de que os pensionistas do grupo 1 e os do 2 viaxen pola nosa cidade gratuitamente, dígollo con todo o afecto do mundo porque sei que vostede sabe moitísimo de transporte; tamén viaxan gratuitamente en Alicante e non sei quen goberna, non me importa; viaxan gratuitamente en Granada, nas Palmas de Gran Canaria, Málaga, Palma de

Mallorca, Sabadell, Santander, Sevilla, Tarragona, Tarrasa... Non sei porqué aquí non poden viaxar gratuitamente e poñemos esa arma arrojadiza enriba da mesa, non o entendo.

En canto á xestión, a estas alturas coido que ninguén dubida que o Grupo de Goberno fixo os deberes en canto ó que é o potenciamento do transporte colectivo e non fixemos nada máis que continuar as liñas que se marcaron por outros Grupos e outros Gobernos noutras ocasións. Impulsamos as liñas de transporte circular, este ano púxose unha nova; creáronse unhas liñas de tráfico restrinxindo o carril-bus, recuperando carrís que estaban abandonados e inutilizados coma é o caso do de García Barbón e para próximas datas lle pode dicir que se implementará algunha liña nova que en poucos meses explicitaremos.

Fixemos unha aposta decidida pola bonificación, gratuidade total para algúns colectivos e acadamos, seguindo políticas de Gobernos anteriores, dar pulo ó bonobús ata xeralizalo coma quedou dalgún xeito exposto nas intervencións que me precederon. Impulsamos o primeiro transporte intermodal bonobús para mellorar a conectividade diferente ó vehículo particular, apoiando por tanto a sostibilidade entre a península do Morrazo, sendo a primeira vez que isto se fai en Galicia.

Sinto que onte vostede non estivera na Mesa do Transporte onde se acordou a iniciativa e tamén, por colaboración co resto dos Grupos, unha campaña informativa que comezará o próximo día 1 de xaneiro, esta campaña xa estaba consensuada co equipo de Goberno.

Coma non se discuten as tarifas eu coido que no tema das subvencións pode haber algún achegamento nalgún punto que explicitarei máis adiante.

Tamén lle quero dicir que a Universidade está onde está e loxicamente é moi importante e numeroso colectivo que a ela se traslada e loxicamente eses convenios asinados deron unha grande satisfacción á demanda por iso coido que os hai que seguer mantendo porque voltar ós CUVI 1, 2, 3 e 4 non tería ningún sentido e efectivamente, apostamos porque os nosos estudantes teñan o mellor servizo e o máis puntual.

En canto ó que dixo da accesibilidade eu discrepo porque chegamos a compromisos que se executarán a partir deste primeiro de ano.

Están incorporados ó transporte urbano na actualidade 77 autobuses de plataforma baixa, en funcionamento 1 autobús PMR, coma vostede sabe, pero se vai poñer en funcionamento outro e non hai ningún máis en Galicia, imos ter dous autobuses PMR que funcionarán a demanda. Ademais coido de xustiza

facer a gratuidade para as persoas de mobilidade reducida, as que vaian en cadeira de rodas e os seus acompañantes.

Por último téñolle que anunciar tamén que fixemos os deberes en canto ás comunicacións; anuncio aquí os contactos coa Xunta de Galicia na procura dun convenio para reordenar o transporte das APC, estamos neste momento en conversas, tivemos moitas reunións coa Dirección Xeral de Transporte, cremos nesa área metropolitana e imos cara algo máis, imos a que sexa Vigo quen lidere a Autoridade do Transporte. Evidentemente esa é a nosa aposta e coma lle digo estamos no tramo final desas conversas que mantemos co actual Goberno de Galicia.

Coma onte non tiven a oportunidade de llo explicitar, non está aquí o representante do Partido Galeguista pero teño que manifestar, así o fago constar e que por suposto quede na acta, o ánimo de consenso nesa reunión e agradecer a intervención do Sr. Soto que propiciou o acordo cos taxistas; quéroo facer e que así quede reflectido.

De acordo con algunhas exposicións que tamén houbo na Mesa do Transporte, coido que fixemos un esforzo moi grande en canto ó que é a subvención e as políticas activas nese sentido. Efectivamente son 1.100 millóns das antigas pesetas pero en principio eu querría, de acordo con algunha intervención que se produciu onte e aproximando o noso esforzo, que sabe vostede que foi inmenso neste sentido porque pasamos dos 850 ós 1.100 millóns, querría presentar a posibilidade dunha postura intermedia entre a súa e a nosa proposta anterior que sería aplicar o IPC xeral ós bonos ordinarios, normais, de estudante e de Universidade co que estamos falando de que no ano 2006 o billete ordinario quedaría coma está en 1 euro, iso non se discutíu, o bono normal quedaría en 0,70, o de estudante 0,67 e o da Universidade 0,48.

Parécenos un esforzo importantísimo pero coido que estamos apostando por aquela política iniciada anteriormente e coa que queremos ser converxentes. Coido que sería xusto que poideramos chegar a ese acordo, Sr. Calviño, Sr. Viéitez e tamén compañeiros do Partido Galeguista, e quérolle dicir que a súa proposta tería un incremento dun 30% que a min me parece inasumible en termos monetarios. Creo que con esta postura intermedia seguiríamos subvencionando ós grupos de bonobús normal, bonobús estudante e o de Universidade e é unha proposta razoable.

Espero da súa moderación que poidamos chegar a un acordo que ó mellor votariamos todos os Grupos favorablemente.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Gustaríame saber, Sr. Calviño, qué proposta vai facer, que me concrete o que imos votar.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Concrétoa totalmente. O tema fundamental é que a suba dos 5 céntimos que ten todo o billete non a paguen os usuarios dos bonos. A proposta, agora modificada polo Sr. Coello, é 0,73 o bono normal, 0,70 o de estudante e 0,50 o de universitarios. Isto supón unha suba de 5 céntimos respecto ó ano pasado que non beneficia para nada ós usuarios dos bonos coma xa sucedeu o ano pasado e o anterior. O que propoñemos é debido fundamentalmente a un cambio sensible nas condicións de relación coa concesionaria porque eu non dubido, sei que hai moitas cidades que en efecto teñen o servizo gratis para os pensionistas e xa dixen aquí que no fondo o meu Grupo está totalmente de acordo con esa medida; eu particularmente teño unha manía co gratis total porque coido que o final é negativo. Só unha viaxe con 10 céntimos que non son nada para o peto supón un uso máis racional, pero ise é un tema absolutamente persoal no que non vou insistir.

O problema é que posiblemente esas cidades cando tomaron esa decisión acadaron contrapartidas. Eu o que lle estou pedindo a este Goberno municipal é que defenda ben os intereses municipais, os intereses dos cidadáns sabendo que está aportando de xeito gratuito, sen que lle custe un pataco á empresa concesionaria á que lle supón un ingreso extra, entón que utilice a súa capacidade de negociación para que haxa contrapartidas e non saia todo dos cartos municipais.

Nese sentido, a proposta que fai agora o representante do Goberno municipal reparte esa suba de 5 céntimos de xeito que non está clarexado pero 2 supoño que os pagarían de novo as arcas públicas porque non se quere atender a esta petición que eu fago. Hai unha posición de negociación cunha empresa concesionaria que se ten un ingreso de 1.500.000, pedirlle que gaste o 40% en subvencionar os bonos coido que non é pedirlle ren porque segue gañando máis de 1.000.000 de euros de regalo, sen gastar un litro máis de combustible.

O que fai a proposta do Sr. Coello é repartir a subida dos 5 céntimos e que paguen 3 céntimos os usuarios e 2 o Concello, esa é a proposta que fai.

Eu mantéñome en que non se ten que gastar nada máis nos bonos de cartos públicos, que haxa unha negociación coa empresa para que non suba o bono público e polo tanto se manteña en 0,68 o bono normal, 0,64 o de estudante e o de universitarios en 0,48; que toda a suba este ano, xa que non se fixo

en anos anteriores, non repercute no usuario co que estamos potenciando realmente o transporte público.

SR. COELLO BUFILL: Eu queredría puntualizar, Sr. Calviño, algo que hai que dicir: se nós aceptamos a súa proposta a empresa non o vai asumir e iso vai saír das arcas municipais porque vai modificar o prego de condicións, vostede sábeo

Entón, por unha banda vostede está dicindo que son 1.100 millóns e que eu pretendo rebaixar a súa proposta e vostede incrementaa.

Nós non imos admitir esa proposta pero se vostede se compromete a que a asuma a empresa, eu votareille a favor agora mesmo porque lóxicamente eu quero o mellor para as arcas municipais e para a cidade pero chego ata onde chego.

SR. VIÉITEZ ALONSO: Coido que estamos falando dunha cousa moi seria en todos os aspectos porque entroutras cousas falamos dunha política de redistribución da renda e o transporte público precisamente vai neses termos.

En todo caso eu pediría un receso de cinco minutos para saír os catro Grupos municipais para se é posible cando menos tentar achegar posturas, se lles parece ben, senón seguimos cara adiante pero cada quen coa súa responsabilidade.

SR. COELLO BUFILL: Agradezo profundamente a súa intervención, Sr. Viéitez, eu pñoome ó seu dispor e se os voceiros do resto dos Grupos queren participar, por suposto.

A PRESIDENCIA: Se pode ser en dous minutos mellor.

Sendo as trece horas e vinte minutos, a petición do concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Vieitez Alonso, interrúmpese o Pleno da Corporación durante cinco minutos a fin de manter unha xuntanza os representantes dos grupos municipais para acadar unha proposta unificada.

A PRESIDENCIA: Chegouse ó acordo de ter unha reunión posterior, non é así, Sr. Coello?

SR. COELLO BUFILL: Chegamos a un acordo os Grupos para reunírmonos coa concesionaria o máis axiña posible para, de acordo cos argumentos expostos, tentar chegar a un acordo coa concesionaria coma dixo o Sr. Calviño.

Proposta formulada polo concelleiro do Grupo Socialista, Sr. Calviño Rodríguez, durante o curso do debate:

Que a suba prevista do 0,05 € no bono normal, bono estudante e 0,02 no bono CUVI, se faga con cargo á empresa concesionaria Vitrasa e non repercuta nas arcas municipais.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Arias Moreira, Iglesias Carrera e Soto Ferreiro).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Reunirse cos representantes da concesionaria VITRASA á maior brevedade posible para chegar a un acordo con respecto á proposta presentada polo Sr. Calviño Rodríguez que se transcribe anteriormente.

URXENTES:

A.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO REQUIRIR Á CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTES QUE MANTEÑA A APORTACIÓN PREVISTA PARA O MARCO NO ANO 2006.

A presente moción, a petición da voceira do Grupo municipal Socialista, Sra. Porteiro García, tratouse entre os puntos 9 e 10 da sesión, figurando así na presente acta.

B.- MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS EN RELACIÓN COS GASTOS DA DEPURADORA DO LAGARES.

ANTECEDENTES.- Os Grupos municipais formulan perante o Pleno da Corporación a seguinte moción:

"Esixir á empresa concesionaria responsable do mantemento da depuradora do río Lagares "Aqualia", aqueles gastos xa aprobados que foran imputables a súa falla de xestión, se pola Xunta de Voceiros se chegase a algunha conclusión nese sentido".

A PRESIDENCIA: Fóra xa da orde do día hai un acordo con respecto ó punto 3 sobre o cumprimento dos decretos da Alcaldía relativos ós gastos realizados para o mantemento da EDAR do Lagares, redactouse unha moción conxunta que se lles parece ben a todos os Grupos asinámola. Lé o propio Secretario do Pleno.

O Secretario Acctal. do Pleno procede a ler o texto da moción que se transcriba nos antecedentes.

(No momento das votacións están ausentes os Sres. Arias Moreira, Iglesias Carrera e Viéitez Alonso).

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a declaración da urxencia ó se acada-la maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2468/86, de 28 de novembro.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polos grupos municipais en relación cos gastos producidos pola depuradora do río Lagares co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

C.- DAR CONTA DE ADDENDA Ó CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES DA XUNTA DE GALICIA, O CONCELLO DE VIGO E A AUTORIDAD PORTUARIA RELATIVO Á CONSTRUCCIÓN DO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS.

ANTECEDENTES.- Con data 16 de decembro asinouse aunha addenda ó convenio de referencia para proceder ó axuste das anualidade para o cofinanciamento das obras relativas ó Pazo de Congressos de Beiramar.

Coa finalidade de axustar o finaciamento dos investimentos ó ritmo real de execución das obras e tendo en conta ademáis que as aportacións feitas, tanto polo Concello como pola Xunta de Galicia, están condicionadas ás certificacións de obra expedidas polo técnico director das obras, son causas suficientes para xustificar a necesidade de facer un reaxuste nas anualidades tanto na aportación de Comunidade Autónoma como na do Concello de Vigo.

Unha vez feito o reaxuste, a Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, a Alcaldesa do Concello de Vigo e o Presidente da Autoridade Portuaria, subscriben a addenda ó convenio suscrito o 5 de agosto de 2004, quedando as anualidades reaxustadas para o ano 2006 co seguinte financiamento:

ANUALIDADE	ACHEGA XUNTA	ACHEGA CONCELLO
2004	1.894	---
2005	3.158.784	2.041.216
2006	4.458.744	2.881.256
2007	5.017.606	3.242.394
2008	5.932.972	3.835,134

A nova financiación tra-la addenda queda do seguinte xeito:

ANUALIDADE	ACHEGA XUNTA	ACHEGA CONCELLO
2004		
2005		
2006	7.619,422	4.922.472
2007	5.017.606	3.242.394
2008	5.932.972	3.835.134

Os compromisos do Concello incluíránse no orzamento do ano 2006 ou, no seu caso, nunha modificación orzamentaria que se tramite ó efecto,

En todo caso, o axuste das anualidades feitas non supoñen ningún prexuízo económico nin orzamentario, xa que a anualidade que tiña prevista o Concello para o ano 2005, financiada con unha operación de préstamo, non consolida no endebedamento xeral, polo que, no ano 2006, podería acudirse a unha nova operación de préstamo para financiar as dúas anualidades (2005-2006).

ADDENDA Nº 1 Ó CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES DA XUNTA DE GALICIA, O CONCELLO DE VIGO E A AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO.

En Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2005

Dunha parte a Excma. Sra. María José Caride Estévez, Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia, facultada polo disposto na Lei 1/1983 do 22 de Xaneiro, reguladora da Xunta de Galicia e o seu Presidente para a formalización deste convenio.

Doutra parte, a Excma. Sra. Corina Porro Martínez, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Vigo, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

E doutra parte, o Ilmo. Sr. D. Abel Caballero Alvarez, en calidade de Presidente da Autoridade Portuaria do Porto de Vigo, na virtude das atribucións fixadas na Lei 27/1992 de Portos do Estado e da Mariña Mercante, modificada pola lei 62/1997.

As partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal necesaria e

EXPOÑEN

1.- Con data 5 de agosto de 2004, asinouse un convenio de colaboración entre ámbalas tres administracións que ten por obxecto "establecer as bases da colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e a Autoridade Portuaria de Vigo para a construción e explotación en Vigo, na Avenida Beiramar, dun Auditorio-Pazo de Congresos, así como dunha zona complementaria que poderá ser explotada conxuntamente co Auditorio-Pazo de Congreso, co obxecto de lle proporcionar sevizos accesorios a aquel e contribuír cos seus rendementos ó financiamento da súa construción e explotación".

Entre outros o apartado 3 da *cláusula terceira, Compromisos da Xunta de Galica*, establece a obriga de contribución para o financiamento da execución das obras de construción do Auditorio-Pazo de Congresos da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes por *un importe máximo de dezoito millóns cincocentos setenta mil euros (18.570.000 €) con cargo á aplicación orzamentaria 0602.332A.762.0, distribuída nas seguintes anualidades:*

- Anualidade de 2004	1.894 €
- Anualidade de 2005	3.158.784 €
- Anualidade de 2006	4.458.744 €
- Anualidade de 2007	5.017.606 €
- Anualidade de 2008	5.932.972 €

2.- O concello de Vigo enviou o anuncio de contratación, por concurso aberto, da concesión de obra pública para a construción e explotación dun Auditorio-Pazo de congresos en Vigo, ó DOCE o día 17.06.2005 que se publicou no DOG do 19.07.05, no BOP de Pontevedra do mesmo día e no BOE do 11.08.05.

As ofertas presentadas atópanse en fase de informe pola Comisión técnica segundo se establece no prego de cláusulas e prevese que o concurso se adxudique no vindeiro mes de decembro. Isto determina a imposibilidade de execución de obra e, polo tanto da súa xustificación, na presente anualidade. Neste orde de cousas, a Alcaldesa de Vigo solicita mediante escrito do 15 de novembro, o traslado das cantidades que non se poden xustificar para o exercizo de 2006.

Procede deste xeito, axustar os compromisos asumidos pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes á realidade de execución polo Concello de Vigo das actuacións que implican libramentos para a Xunta de Galicia. Para isto decídese modificar as anualidades de financiamento, incrementando a anualidade de 2006, nos importes non executados de 2004 (1.894 €) e 2005 (3.158.784 €), e dicir 3.160.678,00 euros.

En consecuencia,

ACORDAN

Subscribir a addenda nº 1 ó citado convenio consistente en modificar o apartado 3 da cláusula terceira do convenio, quedando establecido nos seguintes termos;

CLÁUSULAS

Cláusula terceira.- Compromisos da Xunta de Galicia.

3.- Contribuír ó financiamento da execución das obras de construción do Auditorio-Pazo de Congresos, cunha achega como máximo de dezaoto millóns cincocentos setenta mil euros (18.570.000 €) con cargo á aplicación orzamentaria 54.02.332A.762.0, distribuída nas seguintes anualidades:

Anualidade de 2004	Sen dotación económica
Anualidade de 2005	Sen dotación económica
Anualidade de 2006	7.619.422 €
Anualidade de 2007	5.017.606 €
Anualidade de 2008	5.932.972 €

En proba de conformidade, asinan a presente addenda estendéndose por cuadruplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

DEBATE.- SRA. PORTEIRO GARCÍA. Non é un tema que se somete a votación, é dar conta e por iso nós queremos anunciar que coidamos pertinente a proposta que se fai dende o equipo de Goberno porque entendemos que non hai máis remedio efectivamente que sexa así como quedou de manifesto tamén na variación do convenio asinado coa Consellería de Política Territorial e a Autoridade Portuaria para manter o crédito orzamentario previsto para a construción do auditorio-pazo de congresos para o ano próximo.

Pero me terá que permitir, Sra. Alcaldesa e señores do Goberno, que un feito así tampouco pase sen ningún comentario maior por parte do noso Grupo porque coidamos que demostra de xeito moi patente unha insuficiencia, unha

incapacidade de xestión do actual equipo de Goberno nun tema que dende hai bastante tempo, mesmo dende cando eran vostedes oposición no ano 2003, consideraban absolutamente urxente.

Queremos facer esta referencia porque cremos importante que este equipo de Goberno sexa coherente e consecuente cando actúa coma Goberno autosuficiente ou cando actúa coma Goberno que pide axuda á oposición e fai reclamos permanentes e chamados ó consenso.

Vostedes foron unha oposición -quéroo lembrar aquí e agora- moi semellante á que estamos escoitando neste momento no ámbito estatal. No ano 2003 cando era oposición ó equipo no que estabamos as persoas que agora estamos deste lado do Pleno, eran unha oposición vociferante, desestabilizadora e crearon unha enorme crispación na cidade; lémbreme moito ó clima que estou escoitando e vivindo coma Deputada en Madrid e coma cidadá sen máis.

Agora nós estamos na oposición e coido que estamos dando un exemplo e este Pleno paréceme unha demostración palmaria de oposición responsable e eu diría que exemplar. Non podo deixar do dicir. Vostedes non dan feito e cando é así piden axuda e consenso. Non fixeron nada no tema da depuradora e téñeno que resolver gobernos socialistas, progresistas, neste momento na Xunta e en Madrid. Non presentan un orzamento para o ano próximo á data do día de hoxe que estamos rematando o mes de decembro. Montan todos os problemas de Vigo sempre nunha estratexia de poñer a pelota no tellado de alguén que o ten que resolver pero cando hai algo que é competencia estrictamente municipal non hai xestión e este é un magnífico exemplo diso: algo que no 2003, mes de agosto a Voceira da oposición e agora Alcaldesa dicía que requiría dunha derruba urxente porque había un perigo inminente de desgracia social para esta cidade, segue coma segue.

Señores do Goberno, o Grupo socialista seguerá sendo responsable e apoiará decisións coma ista pero francamente non podemos compartir ou que isto semelle un apoio á súa xestión.

Vostedes vannos presentar os orzamentos fóra de prazo. Na pregunta que lles fixo a miña compañeira e voceira nese tema, Sra. Graña, practicamente viñan lembrar á xa non presente nesta Corporación, Maite Fernández, cando dicía: "estamos niso"; pois estamos niso e estamos fóra de prazo, non sei coma llo explicar. O tema da xestión en materia de urbanismo acaba de ser obxecto dunha reprobación que vostedes ben coñecen.

Vostedes non están neste momento facilitando un debate orzamentario por exemplo, para poder clarexar e esixir contas de qué fixeron co crédito que lles demos o ano pasado coa nosa abstención para poder facer a súa política

porque non a teñen, porque non teñen xestión propia. Polo tanto, que serva este motivo do Pleno para que quede clara a nosa posición sobre o que pensamos da súa forma de facer xestión no Concello de Vigo.

Querería dicirlles unha cousa a respecto do orzamento que coido gravísimo que a estas alturas estea coma está. Estase escoitando, estase comentando (gustaríame que me confirmaran se iso é así) que van seguir recorrendo á Deputación coma balón de osíxeno para poder facer os investimentos que non queren debater coa oposición no debate orzamentario, que mesmo estarían dispostos a unha prórroga do orzamento con esta estratexia.

Pois eu lles quero dicir, señores do Goberno, que vostede están a facer un uso espúreo e partidista da Deputación Provincial, dígoo porque iso está significando que a Deputación Provincial que ten tamén entre os seus obxectivos e de xeito preferente a atención ós pequenos e medianos Concellos que non teñen outras vías máis importantes de recadación propia e de financiamento, estanos axfisiando particularmente ós do cinto da bisbarra de Vigo que non por casualidade son concellos con gobernos progresistas; falo de O Porriño, de Mos, Redondela, Moaña e Vilaboa que están abandonados pola Deputación Provincial.

Polo tanto, non queda máis remedio efectivamente que trasladar este crédito ó ano próximo, así o fixo a Xunta, así o fan vostedes, así será porque así ten que ser. Non queda máis remedio, polo tanto por parte do noso Grupo que entender que isto sexa así, pero non queremos deixar pasar esta ocasión para acusar a este Goberno de facer unha mala xestión e unha xestión que basicamente utiliza a maquillaxe e a responsabilidade no tellado doutras administracións para non facer o que deben.

A PRESIDENCIA: Antes de lle pasar a palabra ó Sr. Figueroa teño que dicir que non quixen seren nin vociferante, nin desestabilizadora porque non o son, pero vostede sabe que o discurso que fixo con respecto a un punto que traemos fóra da orde día non tiña absolutamente nada que ver, pero quixen seren xenerosa con premeditación e alevosía para que vexa que somos dialogantes, que non vociferantes e desestabilizadores e no único que pensamos é no ben común de todos.

Para contestar ás súas palabras ten agora a posibilidade o Sr. Figueroa.

SR. FIGUEROA VILA: Este Pleno ía con absoluta normalidade pero nós non nos imos calar diante de ningunha das acusacións que se fagan dende o Partido Socialista e menos neste tema porque os responsables de que estea coma está

é o Partido Socialista facendo pagar ó Concello de Vigo tres millóns de euros a maiores que non tiña por qué; culpa do Goberno central que vostede apoia coma parlamentaria en Madrid.

Se este tema ten retraso dicimos claramente dende o Goberno que é culpa única e exclusivamente do Partido Socialista porque o proceso de anteproxectos, de exposición ó público, de apertura de plicas está sendo modélico, exemplar, transparente, coa opinión de todos os Grupos políticos na Mesa de Contratación e vostedes non participan porque nin siquiera acuden á Mesa de Contratación, miren vostedes o apoio que lle están dando a este tema que levan tres sesións da Mesa de Contratación sen acudir e non sei por qué o fan, será porque non queren participar na transparencia que está dando este Goberno. É a realidade, Sra. Porteiro, quéixase pero llo teño que dicir, non me quería pronunciar pero levamos catro Mesas de Contratación e acudiron a unha, ás tres últimas non o fixeron.

Os demais Grupos si están participando, están opinando, pedindo informes ós técnicos e estase votando todo o que se está facendo con respecto a este expediente que se ten que facer coa maior transparencia porque é un dos proxectos máis importantes desta cidade. Non lembra vostede cando se torpedeou a cesión de uso dos terreos? Supoño que si o lembrará. Este é o exemplo da ineficacia e do torpedeo que están facendo vostedes con algunhas administracións, diso si que dan exemplo dun xeito claro.

Coma fixeron onte na Plisan en Salvaterra que non invitaron nin á Conselleira da Vivenda que é do seu mesmo Goberno, nin ós Alcaldes, vergoñoso; o Alcalde das Neves optou por non ir á presentación. Ise é o exemplo que vostedes queren dar de talante, de boa aceptación das administracións e de colaboración coas administracións? Coido que non.

Neste tema non é so que fixeramos unha boa xestión, senón que foi brillante, pasa que o problema que teñen vostedes é que isto se vai adxudicar en cuestión de días porque nós poderíamos adxudicarlo esta próxima semana pero o problema é que chamamos a unha Delegada da súa Consellería e dixéronnos que estaba de vacacións e que non ía informar ata o día 8, ¡Qué casualidade! ¡qué colaboración coa cidade de Vigo!

Os membros da Mesa de Contratación saben que este Concello está en disposición o próximo xoves de adxudicar este contrato. Pero a unha chamada de quen lle fala a unha Delegada do seu partido contéstanos que ata o día 8 está de vacacións e que non se move nin un papel. Qué quere que lle faga? Alá vostedes, evidentemente que hai que tomar decisións e ímolo adxudicar.

Vostede aproveitou para falar da Deputación e isto demóstrame que non ten nin idea do que pasa alí e sobre todo con concellos coma o de Vilaboa que o seu Alcalde ten dedicación exclusiva gracias ó apoio do Partido Popular que lle votou os orzamentos. Por qué está dicindo que discriminamos ó Concello de Vilaboa se é dos poucos Concellos onde hai o exemplo claro de que o Partido Popular está apoiando ó Alcalde do Partido Socialista? Iso sábeno os compañeiros do Bloque, non é reproche ó Bloque pero o saben porque o Bloque non está apoiando ó Alcalde de Vilaboa. A dedicación exclusiva do Alcalde de Vilaboa votouna o Partido Popular, o orzamento do ano 2005 votoullo o Partido Popular que non se abstivo e resulta que é un dos Concellos que o propio alcalde mellor relación ten coa Deputación.

Os investimentos da Deputación no Concello de Mos coido que están sendo escandalosos, pasa que vostedes non o queren entender así. Co Alcalde do Porriño coido que hai unha magnífica relación, non é que sexa mala é que unha das mellores relacións. O Alcalde de Redondela, don Emilio González, que é un dos Deputados, non fai ningunha manifestación neste senso.

Vostede quéixase agora de que a Deputación está axudando ó Concello de Vigo? Qué lles quere dicir ós cidadáns, que a Sra. Porteiro quere que a Deputación non axude ó Concello de Vigo? É o que dixo vostede, que nós temos a Deputación para nos axudar. Por suposto que a Deputación nos vai axudar e vai seguir axudándonos porque Vigo ten uns 293.000 habitantes, é a cidade máis importante da provincia de Pontevedra, de Galicia e por suposto que teñen que axudar a Vigo e van seguir axudando a Vigo. A diferenza é que cando vostedes tiñan un Alcalde, a primeira visita oficial do Presidente da Deputación ós dous, tres meses de tomar posesión o Alcalde de Vigo, foi esta cidade e durante seis meses aínda estiveron esperando as peticións porque non chegara ningunha dende o Concello de Vigo.

Nós si imos seguir pedindo e por suposto que tamén imos seguir pedindo a outras administracións. Se a Deputación nos deu este ano uns millóns, os que foran, imos tentar que o próximo ano sexan uns poucos máis e se pode ser os máximos posibles para defender os intereses da nosa cidade, coido que iso é de recibo.

Polo tanto a este Goberno non o van poñer vostedes contra as cordas, baixo ningún concepto porque temos a cabeza moi alta, traballamos con dignidade, dez concelleiros estamos demostrando á cidadanía que somos quen de sacar os problemas da cidade adiante e se vostedes queren axudar supoño que será por responsabilidade pero non estean vendendo continuamente que nos axudan ou

nos deixan de axudar. É un problema de seu, única e exclusivamente do Partido Socialista.

Se o Partido Socialista quere, que vote en conciencia o que crea que ten que votar e se cré que este tema non o ten que votar, non o voten, alá vostedes coa cidadanía; se consideran que Vigo non precisa un pazo de congresos non o voten. Aquí non estamos facendo absolutamente ren, só se cambian anualidades duns anos para outros, non se perden cartos, non se grava a economía deste Concello, non se fai absolutamente nada, é única e exclusivamente unha cuestión orzamentaria, pero alá vostedes se queren seguir con esa teima, nós dende logo temos a conciencia moi tranquila.

Este Goberno de dez concelleiros non tivo orzamento o primeiro ano e sacou a cidade cara adiante. Tivo orzamento o segundo ano porque vostedes se abstiveron, pero se o terceiro non o queren votar non o fagan, non se preocupen que imos sacar esta cidade adiante porque imos ter maxinación e capacidade de diálogo con outras administracións para que invistan na cidade de Vigo.

Vostedes criticaron o pazo de congresos, non me extraña que o fixeran e que o segan boicoteando. Criticaron o prego de condicións, criticaron absolutamente todo pero a conclusión é que Vigo vai ter un investimento, un proxecto de cen millóns de euros con máis da metade de financiamento público pero o máis importante de todo é que o custo para a cidade de Vigo é cero euros, non coma o Verbum que deixaron vostedes, magnífica xestión do Partido Socialista coa que estamos totalmente empufados. É a xestión do Partido Socialista a do Verbum que cada día ten máis gastos? Non o fixo o Partido Socialista?

Sra. Porteiro, se vostede pensa que con ese discurso vai acorrallar ó partido do Goberno non vai ser así baixo ningún concepto, sen prepotencia pero coa cabeza alta, con dignidade e co traballo de todos os compañeiros deixando o máximo que temos, por suposto que con erros porque cometemos moitos erros, pero erros humáns, os que comete todo o mundo cando fai xestión pero os resultados están aí, o financiamento acadado doutras administracións está aí. Se quere un día rétoa a vostede nun Pleno a un debate dialéctico con datos, con números. Sabe vostede o que son as consignacións orzamentarias?

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, é falar de temas que non teñen que ver con isto. Vaia rematando.

SR. FIGUEROA VILA: O único que temos claro dende o Goberno é que imos seguir traballando, sacando os proxectos adiante.

O problema que ten agora o Partido Socialista é dunha certa frustración política. Como lle argumentan agora vostedes á cidadanía que un Goberno con dez concelleiros está sendo quen de sacar proxectos cara adiante? Moléstanlles as humanizacións do centro pero agora xa non son as do centro, a Travesía de Vigo tamén lles molesta, as do rural tamén e agora resulta que a última é que tamén lles molesta que a Deputación de Pontevedra invista na cidade de Vigo; lamentable, Sra. Porteiro, que unha representante deste Concello poida dicir que unha administración está invistindo de xeito discriminatorio en Vigo e dun xeito que vostede coida non correcto, lamentable.

Coido que calquera representante do Concello de Vigo deberíalle dar as grazas á Deputación por ter un Presidente que claro que nos está apoiando dun xeito claro, pero empezou con vostedes porque a súa primeira visita institucional foi con D. Ventura Pérez Mariño e aínda a día de hoxe está esperando as peticións do Sr. Pérez Mariño porque non chegaron alí.

A PRESIDENCIA: Xa demos conta deste punto da orde día, non se vai falar máis de temas que non lle corresponden a este Pleno.

Sr. Alonso, quero que comprenda que este non é un debate do punto da orde do día, só din a oportunidade de respostar á persoa á que se estaba facendo alusións. Polo tanto imos dar isto por pechado e pasamos ó punto 13 da orde do día.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Entendo que vostede queira pasar deste asunto e non vou entrar en debate pero non podo admitir que se reinterpreten as miñas palabras e queden ditas de xeito inexacto e incorrecto porque iso queda logo na opinión pública.

A PRESIDENCIA: Non, Sra. Porteiro, dixen que non se vai continuar cun tema que no corresponde ó Pleno; deixeielle durante toda a súa primeira intervención falar de temas que non tiñan que ver, respostóuselle e aquí remata o debate. Vostedes poden en futuros Plenos facer as mocións correspondentes cos temas que vostedes queiran pero este tema hoxe queda rematado.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Sra. Alcaldesa, pido o amparo da Presidencia porque coido que están vulnerados os meus dereitos. Pido o amparo da Presidencia para que as miñas palabras non queden rexistradas, nin na acta, nin diante das testemuñas que están aquí dos medios de comunicación falseadas e terxiversadas coma as dixo o Sr. Figueroa. Que se respecten en sentido estricto as cousas que eu dixen e non a interpretación que o Voceiro do Partido Popular fixo porque faltou á verdade.

A PRESIDENCIA: A súa intervención queda rexistrada e gravada coma vostede sabe e todo o mundo a pudo oír.

Do anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación quedando enterado.

13.- (299).-ROGOS E PREGUNTAS.

* PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELEIRA DO GRUPO DO BNG, SRA. MARTINS VILANOVA RELATIVA Á XORNADA DE TRABALLO "A LINGUA GALEGA ANTE OS NOVOS RETOS SOCIO-ECONÓMICOS E COMUNICACIONAIS".

SRA. MARTÍNS VILANOVA: O Servizo de Normalización Lingüística do Concello, xunto co Servizo de Normalización da Universidade de Vigo acordaron hai tempo organizar unha xornada de traballo que se desenvolveu onte titulada "A lingua galega ante os novos retos socio-económicos e comunicacionais". O caso é que a Universidade de Vigo organizou todo, avisou e concertou cos conferenciantes e persoas que ían intervir nas mesas redondas e antreles contactan co actual director da Televisión de Galicia, Suso Iglesias, quen manifestou a súa disposición a participar nestas xornadas.

Cos posterioridade e para sorpresa de propios e estranos, un dos profesores da Universidade de Vigo participante na organización do acto, tivo a desagradable tarefa de lle comunicar ó director da Televisión Galega que xa non era necesaria a súa colaboración por non ser ben vista polo concelleiro de Cultura, Sr. López-Chaves, cunha desculpa absurda consistente en algo así que, aínda que se trataba de comunicación, como a Televisión Galega xa o facía todo en galego non era necesaria esta opinión.

Ante unha cuestión tan penosa no referente ás forma e máis grave aínda se nos imos ó probable fondo da cuestión, é polo que fago a seguinte pregunta: Cáles son a razóns para actuar dun xeito tan bochornoso, vetando a participación dunha persoa de recoñecido prestixio, con moito que aportar no tema da lingua galega ante os novos retos socio-económicos e comunicacionais e creando un malestar gratuïto entre institucións.

A PRESIDENCIA: Respostaráselle por escrito.

* PREGUNTA DA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SRA. MARTÍNS VILANOVA SOBRE CUMPRIMENTO DA ORDENANZA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA NO CONCELLO.

SRA. MARTÍNS VILANOVA: Esta pregunta fai referencia ó recorrente tema da lingua neste Concello. No ano 2004 fixen unha pregunta no mesmo sentido e relacionada con publicacións.

A pregunta era: Incumpre o Goberno municipal a mantenta a ordenanza porque é contrario a potenciar o emprego da lingua galega e desenvolver accións encamiñadas a recuperar o uso do noso idioma ou ben estamos ante un caso de deixación e descoñecemento da normativa?

A resposta da Alcaldesa foi: "Neste sentido indicarlle que a intención deste Goberno no seu conxunto é dar cumprimento a devandita ordenanza e así o están a facer a totalidade dos seus membros. En todo caso veño de comunicar ós departamentos que xeran algún tipo de publicidade a obriga de dar cumprimento estricto á Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Vigo". Ano 2004.

Ante esta resposta e por variar un pouco a pregunta, agora pregunto: Mente vostede a mantenta cando resposta ás miñas preguntas nese tema? Porque non temos máis que comprobar no Pleno o incumprimento da ordenanza, ou ben non lle fai caso ninguén cando dicta todas estas instrucións?

Presento esta cuestión polas novas axendas que están en todos os idiomas menos en galego.

SR. TOBA GIRÓN: As axendas que correspondían ó Grupo municipal do BNG xa están devoltas. Esperamos que rectifiquen.

A PRESIDENCIA: Respostaráselle por escrito.

* PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SRA. BERMÚDEZ PÉREZ, RELATIVA A CELEBRACIÓN DE FESTAS NO FIN DE ANO.

SRA. BERMÚDEZ PÉREZ: Sinxelamente sinalar que nos atopamos nunhas datas nas que é común realizar diferentes festas de celebración, especialmente o día 31 de decembro no que corresponde á festa de Fin de Ano, unha festa na que maioritariamente os seus usuarios son mozos e mozas da nosa cidade que acuden a determinados locais cunhas determinadas características e servizos para celebrar a entrada dun novo ano.

O día 17 publicouse nos xornais un Bando do Concello onde se informaba sobre o regulamento ó que se teñen que suxeitar esas festas. Igualmente informábase que a autorización para que un local dea unha actividade diferente á que ven marcada na súa licenza a ten que dar a Consellería de Xustiza. Tamén na prensa se informaba de que non existiu ningunha petición de locais que teñen un uso diferente para dar estas festas. É dicir, non se van poder celebrar festas de Fin de Ano nesta cidade en locais que actualmente se atopan en desuso ou que son usados para fins diversos; enténdese que só se poderían celebrar en pubs, discotecas e locais deste estilo.

Dito isto, tamén quero dicir que o control de que así se cumpra correspóndelle ó Concello e, considerando que os mozos e mozas desta cidade teñen dereito a que, se pagan unha entrada para unha festa determinada, se cumpran os requisitos que se deben dar nesa festa e non se dean casos de, por exemplo, aumento da capacidade do local excedendo os límites permitidos, nin casos de festas que non teñan autorización para seren celebradas coas que uns poucos, dun xeito bastante deshonoroso, tentan lucrarse de cidadáns de Vigo, entón a pregunta é: qué tipo de medidas se van desenvolver dende o Concello para que esta situación se encadre dentro dos límites legalmente permitidos?

A PRESIDENCIA: Respostaráselle por escrito.

INTERVENCIÓN DO SR. ALONSO VAZQUEZ: Como antes non me deixou falar quero dicir que houbo antes un tema que sacou a Sra. Porteiro que me molestou moitísimo. Non podo entender como sendo concelleiro do Concello de Vigo se

pode poñer en dúbida a actuación da Deputación. Ogallá que nos dea cartos todos os días e dese xeito e moitos máis. Dikir que se imos tirar...

A PRESIDENCIA: Non é un rogo nin pregunta. Feliz Navidad a todos. Bo Nadal.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás trece horas e cincuenta e cinco minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fé do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Excma. Sra. Alcaldesa-Presidenta, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO ACCTAL. DO PLENO,

M^a Corina Porro Martínez

Manuel Xosé Lorenzo Penela.